



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 3

VII lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 29 de xullo de 2005

Presidencia da Excma. Sra. D.^a Dolores Villarino Santiago

ORDE DO DÍA (Continuación.)

Punto único.- Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia e presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia.

Ábrese a sesión ás doce do mediodía.

Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia e presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia. (Continuación)

A señora presidenta explica o procedemento que se vai seguir para o desenvolvemento do debate, de conformidade co acordo da Mesa-Xunta de Portavoces. Así mesmo, informa de que a votación para a elección do candidato se efectuará ás seis e media da tarde, agás que algunha incidencia na sesión obrigase a aprazala. (Páx. 3.)

Intervención de grupos parlamentarios: *Sr. Quintana González (Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego –BNG–)* (Páx. 3.), *Sr. Rego González (Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia –S–)* (Páx. 10.), e *Sr. Fraga Iribarne (Grupo Parlamentario Popular de Galicia –P–)*. (Páx. 17.)

Resposta do candidato: *Sr. Pérez Touriño.* (Páx. 26.)

A señora presidenta suspende a sesión e anuncia que se reiniciará ás cinco da tarde coa réplica dos grupos parlamentarios. (Páx. 37.)

Suspéndese a sesión ás tres da tarde e reiníciase ás cinco e dous minutos.

Reiníciase a sesión coa réplica dos grupos parlamentarios.

Réplica dos grupos parlamentarios: *Sr. Quintana González (BNG)* (Páx. 37.), *Sr. Rego González (S)* (Páx. 40.) e *Sr. Fraga Iribarne (P)*. (Páx. 43.)

Dúplica do candidato: *Sr. Pérez Touriño.* (Páx. 45.)

A señora presidenta anuncia que se suspende a sesión ata as seis e media, hora na que se realizará a votación. (Páx. 50.)

Suspéndese a sesión ás seis e doce minutos da tarde e reiníciase ás seis e media.

A señora presidenta anuncia que se vai proceder á votación para a elección do candidato proposto a presidente da Xunta de Galicia, que a votación será pública por chamamento e que se requiren os votos da maioría absoluta para esta elección. A continuación pídelles ao señor secretario que saque a sorte o nome do deputado ou deputada polo que comezará o chamamento. (Páx. 50.)

O señor secretario (López Vidal) saca a sorte o nome, e correspóndelle á deputada dona María Carme Acuña do Campo. (Páx. 50.)

(A continuación o señor secretario fai o chamamento das señoras e dos señores deputados, que responden “si” ou “non”.)

Votación: Votos a favor, 38; votos en contra, 37.

A señora presidenta fai público o resultado da votación e, obtida a maioría absoluta, proclama elixido presidente da Xunta de Galicia a D. Emilio Pérez Touriño. (Páx. 51.)

Levántase a sesión ás seis e trinta e oito minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás doce do mediodía.

Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia e presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia (Continuación.)

A señora PRESIDENTA: Reiníciase a sesión.

Señoras e señores deputados, corresponde agora a intervención dos representantes dos grupos parlamentarios, que, segundo o acordo da Mesa-Xunta de Portavoces, poderán facer uso da palabra por un tempo de corenta e cinco minutos cada un.

Infórmoos de que, tralo debate, a votación se levará a efecto ás dezaioito trinta horas, sen prexuízo de que as incidencias da sesión obriguen a aprazala momentaneamente.

A primeira intervención correspóndelle ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra don Anxo Quintana González.

O señor QUINTANA GONZÁLEZ: Señora presidenta, señorías, sempre que un goberno adianta unhas eleccións co obxectivo de reter o poder, acaba por perdelo. Hai unha norma non escrita, pero inexorable, na democracia, a cidadanía non perdoo nin o oportunismo nin a manipulación; nas sociedades plurais e libres, os vantaxistas sempre acaban pagando as súas trampas.

Hai tres meses vostede, señor Fraga, adiantaba as eleccións pensando levar todas as bazas na partida. Quixo xogar coas cartas marcadas para manterse no poder a calquera prezo e para facer realidade o soño que sempre acariciou: ver excluído o nacionalismo do panorama político galego. Era o seu último acto de servizo a esa idea caduca dunha España uniformizada na que xa poucos cren, o broche final dunha traxectoria na que moitas veces se ten preguntado que pode facer o país por vostede e moi poucas que podía facer vostede por Galicia.

Fracasou, gañoulle a realidade plural, comprometida e libre dun país que votou cambio e votou cambio galego; votou polo respecto por e para Galiza, polo goberno da verdade e pola rexeneración democrática.

Pero, lonxe de entender o veredicto das urnas e a vontade maioritaria da cidadanía, dedicouse a utilizar o Goberno en funcións na mesma liña de traballo que o caracterizou nos últimos dezaseis anos; iso si, coa urxencia e celeridade que non tiveron en ocasións nas que o país demandaba que o Goberno estivera ao seu carón.

A cada adxudicación, licitación e contratación das últimas semanas, milleiros de persoas preguntábanse que fixeran para que un home e un goberno aos que a cidadanía lles outorgara a súa confianza durante tanto tempo os trataran agora con esa falla de respecto; porque iso é o que fixo desde o Goberno en funcións, faltarlle ao respecto á xente.

Anunciouse na sesión do mércores a intención de trasladar á Cámara, para o seu debate, unha norma para regular o estatuto das persoas que ocuparon a Presidencia do Goberno galego; é un bo exercicio de respecto pola máis alta figura institucional que existe no noso país. Creo que co mesmo respecto e sentido institucional sería bo trasladar á Cámara unha norma que regule de verdade as atribucións dos gobernos en funcións para que sexa ditado por lei o que debería de estar ditado pola ética. É intención do BNG facelo e revisar desde o Goberno as decisións tomadas estas semanas ás costas da cidadanía.

Déixenme que lles diga que onde algúns pensan deixar a terra queimada das súas decisións eu vexo a esperanza, o traballo e a imaxinación que van construír un país novo máis decente, máis xusto, máis libre e máis solidario. O contrato de goberno aberto, transparente e público que vimos de subscribir coa cidadanía galega exemplifica con exactitude o inútil empeño tan pouco democrático por deter ou hipotecar o cambio. Non é a primeira vez que hai conversas, pactos e acordos para conformar goberno, durante estes dezaseis anos tamén os houbo; iso si, ás escuras e sen que soubésemos exactamente nin que se falaba nin para que fin, alén da obsesión de manterse no poder, que non é pouca. A novidade é que agora temos asinado un acordo programático escrito con letra clara, limpa e transparente, un contrato no que nada é alleo nin nada fica vetado ao escrutinio e ao coñecemento da cidadanía.

Ese alento de transparencia, pluralismo e rexeneración democrática que impulsa este contrato de goberno é o mesmo alento de decencia e respecto que revitaliza hoxe a

vida deste Parlamento, tan rebaixada nos últimos anos. É o mesmo alento de limpeza e competencia que vai impulsar unha profunda reforma da Administración pública deste país. O mandato dos cidadáns foi contundente, hai que cambiar un goberno hipertrofiado e ao servizo dos intereses de partido por un goberno ao servizo da cidadanía, un goberno máis pequeno, máis áxil e máis eficaz que remate coa dilapidación burocrática e o clientelismo. É o mesmo alento de verdade que lle vai devolver á xente os medios de comunicación públicos para polos ao seu servizo, que vai rematar dunha vez por todas cos tempos do Nodo ao servizo do poder e que vai pór fin á política de intercambio de silencio por favores e propaganda.

O 19 de xuño perderon a mentira e a manipulación, gañou un mandato de cambio e rexeneración que recolle o acordo de goberno suscrito polo BNG e polo Partido Socialista e defendido polo candidato no seu discurso de investidura, que xa lles anuncio que o imos apoiar.

O BNG concorreu ás pasadas eleccións cun programa que plantexaba un contrato cos galegos con tres eixos básicos: a redistribución de oportunidades para toda a cidadanía, a rexeneración democrática e o respecto polo país. O programa de goberno que vén de presentar o candidato non é ese programa, pero si é un contrato que recolle o espírito substancial da proposta de cambio e rexeneración que o nacionalismo lle fixo á sociedade galega; é un proxecto de goberno compartido que camiña na dirección que entendemos que indicaron os votantes: o camiño da igualdade, o respecto por e para Galiza e a rexeneración democrática.

Podemos e debemos deternos nesta sesión en aspectos básicos da proposta programática do BNG e do contido no acordo do goberno bipartito, pero permítanme que por riba de todas elas, de todas esas características, relate unha característica fundamental da nosa proposta programática: crer no país. Pódolles asegurar que nós o facemos, estamos seguros de ter un país cheo de recursos e posibilidades, un país cun material humano de primeira calidade; somos unha nación con todos os requisitos necesarios para converterse nun país próspero no ámbito estatal, europeo e mundial. Galiza pode deseñar o seu futuro por si mesma, desde as súas propias forzas, e debера ser labor de todas e todos nós poder arrincar da cidadanía galega calquera residuo acomplegado de inferioridade. Contra esa teoría do país pobre, condenado inevitabel-

mente a vivir da caridade do Estado, nace un país orgulloso de si mesmo e aberto ao mundo, un país novo, para iso é o acordo de goberno.

Calquera goberno democrático do mundo ten a obriga de traballar para que os cidadáns poidan exercer os dereitos básicos que como persoas teñen, entre eles o dereito a vivir e a traballar na propia terra. Aquí, nin iso se ten feito: de cada dez novos desempregados, sete son xente nova e con titulación media ou superior; as mulleres galegas soportan a taxa de precariedade laboral máis alta de Europa e cobran, por termo medio, un 40% menos polo mesmo traballo que os homes; e o que é peor, durante os últimos anos, miles de mozas e mozos galegos tiveron que emigrar para buscar noutras terras o que aquí se lles negou.

No contrato de goberno que defendeu o candidato ofrécese un novo compromiso co emprego tal e como demandaron as galegas e os galegos. Dixemos desde o BNG, e mantémolo, que o emprego é o primeiro problema de Galiza, e ten que ser, polo tanto, a prioridade do seu goberno, e nela os primeiros destinatarios teñen que ser as persoas máis desfavorecidas: os mozos, as mozas e as mulleres en xeral.

As políticas dos gobernos anteriores foron un veneno paralizante para a economía galega e para a forza creadora dos nosos emprendedores. A creación de emprego de calidade pasa por cambiar esas políticas económicas e industriais antigas e ineficientes. Hai que liberar os emprendedores galegos do papeleo, da burocracia, da incompetencia e do clientelismo que levan afogando tanto tempo as forzas creadoras da economía galega.

A economía galega precisa políticas económicas e industriais novas, con xente emprendedora á fronte. O contrato de goberno recolle un compromiso explícito coas políticas innovadoras e habilitadoras: políticas que crean oportunidades, políticas que apostan e invisten nos emprendedores e nas ideas.

O mellor motor para a creación do emprego é un goberno que acredite nos recursos do país, que estea disposto a valorizalos e a protexelos e que abra a porta a todos os axentes sociais dispostos a colaborar, investir e arriscar neste labor. Un goberno emprendedor que implemente unha política económica que cree valor intelixentemente, que promo-

va a competitividade e que xestione as oportunidades de creación de riqueza cunha concepción moderna da economía e do emprego. O que crea emprego de calidade é a competitividade e a innovación, non a subvención e a dependencia. Os gobernos que crean emprego son os gobernos que saben conectar e pór en valor a ecuación básica do benestar e que figura como prioridade no contrato de goberno presentado. Educación máis innovación, máis investigación, máis empresa, igual a emprego. Esa nova política económica e industrial para o emprego, baseada na competitividade e na creatividade, necesita e esixe recursos suficientes para financiar a aposta e un auténtico pacto pola industrialización que poña freo á continua deterioración do noso tecido produtivo.

O artigo 4 do Estatuto de autonomía de Galiza establece que os poderes públicos galegos asumen o dereito dos galegos a vivir e traballar na súa terra. O BNG considera que tal mandato non só non foi atendido por este Goberno durante todos estes anos senón que, de xeito aínda máis sangrante, non foi atendido para os galegos da diáspora.

Os dereitos dos galegos da diáspora, os galegos da emigración, foron obxecto de abandono e de manexo partidista. Non houbo vontade de implementar políticas decentes para os nosos emigrantes, pero tamén é certo que, aínda que as houbera, serían políticas sempre limitadas pola actual exclusión das institucións galegas na formulación e na execución das políticas de nacionalidade e emigración para os galegos e para os fillos de galegos. As devanditas políticas resultan de importancia estratéxica non só no referente ás cuestións da nacionalidade senón desde o punto de vista económico e social, por canto o envellecemento da poboación galega é a primeira e máis grande ameaza que pesa sobre o futuro do país.

A nosa posición é coñecida e traballaremos para que se lle transfiran a Galiza a formulación, deseño e implementación das políticas propias de inmigración e emigración interior e exterior no seu territorio, e axustadas á particularidade da realidade histórica, social e demográfica de Galiza.

Galiza debe de asumir as competencias plenas en materia de políticas de inmigración. Galiza precisa dunha política propia de inmigración; as políticas do Estado fracasan e non serven no noso país. Galiza precisa ter políticas de inmigración propias e xestionalas buscando satisfacer un dobre

obxectivo: a xestión de políticas activas de inmigración que busquen, atraian e proporcionen ás nosas empresas o que precisan, recursos humanos formados e de calidade e a xestión de políticas activas de integración laboral e social dos inmigrantes.

Galiza necesita tamén ter unha política propia de emigración para garantir os dereitos dos galegos e das galegas que viven na Galiza exterior, unha política que profunde nos dereitos que como cidadáns galegos teñen os nosos emigrantes. Hai que reformar, ampliar e mellorar o catálogo de prestacións e dereitos sociais dos nosos emigrantes, pero hai que reformar tamén a normativa electoral para que non siga atentando á dignidade e ao respecto que merecen os nosos emigrantes. Hai que mellorar o procedemento do voto dos emigrantes a prol de incrementar as garantías democráticas de personalidade e de secreto do voto.

Como defendemos desde o BNG na campaña, o contrato de Goberno presentado afronta dúas necesidades urxentes para asegurar a prosperidade do país. A primeira refírese ao obxectivo de cambiar a filosofía, os obxectivos e as prioridades coas que se veñen xestionando os fondos europeos para acabar coa dilapidación e o malgasto que marcaron a traxectoria dos gobernos anteriores. A segunda desas necesidades da nosa economía é a demanda de pactar un novo sistema de financiamento que incremente de forma substancial a responsabilidade fiscal e a autonomía financeira de Galiza. Non hai autonomía política real sen autonomía financeira, e nós, lonxe de lle ter medo ao futuro, queremos encaralo con valentía e responsabilidade.

O novo sistema de financiamento, na visión do BNG, debe selar a cesión a Galiza dos impostos que recadan os recursos para impulsar o noso sistema produtivo, desde o catálogo completo de impostos indirectos a impostos sobre sociedades, e xestionalos a través dunha axencia tributaria propia. Hai que acompañar, ademais, todo isto dunha profunda reforma do Fondo de Compensación Interterritorial, porque non se trata de pedir caridade senón xustiza.

Señorías, o cambio galego foi un mandato claro pola igualdade de oportunidades para Galiza e para as galegas e os galegos. Temos o mandato imperativo de reverter anos de machismo, abandono e indiferenza; mulleres pluriempregadas e sobreexplotadas, cobrando cada mes 374 euros menos

que os homes polo mesmo traballo e con contratos precarios que non superan os oitenta días de duración. Por cada home en paro, hai dúas galegas en paro. No contrato de goberno presentado figura de xeito preferente ese compromiso pola igualdade. Este Goberno non pode parar ata acabar co machismo laboral e ver implementados e garantidos dous principios básicos: a igual traballo, igual salario, e, ao mesmo mérito, as mesmas oportunidades.

A posta en marcha de políticas reais de igualdade foi un compromiso do Bloque Nacionalista Galego e será agora unha realidade que vai implementar unha aposta sen precedentes pola mellora da calidade e das prestacións dos servizos sociais e do benestar. O obxectivo é claro: que as galegas, a xente nova, os nosos vellos e os máis febles deixen de pagar a insolidariedade e o machismo das políticas antisociais impulsadas polos gobernos anteriores.

O contrato de goberno presentado recolle o espírito e a vontade que reiteramos na campaña electoral desde o Bloque Nacionalista Galego, unha aposta firme pola mellora da rede de servizos públicos, porque nós acreditamos no Estado do benestar como motor da igualdade e da xustiza. Comprometemos, no programa co que concorremos ás eleccións, unha aposta firme pola educación, traducida no obxectivo de acadar o 6% do produto interior bruto en investimento e en educación, cun 1,5% dedicado á educación e á investigación superior. Todos eses compromisos figuran no contrato de goberno presentado.

O compromiso que adquirimos nas urnas é acabar coa educación de dúas velocidades pola que ata o de agora ten apostado o Goberno. A educación para os privilexiados e para quen pode pagar, onde sobra de todo, e a educación para os demais, onde falla de todo: fallan bolsas, fallan ordenadores, fallan libros, fallan comedores... Por cada 10 euros que se inviste en Europa en educación, en Galiza os gobernos só investían 6. Galiza é a derradeira Comunidade do Estado en investimento en novas tecnoloxías e en sociedade da información. A mellor e a máis segura aposta de futuro do país é a nosa mocidade e a súa educación. O obxectivo agora do novo Goberno é que as xeracións do cambio galego sexan as xeracións mellor formadas de toda Europa.

Señorías, na axenda sanitaria do novo Goberno figura o compromiso de negociar un novo sistema de financiamento

e a débeda histórica provocada polo déficit crónico que arrastramos desde a ruína da transferencia sanitaria no ano 1990 –outro dos seus éxitos, señor Fraga–. O actual sistema é insolidario e ruinoso para Galiza, cómpre negociar un novo sistema máis equilibrado, que contemple as necesidades e a realidade de Galiza: déficit histórico, envellecemento da poboación e custos correntes da dispersión poboacional. O actual sistema, ademais de discriminatorio, ten provocado unha importante deterioración asistencial; unha muller galega ten que agardar máis de oitenta días para ser atendida por un xinecólogo na sanidade pública galega. O compromiso que adquirimos é revertir a política de acoso e derribo á sanidade pública implementada polos anteriores gobernos e derrotar a idea da sanidade-negocio. No contrato de goberno presentado recóllense as claves da proposta sanitaria do BNG, un plano de choque para acabar coas listas de espera, unha nova política sanitaria ao servizo do paciente e comprometida cunha sanidade pública de calidade, ben financiada e que saiba gastar racionalmente.

Galiza ocupa os derradeiros postos do Estado en construción de vivenda pública, vivenda protexida e vivenda de aluguer. O fracaso estrepitoso das políticas de vivenda ata o de agora teñen provocado que por termo medio as familias galegas teñan que adicar a pagar a súa vivenda catro de cada dez euros que gañan. É tempo de abordar o problema de fronte, con políticas integrais e ambiciosas. O contrato de goberno presentado compromete unha verdadeira política de vivenda, tal e como o plantexamos no programa do Bloque Nacionalista Galego. Unha política seria, firme e decidida, que inclúa a creación de 20.000 novas vivendas; a aposta polo aluguer e a primeira vivenda para a xente nova. Unha política de vivenda enmarcada nunha estratexia de posta en valor do territorio, apostando por un novo modelo de xestión do territorio e xestión medioambiental baseado na integración, a sustentabilidade, a humanización, a calidade urbanística e a habitabilidade.

Imos devolverlle á xente a súa paisaxe, o seu patrimonio natural, as nosas rías, os nosos montes, as nosas chairas, e para iso poremos en marcha a política medioambiental máis avanzada e progresiva de Europa. Non hai desenvolvemento económico que mereza tal nome que non vaia acompañado do respecto polo medio natural no que se asenta, e por iso o Goberno promoverá o traslado de Ence, para asegurar que o ciclo produtivo se complete en Galiza e para revalorizar a

ría de Pontevedra como enclave natural e produtivo. (*Aplausos.*)

Dixemos na campaña que queríamos facer xustiza con Galiza e coa Galiza interior. A Galiza interior estivo condenada ao abandono. Construíuse entre Lugo e Ourense unha autovía, é certo, a autovía da indiferenza, o abandono e a emigración. As políticas seguidas co agro desde o Partido Popular foron unha arma de despoboamento masivo que agora cómpre desactivar con políticas activas que aposten polo valor engadido do sector agrogandeiro e pola calidade da vida no medio rural. Hai que equilibrar as oportunidades entre a costa e o interior, hai que devolver a vida e a xente á Galiza interior e converter as súas vilas e pobos en lugares de esperanza e oportunidades, sitios con calidade de vida e onde a xente volte a crer nas súas ideas e nos seus proxectos.

Nós temos un proxecto de igualdade de oportunidades para a Galiza interior, para devolverlle a vida e a xuventude que a Galiza interior precisa. Unha aposta estratéxica pola Galiza interior baseada na posta en valor da súa riqueza e das súas potencialidades, na mellora da habitabilidade, os servizos e a calidade de vida, e na oferta de axudas e incentivos económicos para os emprendedores que aposten polo mundo rural. O rural galego é unha aposta de futuro que precisa unha visión moderna e innovadora, á que responde a creación da nova Consellería do Medio Rural, con dous obxectivos definidos: devolverlle a xente ao rural galego e devolverlle o valor á terra, apostando pola agricultura de calidade, pola gandería, pola posta en marcha de instrumentos revitalizadores como os bancos de terra e unha nova Lei de concentración parcelaria. A desaparición da ineficaz Consellería de Agricultura é o primeiro paso no camiño das novas políticas para a Galiza interior e o final das políticas clientelares e caras que, lonxe de lle engadir valor ao agro galego, quítanllo e provocan o despoboamento e o abandono da Galiza interior, e con iso a multiplicación dos incendios.

Propoño hoxe aquí o mesmo que o BNG propuxo durante todos estes anos. Digamos a verdade sobre os incendios; non aproveitemos a loita contra incendios para sacar peito e facer partidismo; construamos un gran acordo contra o lume e de defensa do monte galego. Propóñolles pactar unha política unitaria de xestión forestal preventiva que vaia sempre un paso por diante dos especuladores do lume, que practique a tolerancia cero cos criminais incendiarios e que

impulse políticas forestais activas que poñan en valor os nosos montes.

Como non podía ser doutra maneira, o contrato de goberno presentado contén unha aposta estratéxica firme pola Galiza do mar e polo futuro do sector pesqueiro, fixando como obxectivo que –coma sempre reclamamos os nacionalistas– Galiza ocupe o papel protagonista nas decisións de política pesqueira da Unión Europea e do Goberno central. Somos a primeira potencia pesqueira e temos que aprender a comportarnos como tal: mantendo a nosa capacidade produtiva actual, acadando a competencia exclusiva sobre o dominio público marítimo e logrando o control galego dos nosos recursos; protexendo as condicións de venda dos nosos produtos e participando nas decisións comunitarias sobre política pesqueira común, hoxe máis evidente que nunca ante un posible novo acordo con Marrocos, no que os intereses da pesca galega poden ficar mal parados.

Señorías, non é posíbel un país moderno sen investir en cultura, sen que a cultura sexa identidade nacional e tamén valor engadido para a economía. Desde o BNG ofrecémoslles ás galegas e aos galegos un novo modelo de política cultural para un país novo. Fronte ao modelo anterior, que puña a cultura ao servizo do poder, presentamos o modelo do BNG: o poder ao servizo da cultura, o poder e os recursos do poder ao servizo da liberdade, da creatividade e da imaxinación.

E temos un compromiso irrenunciábel coa lingua. Somos galegos porque existe a lingua galega. Agora do que se trata é de pór o Goberno ao servizo da lingua e non de utilizar a lingua para liturxias petrificadas. A lingua ten que estar alí onde naceu, no medio da sociedade, no medio do pobo; ser o que sempre foi, o medio habitual de expresión da nosa xente. O contrato de goberno presentado recolle o esencial da nosa aposta pola industria da creatividade que desenvolve todo o noso inmenso potencial creativo; unha aposta con recursos para promover a nosa lingua e a nosa cultura. Galiza é a sociedade máis viva e creativa de Europa, e a responsabilidade do Goberno é aproveitar ese potencial con políticas que saquen adiante a maior aposta feita nunca por lanzar a nivel mundial toda a potencialidade da nosa cultura e da nosa lingua.

O obxectivo é ambicioso pero é posíbel: converter a Galiza nunha potencia cultural mundial. Temos todo o que

fai falla: creatividade, imaxinación e talento. Só cómpre acabar coa dilapidación de recursos e co clientelismo de políticas ineficientes, para que alá, onde haxa un galego cun proxecto, cunha idea, cunha iniciativa a prol da nosa cultura, estea o seu Goberno disposto a investir nela.

Señorías, agora que xa entro na parte final da miña intervención, permítanme que adique un tempo especial de reflexión ao que considero máis importante e prioritario. Estou convencido de que acadaremos ser respectados como nación construíndo un novo Estatuto e conseguindo tamén unha reparación da débeda que o Estado ten con Galiza.

Na oferta política que o nacionalismo lles fixo ás galegas e aos galegos, a reforma do Estatuto era unha prioridade nacional. O contrato de goberno presentado asume esa prioridade e fixa prazos e métodos de traballo como compromentos na campaña. Galiza precisa unha norma básica ambiciosa para afrontar os retos do século XXI e un goberno comprometido coa prioridade de impulsar a elaboración dun novo Estatuto no que caibamos todos e todas, e do que todos e todas nos sintamos parte.

O Estado español vive un momento de metamorfose e cambio que Galiza non pode permitirse perder outra vez por temor, por conformismo ou por conveniencia; e menos por conveniencia dalgunha dirección política dalgún partido en Madrid. O novo Estatuto nacional é a chave para abrir o mellor futuro para Galiza e para as galegas e os galegos. Só quen serve antes os intereses de partido que os intereses dos galegos e das galegas pode intentar confundilos negando a importancia do Estatuto para as súas vidas ou afirmando que nin lles importa nin lles afecta.

¿Como é posíbel que representemos o 70% da produción pesqueira estatal e non poidamos decidir con pleno dereito sobre o futuro dun sector estratéxico para nós como é este? ¿Como é posíbel que teñamos competencias sobre educación pero se siga a legislar con carácter básico desde o Estado para impedir moitas veces a nosa planificación universitaria propia? ¿É que acaso deseñar a nosa propia Lei de costas, ter a nosa propia Policía galega ou decidir sobre o noso futuro enerxético non é falar dos problemas e tamén das ilusións das galegas e dos galegos? Pois, señorías, ese é o novo Estatuto. O novo Estatuto é un instrumento fundamental para solucionar os problemas da cidadanía e acadar o seu

benestar. Canto máis autogoberno teñamos, máis posibilidades de benestar van ter os cidadáns galegos. A Galiza do benestar só se pode construír desde políticas feitas desde Galiza e para Galiza.

Propomos desde o BNG un novo Estatuto de nación deseñado sobre tres eixes básicos: un novo ámbito competencial blindado de interferencias foráneas; unha nova relación de Galiza dentro do Estado español e unha carta de dereitos e deberes dos cidadáns galegos para o século XXI. Debemos redactar un novo Estatuto que delimite con claridade as competencias exclusivas de Galiza. O obxectivo é satisfacer as necesidades da cidadanía galega, e debemos facelo con ambición e sen límites previos. Chegou a hora de que Galiza exerza como nación firme e orgullosa de si mesma, protagonista da súa historia e da súa vida política. Galiza ten que liderar e alentar o debate sobre o modelo de Estado coas súas propostas propias: a vía galega. Respectando sempre o que fagan os demais, pero seguindo sempre o noso propio camiño, pode e debe converterse nun referente inspirador do mal chamado debate territorial do Estado. Deixemos de ser espectadores para converternos en protagonistas. Os métodos e as solucións propias que poñamos a traballar pensando en Galiza, nos nosos problemas e nas nosas necesidades, teñen que abrir unha vía certa e segura para a transformación democrática do Estado español nun Estado plurinacional, aberto, cooperativo e solidario.

O actual Estatuto cumpriu un ciclo e hai que abrir unha nova etapa sen complexos de inferioridade. Fagamos entre todos un novo Estatuto para a Galiza do século XXI, un novo Estatuto para a calidade da democracia galega que reafirme os valores da solidariedade, a igualdade e o desenvolvemento sostíbel, e que mellore o funcionamento das institucións: máis participación, máis control democrático, máis transparencia.

Propoñolles a todos que este debate de investidura saia cun grande acordo de impulso político para avanzar nesta reforma ambiciosa. O novo Estatuto ten que ser de todos. Comprométanse, como fixemos nós na declaración de Rianxo, a aprobar un novo Estatuto cun consenso reforzado, a poder ser sen ningún voto en contra, e a asegurar a súa ratificación nun referendo histórico en participación e en aceptación. É a nosa proposta e defenderémola desde a firmeza e o convencemento, pero tamén desde a certeza de que temos

que chegar a un grande acordo nacional que sexa de todos e de todas.

Convido ás outras forzas políticas, e especialmente ao Partido Popular, a ser ambiciosos. Emprázoos, señorías, a asumir ese compromiso coa tolerancia e o consenso. Pídolle ao Partido Popular que se afaste de calquera estratexia de confrontación que poidan deseñar desde Madrid, e que pense nos galegos e nas galegas, porque, se o fan, seguro, seguro que chegaremos a puntos de encontro.

A nosa proposta é converter a reforma do Estatuto na grande oportunidade de modernización e progreso que precisa Galiza; dotarnos dunha ferramenta que amplíe, mellore e asegure as nosas capacidades para decidir sobre as cousas que realmente nos afectan e nos importan. O novo Estatuto, señorías, pode e debe facerse co material co que se constrúen os soños, como se dicía na inmortal película *O falcón maltés*.

Este país, as súas xentes e o seu Parlamento, van demostrar que temos o que precisamos para construír ese soño xuntos: ideas, compromiso, xente emprendedora, e respecto polo país. Galiza pode e debe ser tan ambiciosa e tan protagonista como as outras nacións do Estado. Galiza ten que dotarse da ferramenta que lle permita ir o máis lonxe posíbel na nova Europa e no novo mundo interconectado e global.

O novo Estatuto ten que ser o que abra as portas dunha verdadeira política de representación internacional propia para Galiza nos ámbitos estratéxicos para o noso desenvolvemento e o noso futuro. Ten que afortalar e ampliar as nosas capacidades para defender os nosos intereses no marco da Unión Europea en todo o que atinxe á política pesqueira, na que somos a primeira potencia de Europa, pero non se nos trata aínda como a tal; en todo o que atinxe a unha política agraria que lastra as nosas posibilidades de competir e producir; en todo o que atinxe a unha política industrial e de competencia que tanto dano lle leva feito ao noso sector naval; en todo o que atinxe á defensa da nosa cultura e da nosa lingua, ás políticas de emigración ou ás políticas de igualdade e de exclusión social. Ese é o novo Estatuto que queremos desde o Bloque Nacionalista Galego e para o que os animo a traballar.

A reforma do Estatuto ten que estar blindada contra o partidismo porque está en xogo o futuro de todos, o futuro

do país. Comprométome a traballar cada día por que así sexa, igual que me comprometo a traballar para que o Estado comece a pagar a Galiza o que lle debe.

O 19 de xuño as galegas e os galegos enterraron cos seus votos ese artefacto propagandístico chamado Plan Galiza, apostaron por un Goberno que traía xustiza para Galiza, que poña enriba da mesa o respecto e a igualdade de oportunidades que se nos debe. Nós temos un compromiso firme de asegurar o respecto para Galiza. Diso falamos cando falamos de débeda histórica; non é unha cuestión semántica, é unha cuestión de respecto. Galiza vai ter un Goberno que con valentía e responsabilidade iniciará o proceso negociador para que o Estado resarza o déficit estrutural galego en educación, sanidade, emprego ou infraestruturas. Ese compromiso figura no contrato de Goberno presentado, recoñécese a súa existencia e fíxanse compromisos concretos, como que o Plan estratéxico de infraestruturas e transportes invista un total do 8% do seu orzamento nas infraestruturas de Galiza. Agora toca traballar para vela satisfeita, tócanos a responsabilidade de afrontar un dos grandes retos da Galiza do século XXI, a igualdade de oportunidade para o país e para as galegas e os galegos.

Señorías, teñan a certeza de que quen lles fala e o nacionalismo van dar todos e cada un dos pasos necesarios para que esa débeda sexa saldada, pero desde o diálogo e desde a firmeza, pagada e cobrada, sen demagogia, sen inventar agravios, e rexeitando en todo momento o uso partidista dunha cuestión tan vital para o noso país, pero sen ceder nin un milímetro do que é a esencia da nosa demanda: xustiza e respecto para Galiza.

Propoño retomar e impulsar a nosa proposta de lograr un gran pacto social para a Galiza do século XXI. Ofrezolles hoxe aquí chegar a ese gran pacto nacional; un pacto nacional que, retomando os acordos parlamentarios en materia de infraestruturas, fixe unha postura de país, para que toda a sociedade civil galega reclame unida, na voz do seu Goberno, a satisfacción dos seus dereitos. Só desde a unidade, desde a postura de país, terá Galiza o papel que lle corresponde dentro do Estado. Esta ten que ser a lexislatura do diálogo, un diálogo que una a sociedade civil galega na defensa inquebrantábel dos intereses do país e da xustiza que nos corresponde, e o método non pode ser a confrontación, o método é o diálogo, a concertación e a intelixencia posta ao servizo do país.

Permítanme, para rematar, unha breve reflexión persoal para transmitirilles o meu sentir no día en que Galiza vai abrir unha nova porta da súa historia, unha porta aberta a un país novo. Todos e cada un de nós temos nas nosas familias a honra do recordo de parentes que, inspirados polo corazón e o pensamento galeguista, foron máis alá do deber para que Galiza puidese ver a Alba de gloria que soñou Castelao, a Alba de gloria dunha Galiza libre, xusta e solidaria. Eu tamén os teño, e á súa memoria quero render tributo, e para eles quero rematar recordando unha frase e un verso da nosa Rosalía. Rosalía dicía que a miseria seca a alma e ademais os soños, e escribiu en *Follas Novas*, para que non se esquecerá quen somos e de onde vimos: “Ben sei que non hai nada/ novo en baixo do ceo, /que antes outros pensaron as cousas que agora eu penso./ E ben, ¿para que escribo?./ e ben, porque así semos,/ relós que repetimos eternamente o mesmo”.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, don Ismael Rego González.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, permítanme que lles diga, en primeiro lugar, a emoción que sinto, en representación de todos e cada un dos membros do Grupo Parlamentario Socialista, ao poderlles trasladar a vostedes e á cidadanía en xeral a ilusión e o entusiasmo con que o Grupo Parlamentario Socialista vai apoiar o programa de Goberno presentado nesta Cámara polo candidato á Presidencia da Xunta de Galicia don Emilio Pérez Touriño. Ímolo facer coa firmeza, coa ilusión e co mesmo entusiasmo que os cidadáns nos trasladaron nas urnas o pasado 19 de xuño, e estamos seguros de que, despois de escoitar o candidato, hoxe verán reforzada aquela decisión que tomaron nas eleccións pasadas, pola súa lealdade coas decisións dos cidadáns, pola súa lealdade co país e pola súa crenza firme nas posibilidades de Galicia e especialmente nos galegos e nas galegas. Polo tanto, esperanza, ilusión e entusiasmo no apoio á nova etapa que se abre no noso país, señorías.

Señora presidenta, señoras e señores deputadas e deputados, o pasado 19 de xuño os galegos acudiron ás urnas e

decidiron dar un paso a unha nova maioría parlamentaria e a un novo goberno para Galicia. Decidiron poñer fin a un período de dezaseis anos de permanencia no poder do Partido Popular e abrir unha nova etapa que, a teor do debate de investidura que estamos a celebrar, lle outorgará o Goberno ao Partido dos Socialistas de Galicia e ao Bloque Nacionalista Galego, e a súa Presidencia a Emilio Pérez Touriño. O voto dos cidadáns do 19 de xuño contén unha inequívoca vontade popular de abrir unha nova etapa política no noso país, xa que logo, un claro mandato de cambio, e é a nosa obriga levar á práctica ese cambio que a maioría dos galegos quixo.

O cambio refírese, en primeiro lugar, á orientación das políticas en conxunto e, por usar conceptos convencionais, á substitución das políticas conservadoras do período anterior por políticas progresistas, inspiradas en principios e valores que, ao meu modo de ver as cousas, son máis acordes cos valores existentes e coas expectativas da sociedade galega.

Os galegos pediron cambio, cambio na forma de facer política, respecto á cidadanía, diálogo, consenso, lealdade e cooperación institucional. Cambio de modelo económico para superar os baixos salarios, o emprego precario, a baixa produtividade, cun resultado de perda de emprego, de emigración de quince mil mozos e mozas cada ano de Galicia, altas taxas de sinistralidade laboral, sendo os principais afectados por esta situación os mozos e as mulleres, como todas as súas señorías saben.

Gustárame, señorías, determe aquí un pouco, porque ¿que sentimos, que sentirán todos aqueles que temos responsabilidades na acción política do país, tanto os que apoiamos e apoiaron o Goberno coma os que estivemos na oposición, señorías, ante esta cifra que debe latexar no corazón de todos, de quince mil mozos que teñen que abandonar a nosa terra? Os mellor formados, aqueles que deben conformar o futuro do noso país, teñen que abandonala buscando fóra oportunidades que aquí son incapaces de atopar.

Señor Fraga Iribarne, eu creo que aquí está precisamente o seu principal fracaso: conseguir expulsar galegos da nosa terra. Galegos que aspiran lexitimamente a nacer, vivir neste país, poder traballar e desenvolver aquí o seu proxecto vital. Neste tema vostedes nunca quixeron ter en conta as propostas que fixemos desde a oposición e que pasarían por

cambiar o modelo económico que vostedes tiñan, señorías. O seu modelo económico, señor Fraga Iribarne, vostede hoxe poderá entender –porque os galegos así llo fixeron saber con moita claridade– que fracasou estrepitosamente. Pero o problema non é que fracasara o modelo económico de Fraga Iribarne como presidente da Xunta de Galicia e do seu Goberno, nin sequera do partido que o sustenta, o problema é que o fracaso de vostedes acabou converténdose nun auténtico fracaso de país, porque durou, desgrazadamente, demasiado tempo, e así hoxe en día temos uns salarios máis baixos ca na media española, temos unha sinistralidade máis alta, e a precarización máis alta de toda a xeografía española en materia de emprego.

¿Trouxo isto, señorías –como afirmaban o señor conse lleiro de Economía e o señor presidente da Xunta de Galicia no debate dos presupostos deste último ano, do 2005, cando nos dicían que había que basear o modelo económico na contención dos salarios, na precariedade no emprego e na baixa produtividade–, consecuencias positivas para mello rar a nosa economía? Pois non parece. Se fóramos un terri torio atractivo para que viñera aquí investimento de fóra, señorías, por ter salarios baixos e emprego precario, sen dúbida as empresas de fóra tiñan que estar correndo todas para Galicia e as de Galicia deberían de quedar aquí, pero desgrazadamente pasa todo o contrario. Os nosos mozos mellor formados van traballar a outras comunidades autóno mas de España e rexións de Europa, onde teñen salarios máis altos, onde teñen alta tecnoloxía nas súas empresas e onde teñen un alto nivel de formación. ¿Por que? Porque poten ciaron o seu modelo educativo e porque potenciaron a mellora da competitividade das súas empresas, señorías, algo que foi alleo á política do Goberno galego, desgrazada mente, e hoxe temos aquí as consecuencias de todo iso.

Aos socialistas ben nos agradaría poder dicir que tiña mos unha situación distinta da que hoxe temos, porque iso querería dicir que as mulleres e os homes que nacen e que ren vivir en Galicia poderían facelo, porque aquí terían opor tunidades para poder facelo.

Señora presidenta, señoras e señores deputados, o cam bio tamén é para acabar coas políticas baseadas na improvi sación e na discrecionalidade na xestión dos recursos públi cos. O cambio é para dar resposta a algún dos principais pro blemas, como é o acceso á vivenda tanto para os cidadáns ou

como é ter dotación de solo industrial para os axentes eco nómicos.

En Galicia non existiu política de vivenda, limitámonos exclusivamente a xestionar os plans de vivenda que viñan de Madrid, deseñados polo Goberno do Estado para o conxun to da nación española, pero sen dúbida ningunha nunca tive mos unha estratexia propia en materia de vivenda que res pondera ao noso estado de necesidades e tamén ao nivel de salarios da nosa poboación.

Demasiadas veces temos escoitado aquí que o prezo da vivenda era máis baixo en Galicia ca no resto de España, señorías, e certamente iso pode ser unha verdade, pero cando menos é unha verdade a medias, porque haberá que dicir inmediatamente que tamén os salarios galegos son os máis baixos de España. En Galicia non é que teñamos o problema de ter poucas vivendas, non se trata diso, o que temos é imposibilidade de acceder á vivenda, e cando os mozos poden acceder á vivenda, cando poden facelo, fano a cambio de hipotecar practicamente o 100% do seu ciclo laboral. Cando as familias con baixo nivel de recursos poden acce der á vivenda, fano hipotecando practicamente o 100% da súa vida laboral.

Esta, señorías, é a situación que herdamos de vostedes. ¿Por que? Porque vostedes lle deron prioridade ao mercado sobre o dereito, porque lle deron prioridade ao negocio sobre o dereito. Por iso non quixeron unha política de vivenda pública, por iso non quixeron deseñar unha política que lles facilitara aos cidadáns acadar ese dereito constitucional de ter unha vivenda digna, algo que me parece absolutamente imprescindible na sociedade moderna que nos toca vivir.

Iso ten moito que ver coa emancipación dos mozos. Ten moito que ver mesmo cos índices de natalidade. Ten moito que ver coa conformación das familias e con todo o desen volvemento da sociedade galega nun estado normal, como debía facerse.

En materia de solo industrial ocorre practicamente o mesmo. ¿Como se podería entender, señoras e señores depu tados, que en cidades tan importantes e emblemáticas indus trialmente falando como a cidade de Vigo, a Xunta de Gali cia nos últimos dezaseis anos non se constrúe nin un só metro de solo industrial? ¿Como se pode entender esta situa-

ción? E, en cambio, temos centos de polígonos industriais espallados. Iso si, chamámoslle polígonos industriais a pequenos recunchos de solo máis ou menos urbanizado, pero que non ten nada que ver coa capacidade tecnolóxica que debe ter hoxe en día o solo industrial nunha sociedade moderna para unhas empresas que teñen que competir co seu contorno e que dificilmente poderán facelo nin co nivel de solo que temos nin coa súa situación, arredada absolutamente de onde teñen as necesidades as empresas, onde se produce a maioría da actividade económica e social do noso país, nin, desde logo, cos niveis de equipamento dese solo, que non teñen nada que ver co que as empresas hoxe en día necesitan; totalmente afastados da realidade, señorías.

Cambio para reforzar a nosa capacidade de autogoberno, sen dúbida. O discurso do candidato á Presidencia da Xunta marcou con claridade este cambio de orientación nas políticas básicas. Para os socialistas, o noso primeiro compromiso está cos piares básicos do benestar: a educación, a sanidade, en definitiva, a cohesión social do noso país, señorías.

En materia de educación, por exemplo, propoñemos un pacto pola educación no que se impliquen todos os sectores públicos e privados comprometidos con tarefas formativas. A educación é un ámbito no que Emilio Pérez Touriño manifestou o seu compromiso e marcou o obxectivo de incrementar o orzamento ata alcanzar o gasto medio en educación da Unión Europea e conseguir que a educación en Galicia teña un prestixio e un nivel comparable cos países punteiros de Europa.

En materia sanitaria, o compromiso de reducir as listas de espera e os tempos de espera; a ampliación da atención sanitaria, en especial na eficacia no gasto. E aquí permítame que me deteña uns segundos. Estou falando, señorías, das listas de espera que sofren os cidadáns e cidadás do noso país. Estou falando das listas de espera que sufrimos todos os galegos. Ben sei que non falo das que están na páxina do Sergas, ben sei que non falo das que nos trasladan especialmente os medios de comunicación públicos de Galicia. Ben sei que non falo das que nos trasladaron aquí o conselleiro de Sanidade e o propio presidente da Xunta de Galicia, de xeito reiterado, na pasada lexislatura. Fálolles ás súas señorías das listas de espera que sofren os cidadáns e cidadás do noso país. Listas de espera de anos, como vostedes, por certo, ben saben. Ata o punto de que, señorías, hai

algún responsable político provincial do Partido Popular que mesmo dixo que recibía no despacho da Deputación Provincial máis xente para que lle solucionase algún problema en relación cunha lista de espera do Sergas que para ningunha outra cuestión. Esa foto fixa dá unha mostra clara da realidade que vostedes nos deixan na xestión do servizo público de saúde do noso país. Tamén os galegos piden cambio neste tema.

En materia de infraestruturas, emprego, cohesión social e territorial, desde logo baseadas no diálogo social, como el mesmo ten exposto. Non vou repetir aquí os compromisos anunciados polo señor Pérez Touriño nestas e noutras materias, pero si quero confirmar o completo acordo e apoio do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao enfoque que el fixo destas políticas, un enfoque que responde ao programa que votou a maioría e que, ao noso xuízo, responde tamén ás necesidades da sociedade galega neste momento histórico.

O discurso de investidura puxo tamén sobre a mesa un cambio nas prioridades da acción do Goberno. Se gobernar é elixir, a nosa elección está moi clara, señorías, eliximos en primeiro lugar converter a educación e a cultura no principal motor de desenvolvemento económico e social da nosa sociedade, o que inclúe tamén dar o máximo impulso á investigación e á innovación científica e tecnolóxica, así como o traslado dos resultados desta ao tecido produtivo.

Eliximos un novo modelo económico baseado no diálogo social para acadar un gran acordo polo emprego de calidade e a mellora da produtividade, polo tanto, da competitividade exterior das nosas empresas, señorías.

Eliximos apostar por un gran pacto polo territorio, para planificar e ordenar o desenvolvemento equilibrado en todos os ámbitos territoriais de Galicia.

Eliximos apostar por uns servizos públicos eficientes e de calidade, ao servizo inequívoco da cidadanía. Eliximos apostar polo futuro fronte ao pasado, mirar cara adiante na seguridade de que as potencialidades de Galicia servirán para acadar unha sociedade forte, emprendedora, dinámica e cohesionada, e todo iso no marco dunha economía produtiva, competitiva e equilibrada.

Estas son boa parte das prioridades que lle manifestamos ao electorado no noso programa electoral, e agora, convertidas en medidas e actuacións do Goberno, contarán co firme apoio, sen dúbida, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Naturalmente, o cambio que votaron os cidadáns refírese principalmente ás formas políticas, señorías. Se hai algo claro na interpretación do voto do 19 de xuño é a inequívoca ansia dos galegos e das galegas de cambiar a forma de gobernar e de crear un clima político distinto ao que existiu especialmente na pasada lexislatura.

Queremos cambiar a forma de facer política, e por iso contamos cun modelo que non debemos seguir, que é o que marcou o Partido Popular, que foi o de utilizar o Goberno como instrumento partidario para marxinar os cidadáns pola cor política dos seus representantes, como obstaculizar o labor da oposición ou como exercer de oposición ao Goberno central, cunha estratexia de confrontación baseada no exclusivo interese partidario e totalmente afastada da defensa do interese xeral da nosa comunidade. Ao final, señores do Partido Popular, tanto insistiron na estratexia de oposición desde o Goberno que finalmente os cidadáns decidiron realmente encomendarlles a vostedes esa tarefa.

Un goberno que se mostrou desleal cos galegos e coa súa decisión expresada nas urnas –e aquí, señor Fraga Iribarne, permítame que pare un segundo–. Vostede ben sabe, e, se non, pregaríalle que o comprobase, que as decisións máis relevantes que tomou o actual Goberno de Galicia nos últimos catro anos adoptáronas vostedes despois de celebradas as eleccións. E iso permítame vostede que lle diga que é unha deslealdade cos cidadáns. Non é unha deslealdade nin co señor Touriño, que vai ser o presidente, nin cos grupos que van sustentar o Goberno. É unha deslealdade cos galegos e coas galegas que decidiron firmemente nunha confrontación electoral limpa, e vostede como presidente debería de ter, cando menos, a gallardía política de respectar esa decisión.

Señor presidente, lamento ter que dicirlle isto, pero paréceme que é realmente o que merece. Os cidadáns galegos merecen respecto, adoptaron decisións, e vostede, coas súas decisións, se é que non se poden volver atrás, se é que non se poden dalgunha maneira reorientar, hipotecou boa parte

da acción de futuro do Goberno que decidiron libremente todos os galegos e as galegas. E iso en democracia, e quero dicirlllo con moita claridade –haxa lei, ou non haxa lei–, non hai ningún demócrata que teña dereito a facelo, por moi presidente que sexa, señor presidente da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

Aínda durante a campaña electoral intentaron ilustrar ou, mellor dito, amedrentar a cidadanía sobre o que lles esperaba se dúas forzas políticas da esquerda tiñan que pactar. Parece que non lles fixeron moito caso, porque votaron cunha participación superior á doutras citas electorais. E apostaron polo cambio, apostaron por unha nova maioría configurada por dous partidos, dando lugar a unha coalición de Goberno. Hoxe estas dúas forzas políticas, señorías, que comparten unha visión común do que Galicia necesita, teñen un programa de Goberno acordado e dotado dun contido que vai dar resposta ás demandas da sociedade galega, e unha Administración deseñada para garantir a eficiencia, a calidade e a transparencia na xestión dos recursos públicos, e na que a súa principal prioridade serán os galegos e as galegas e a solución dos seus problemas.

En resumo, unha nova etapa, cun proxecto político novo e un goberno novo e distinto no seu talante, nas súas formas, e cunha aposta clara por políticas de progreso adaptadas ao novo contexto da sociedade actual. Con todo, o máis esperanzador das pasadas eleccións foi a alta participación da cidadanía, que só se pode entender como un síntoma claro de vitalidade democrática extraordinariamente positivo que temos a obriga de impulsar, de manter e consolidar.

O voto do 19 de xuño é unha firme aposta colectiva por novas políticas no ámbito social, económico e institucional, señoría, pero tamén por unha nova política que recupere os valores do diálogo, do respecto entre os adversarios, do consenso e da tolerancia.

Señorías, hai unha coincidencia xeral en que a política galega, nos últimos anos, acumulou un importante déficit de transparencia e de proximidade aos cidadáns. Todos os grupos políticos e sociais –excepto o que ocupaba o Goberno– coincidimos neste diagnóstico, algo tería, señorías, de realidade. Diálogo e transparencia, dúas ferramentas indispensables para gobernar en democracia; non dous estorbos dos que se pode prescindir cando a maioría absoluta os fai apa-

rentemente innecesarios senón dous instrumentos esenciais da boa gobernancia.

Non teño intención hoxe de volver a vista atrás, senón de sinalar a nosa vontade para o novo período que hoxe empeza. Os socialistas galegos temos claro que os cidadáns nos emprazaron a demostrar que se pode facer política e gobernar desde o diálogo permanente e desde a transparencia; que para gobernar non é necesario agredir o discrepante nin impoñer as decisións, nin tan sequera pretender ocultar, señorías, a realidade; que gobernar en democracia esixe escoitar a moitos, respectar a todos e, finalmente, decidir con responsabilidade.

Quero dicirlles aos galegos e ás galegas que os socialistas acudimos a esta Cámara coa firme vontade de poder demostralo, señorías. O Parlamento é o primeiro ámbito onde levar a cabo este propósito. A expresión “democracia parlamentaria” non é unha simple terminoloxía herdada do pasado, é unha definición que sinala a esencia mesma do noso sistema político. O Parlamento ten que ser o centro da vida política e ten que selo na práctica de todos os días. O Parlamento é o protagonista da elaboración e aprobación das leis. Ao Goberno correspóndelle principalmente –aínda que non exclusivamente– a iniciativa legislativa, e o Grupo Socialista terá, sen dúbida, a función de apoialo. Pero o proceso legislativo é o suficientemente complexo e serio como para permitir que calquera achega útil, veña de onde veña, poida ser debatida e incorporada ao noso proxecto de país. Desde aquí quero expresar a nosa vontade de enfocar esta tarefa legislativa como unha tarefa colectiva, desde a función e a responsabilidade que a cada un lle corresponde.

Quero reafirmar a nosa vontade de diálogo e quero deixar claro que o feito de que esa vontade de diálogo se pretenda identificar como un signo de debilidade ou de inestabilidade o único que virá demostrar é o necesario que era o cambio político en Galicia.

Señorías, o Parlamento ten que ser –e nós imos facer del– o principal escenario de debate entre as distintas forzas políticas. Moitos tivemos a sensación, nos últimos anos, de que os debates parlamentarios perdían a súa función de intercambio de ideas e argumentos para quedar convertidos en simples escenificacións rituais que, no mellor dos casos, servían para descualificar ou agredir o adversario e, por

suposto, sen escoitar nunca o que dicía. Nosoutros, os socialistas galegos, cremos no debate, cremos nos argumentos e cremos que estes, ademais, poden convencer.

Ao Parlamento correspóndelle tamén a función de controlar a acción do Goberno. Neste sentido, quero ratificar todo o que defendemos nesta Cámara desde a oposición, señorías. O Grupo Parlamentario Socialista presentará e apoiará cantas medidas regulamentarias permitan axudar ao control máis inmediato, transparente e eficaz do Goberno desde esta Cámara.

O compromiso expresado por Emilio Pérez Touriño no discurso de investidura supón unha firme aposta de revitalización da institución parlamentaria, para que esta ocupe, realmente, a centralidade da vida política que lle corresponde, nada menos que adquirindo o compromiso de someter a propia Presidencia da Xunta de Galicia ao control parlamentario en todos os plenos da Cámara. Esta vez si, señor presidente en funcións da Xunta de Galicia, sen facelo por cortesía nin por facerlle un favor a ninguén, por conviccións e por talante democrático, que é o que merecen todos os galegos. Ou atribuírlle o papel principal na reforma do Estatuto de autonomía, que é a propia reforma do Regulamento da Cámara, señorías. Cremos no valor das ideas, estamos dispostos a defendelas con toda convicción e a apoialas cos nosos votos, pero queremos escoitar a todos os demais.

Señorías, a nosa vontade de consenso e de diálogo deixouna moi clara, na exposición do programa de goberno, o candidato á Presidencia da Xunta. Pérez Touriño manifestou a vontade de buscar un consenso necesario entre as forzas políticas que sentan nesta Cámara para promover a elaboración e aprobación dun novo Estatuto de autonomía para Galicia, para mellorar o noso autogoberno. Será o Parlamento o que asuma o protagonismo neste proceso de renovación estatutaria, asumindo desde o principio a responsabilidade da súa elaboración. Adiántolles, señorías, que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia estará aberto ao diálogo e ao consenso máis amplo posible para lograr unha proposta de reforma do estatuto na que todos poidamos sentirnos cómodos, sen máis límites que o marco constitucional e o de saber que máis Galicia non ten por que supoñer menos España nin menos Europa, e, sobre todo, non debe supoñer, en ningún caso, menos solidariedade e menos cohesión social e territorial. Esta é a vocación e o talante co

que os socialistas galegos imos traballar na reforma do Estatuto de autonomía do noso país, unha vocación aberta, baseada no diálogo, que o candidato á Presidencia da Xunta de Galicia expresou con moita claridade.

Señorías, asumimos unha gran responsabilidade e esperamos unha difícil tarefa. Herdamos un país cun modelo económico claramente fracasado e con grandes déficits sociais. O escenario que temos realmente require políticas serias e innovadoras, que permitan dinamizar a sociedade galega para paliar o déficit social e o fracaso das políticas económicas do Goberno anterior.

Para os socialistas, no noso proxecto socialdemócrata e galeguista, a esencia, o fin último da nosa acción política, é conquistar a igualdade de oportunidades de todos os cidadáns, independentemente da súa orixe. Este obxectivo, que recolle as ansias de mellora do xénero humano, plásmase, sobre todo, nas políticas de redistribución: axudar a crear riqueza e a redistribuíla, especialmente entre aqueles que máis o necesitan. Velaquí o cerne da nosa idea política, recollida no programa de goberno presentado polo señor Pérez Touriño.

Hoxe en Galicia o gran problema pendente en termos de redistribución son as políticas sociais. Hoxe os nenos máis cativos, especialmente as súas nais e pais, necesitan moitas máis prazas de garderías e comedores escolares para poder compatibilizar a súa vida laboral e familiar. Hoxe, os nosos maiores necesitan máis prazas de residencias, máis centros de día, máis asistencia domiciliar para liberar as súas familias deste labor de cuidadores que segue a recaer, sobre todo, como as súas señorías saben, especialmente nas mulleres.

Señorías, Galicia non debe convivir cun nivel de equipamentos de atención aos maiores que está no 50% da media de España, tanto en asistencia a domicilio, teleasistencia ou residencias da terceira idade. A pesar de ser Galicia un país dos máis envellecidos de España, resulta que temos unha porcentaxe de equipamentos para dar resposta á atención necesaria aos maiores que non chega ao 50% da media española, e está cinco veces por debaixo da media europea, señorías. Este é o panorama que vostedes nos deixan e é o panorama de futuro que terá que afrontar o próximo Goberno da nosa Comunidade. Curiosamente, señor Fraga Iribarne, sobre este particular non adoptou vostede ningunha decisión

despois de celebradas as eleccións; cuestión rara, porque as adoptou sobre outras moitas, pero sobre isto, que é un déficit estrutural importantísimo que temos en materia de política social, decisións, ningunha; máis ben tomou outras que non permitan despois facer isto. (*Aplausos.*)

Hoxe, Galicia mantén unha débeda coas súas mulleres e chegou o momento de poñer en marcha unha política de igualdade verdadeira que este Goberno paritario, encabezado por Emilio Pérez Touriño, estamos seguros que vai levar a cabo.

O aumento da esperanza de vida, se ben é un logro social moi notable das sociedades occidentais máis avanzadas, tamén é un reto, xa que aumenta o número de persoas dependentes e con enfermidades crónicas que hai que atender, especialmente a partir dos oitenta anos. Por iso é necesario garantir e mellorar a súa calidade de vida a través de medidas destinadas á protección de persoas maiores dependentes, para que poidan vivir dignamente nos seus domicilios.

Hoxe, os fogares monoparentais con serios riscos de caer por debaixo da liña da pobreza necesitan todo o apoio posible da Administración autonómica, que ata agora lles veu sendo practicamente negado. Hoxe, os mozos e as mozas e os parados de longa duración necesitan programas activos de inserción laboral que sexan verdadeiramente efectivos e non simples pantallas cara á galería que nos permitan saír do paso. Hoxe, os inmigrantes e os emigrantes retornados que chegan ao noso país necesitan apoio, orientación, en suma, políticas activas de acollemento e integración, señorías, das que, desgraciadamente, ao día de hoxe aínda carecemos.

Temos un proceso de envellecemento superior á media española en catro puntos, señorías. Setenta mil mozos e mozas de menos de 35 anos emigraron nos últimos anos na procura de oportunidades que aquí non encontraron, señorías. Díxenllelo antes e repítollelo aquí, porque me parece que é o reto máis importante de futuro que ten o próximo Goberno da nosa Comunidade.

Non foi posible frear a perda de poboación das provincias do interior de Galicia. Non se souberon formular as bases que permitisen fixar poboación, repercutindo negativamente sobre as condicións de vida dos seus habitantes. O índice de fogares que están por debaixo do limiar da pobre-

za aumentou en toda Galicia, especialmente nas provincias de Lugo e Ourense, señorías. Os desequilibrios interprovinciais seguen a ser patentes. Desde a perspectiva socialista, a cohesión social debe construírse desde o territorio: desde a pequena aldea ata a vila e desde a vila ata a propia cidade, señorías.

No ámbito sanitario recibimos unha situación límite, unhas listas de espera de primeira consulta que están, en días de espera, en máis do 30% por riba da media española, señorías. Faleilles algo disto, pero é moi bo repetírllelo para que quede na súa conciencia; sobre todo para que quede na conciencia dos cidadáns que hai unha vocación clara do novo Goberno –e que estivo presente no discurso do candidato– de resolver este problema, que é un problema serio e fundamental. Temos un magnífico sistema sanitario, pero pouco a pouco vostedes fórono levando a tales niveis de deterioración, que a palabra magnífico empeza a sobrarlle, e non podemos perder ese nivel que tiñamos e que debemos de preservar, reforzar e mellorar para garantir o noso futuro.

Recibimos unha sanidade na que os servizos sociosanitarios son practicamente inexistentes. Galicia, despois de dezaseis anos de goberno do PP, segue ocupando o primeiro posto de España en mortalidade por enfermidades previbles, señorías, cuestión que veu denunciando o noso portavoz en temas sanitarios, o señor Cerviño, de xeito reiterado ao longo de toda a lexislatura, pero non dicíndoo por dicilo, dicíndoo con datos e establecendo termos comparativos con outras comunidades autónomas do noso país, señorías, porque estamos diante dun problema certamente serio e deberíamos poñerlle, dalgunha maneira, a atención necesaria.

Noutros sectores, como o de agricultura e o da pesca, o PP déixanos pechado un círculo vicioso de producir menos, vender peor, destrución de emprego e deterioración da calidade de vida e das relacións laborais. En materia agrogandeira, señorías, vostedes estarán de acordo comigo no fracaso estrepitoso. Desapareceron miles de explotacións, pero esa desaparición non trouxo como consecuencia, en ningún caso, a ampliación da base territorial das que quedaron, algo fundamental para que as nosas explotacións familiares puideran ter futuro no seu contorno, non soamente nacional senón tamén no seu contorno comunitario. Non houbo medidas, houbo moitos anuncios de medidas, moitos acordos deste Parlamento –algúns deles por unanimidade–, pero o

Goberno fixolles oídos xordos de xeito reiterado. Houbo incumprimentos claros e concisos sobre a mobilidade das terras, sobre os plans de desenvolvemento rural, sobre todas e cada unha daquelas cuestións que deberían de facer que se capitalizase o noso mundo rural, que mellorasen as condicións de vida da xente que habita nel e que, dalgún xeito, puideramos fixar poboación ou territorio, e ter un sector básico para a nosa poboación, como é a produción agraria e a produción forestal, que merecese a condición de tal pola súa modernidade e pola mellora do nivel de rendas dos seus habitantes.

Señorías, recibimos outros sectores, como o da pesca, no que precisamente no día de onte se produciu unha noticia importante: a noticia do acordo con Marrocos. Non nos parece mal que isto se producira sen que aínda houbera cambio de Goberno, parécenos ben, tamén o actual Goberno merece recibir noticias positivas sobre o sector pesqueiro galego. Desgraciadamente, recibiu bastantes negativas no pasado, nos oito anos de goberno do Partido Popular, que recorden as súas señorías que foi cando se deixou de firmar o acordo con Marrocos. Afortunadamente, co actual Goberno volve haber acordo con Marrocos, vai volver haber barcos en Marrocos. Seguro que a algúns lles parecen poucos. Parecíanlles moitos cando non había ningún; agora que vai haber algún, parécenlles poucos. (*Aplausos.*). Sen dúbida, señorías, esa é a súa forma de ver e de entender a política. Por fortuna os pescadores galegos volven a Marrocos, agora cun reducido número de barcos, máis para adiante seguro que con algúns máis, porque os socialistas, aquí e en Madrid, non imos parar de traballar para que os galegos vaian cada vez máis a Marrocos e a outros sitios, para iso somos a principal potencia pesqueira de Europa e queremos seguilo sendo, e queremos participar como tal no deseño das políticas comunitarias en materia pesqueira, non pedíndolle a Europa que nos dea senón participando no deseño da Europa que xa somos. Somos parte xa de Europa, non temos que pedirle nada, temos que establecer estratexias pesqueiras na política comunitaria, participar nelas, que sexan útiles para os nosos intereses. Teremos que traballar nesa dirección, porque o outro, o de andar por aí encabezando manifestacións, coma facía a señora De Palacio, pois non parece que dera moitos resultados. Desde logo, que deu con respecto ao acordo de Marrocos tivémo-lo á vista de todos. Afortunadamente, hoxe temos xa algún outro distinto.

Señorías, ¿como se pode entender que en dezaseis anos que levan vostedes gobernando neste país un sector tan clave e fundamental para Galicia e para os galegos non teña establecido nin o máis mínimo marco de relacións laborais estables? ¿Coñecen vostedes de verdade –estou seguro de que o conselleiro de Pesca si– o marco de relacións laborais que existe hoxe en día no mundo da pesca en Galicia? Unha auténtica selva, señorías. Non existe. ¿Por que? Porque non se impulsou desde o Goberno, que é desde onde ten que ser impulsado, e aí hai unha parte que é máis feble, que é a parte social, precisamente. Sen que se queira dicir que as empresas os queiran agredir, a dinámica vaise establecendo, e como se establece esta dinámica, imos quedando, pouco a pouco, sen pescadores galegos que queiran ir ao mar e temos que importalos. Na costa de Lugo, practicamente os vimos importando xa case que todos, ¿por que? Porque os galegos non queren ir, porque o marco de relacións laborais, inexistente no noso país, ten consecuencias negativas para a mellora das condicións de vida da xente que vive nas costas da nosa terra. O novo Goberno de Galicia deberá incentivar ese marco de relacións laborais; non soamente incentivar, senón tamén impulsar.

A inexistencia dunha política de ordenación, saneamento e conservación do litoral, o fracaso na utilización dos fondos procedentes da Unión Europea, que se utilizaron, señorías, con criterios clientelares, sen ningún tipo de ordenación estratéxica das actuacións e que se manifestaron claramente ineficaces para a mellora da produtividade e a modernización das nosas infraestruturas e do capital físico da nosa terra... Recibimos inxentes cantidades de diñeiro en fondos de cohesión, inxentes cantidades de diñeiro procedentes da solidariedade europea, e gastámoslos ao longo do territorio como choiva fina. Sen dúbida, non teño ningún inconveniente en recoñecer, señorías, que foron útiles para a estratexia política partidaria do partido que sustentou o Goberno, servíronlles a vostedes para gañar eleccións. Houbo un certo éxito, durante demasiado tempo, quizais, pero o problema é que isto non serviu para modernizar o noso país, o problema é que non serviu para mellorar a competitividade das nosas empresas, o problema é que non serviu para mellorar a formación dos nosos traballadores, porque utilizaron os recursos dedicados a formación dunha forma clientelar e caciquil que non serviu absolutamente para nada; serviulles a vostedes para gañar as eleccións, non lles serviu para ningunha outra cousa, e o problema é que o que foi bo para vostedes

foi nefasto para o país. Ese é o gran drama que hoxe en día temos diante de nós, que despois de ser a comunidade autónoma de España que recibiu máis fondos, porque eramos rexión obxectivo número 1, fomos a comunidade autónoma de España que peor os aproveitou, señorías –e digo de España pero podía dicir, sen dúbida, de Europa, e, se non, miremos para a zona norte de Portugal, que algunha lección nos pode dar nesa dirección-.

En definitiva, señor Touriño, vai encontrar vostede unha Galicia ancorada economicamente, que perde posicións relativas en España, con déficits asistenciais e con sectores cun futuro incerto, pero que aínda garda intactas as súas potencialidades. Pola contra, encontrará unha cidadanía expectante e ilusionada ante o cambio político que se vai producir, que pide, por riba de todo, diálogo, transparencia, proximidade e eficiencia, e non teño dúbida ningunha de que vostede e o seu Goberno lle van a dar unha resposta axeitada.

O Grupo Parlamentario Socialista vai apoiar con firmeza e con entusiasmo o programa de goberno que vostede presentou aquí, e pediremos tamén o apoio e o compromiso do conxunto da sociedade galega para sacalo adiante, na crenza de que non existe ningún galego e ningunha galega que non poida facer algo por Galicia, pero coa mesma crenza, tamén, de que Galicia non vai deixar abandonado a ningún deles.

Señorías, permítanme, para rematar, recordar moitos deputados e deputadas socialistas que pasaron por esta Cámara e aos que hoxe lles gustaría vivir esta emocionante sesión de investidura que vai abrir o camiño dunha nova etapa para o futuro de Galicia, polo que o seu discurso de investidura supuxo de crenza en Galicia, nos galegos e nas súas posibilidades, de firme compromiso coa nosa lingua, coa nosa cultura e coa nosa identidade como pobo. Gustaríame reflectir todos e cada un deles na figura de Ramón Piñeiro, ilustre deputado que o Grupo Socialista tivo a honra de acoller nas súas filas.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o portavoz do Grupo Parlamentario Popular, o señor Fraga Iribarne.

O señor FRAGA IRIBARNE: Señora presidenta do Parlamento de Galicia, señorías, unha vez máis teño a honra de

intervir nun debate de investidura, nesta ocasión para fixar a posición do Grupo Parlamentario Popular, o grupo máis numeroso desta Cámara, ante o discurso de investidura pronunciado polo señor Pérez Touriño –porque outras manifestacións, como aquilo da inxuria o rudo encono, non as tomo en conta–, candidato dos socialistas e nacionalistas á Presidencia da Xunta.

Sexan as miñas primeiras palabras para felicitar de novo o candidato, porque vai ser proposto hoxe para a grande honra de presidir o Goberno da Xunta de Galicia. Felicíto por adiantado, señor Pérez Touriño, e deséxolle moi sinceramente éxitos na importante responsabilidade que vostede desempeñará, porque asumirá vostede, señor candidato, a máis nobre e grande das tarefas, a de gobernar Galicia, pero farao nunhas circunstancias que obxectivamente –acabamos de comprobalo– non resultan nada envexables.

Para comezar, accederá á Presidencia da Xunta liderando o segundo grupo en número de escaños e votos, e grazas a un pacto coa terceira forza desta Cámara. Non quero, obviamente, deixar a máis mínima dúbida sobre a lexitimidade democrática que o asiste para optar por esa decisión, pero a realidade é a que é: tanto o Goberno da nación como o de todas as comunidades autónomas de España, agás Cantabria, están sendo desempeñados polo líder da forza política máis votada nas respectivas eleccións lexislativas.

Vostede e o Partido dos Socialistas de Galicia obtiveron, exactamente, un terzo dos votos emitidos, e teñen, exactamente, un terzo dos escaños desta Cámara. A diferenza do señor Rodríguez Zapatero, que expresamente renunciou a presidir o Goberno de España no caso de non ser o candidato máis votado, vostedes preferiron formar unha coalición sen sequera considerar outras alternativas, e o certo é que estamos a ver xa as diferenzas importantes [...]

Permita que neste punto lle reitere o meu infinito agradecemento ao pobo de Galicia polo apoio que me brindou o pasado 19 de xuño, un apoio que na práctica totalidade dos sistemas electorais comparados determinaría que, por quinta vez consecutiva, o Partido Popular de Galicia gobernase co apoio dunha sólida maioría parlamentaria. Pola confianza que xenerosamente nos deu ao longo deste tempo, gardaremos sempre unha impagable débeda de gratitude con todos os galegos e galegas que confiaron e confían no Partido

Popular de Galicia, un agradecemento que fago dun xeito moi persoal e moi emocionado.

Tampouco resulta envexable a súa posición, dada a composición da coalición que o apoia. Debatenos hoxe un programa de goberno, o presentado por vostede perante esta Cámara, que é un programa que o pobo galego non votou porque non lle foi presentado como tal ás eleccións. É un plan de goberno construído despois das eleccións, forzado polos resultados e dirixido, única e exclusivamente, a desprazar do Goberno o partido que tivo máis votos. Quizais por iso é un programa, en liñas xerais, inconcreto, incompleto e que carece de compromisos específicos, nin sequera algúns que vostedes incluíran no programa electoral socialista, como, por exemplo, o de crear 140.000 postos de traballo, reconvertido agora na intención de fomentar un pacto polo emprego.

É tan previsible a febleza da súa situación que só desde ela se pode explicar a reveladora cláusula número 8 incluída no acordo para a formación deste Goberno subscrito co señor Quintana. Nela comprométese por escrito a ser leais –e cito textualmente– coas decisións do Consello do Goberno de Galicia –iso era obvio–. É unha cláusula reveladora da confianza mutua que parece existir. Mal asunto se, poñendo vendas por diante das feridas, hai que asinar ao que por lei se está obrigado.

A súa posición non é envexable, en fin, se ás anteriores realidades lles engadimos o contexto político xeral español e europeo no que vai ter vostede que gobernar, un momento no que se está a cuestionar, desde os máis variados ámbitos, a necesidade de dar continuidade ás políticas de cohesión e solidariedade, tanto en Europa como en España –un tema, por certo, o das perspectivas do marco financeiro comunitario, que vostede nin sequera abordou minimamente no seu discurso–.

Na actual situación política, Galicia necesita que se exerza un liderado firme e comprometido na defensa da Constitución e dos principios que a inspiran. O Goberno da nación, tan suxeito, como vostede o vai estar, á vontade dos grupos minoritarios para manterse no poder, non está a defender con suficiente firmeza algúns dos principios básicos sobre os que construímos o noso pacto constitucional, grazas ao cal estamos aquí. Neste contexto, vostede optou por aliarse con

quen non se distinguíu, ata o de agora, por ter claro que da vixencia deses principios constitucionais dependen, precisamente, o noso progreso e benestar.

Nós, nestas circunstancias, asumiremos a nosa responsabilidade servindo unha vez máis a Galicia, agora desde a oposición. O Partido Popular de Galicia fará unha oposición leal, construtiva e responsable. A nosa oposición será leal, porque o noso primeiro obxectivo será o de garantir e colaborar no mantemento da estabilidade das nosas institucións de autogoberno, plenamente consolidadas e asentadas, aceptadas por todos e que moi maioritariamente a sociedade galega quere preservar. Esperamos ser exemplares neste terreo, calquera que sexan as inxurias que recibamos.

Desgrazadamente, Galicia está suxeita, igual que o resto de España, ás ameazas do terrorismo separatista da ETA e, igual que o resto do mundo libre, ás ameazas do terrorismo internacional. Xa se tentou –eu ben o sei, que me voaron a casa– crear un exército guerrilleiro galego, pero esta semana asistimos a un intento dos grupos independentistas de manchar a celebración do día grande de Galicia poñendo bombas. Por iso, a pesar de que isto non foi mencionado, creo, señor candidato, que hai que enfrontarse a eles co máximo rigor desde o primeiro momento, para facer cumprir a lei en contra dos violentos; para que o discurso político de todos nós en ningún caso sirva de escusa ou amparo xustificativo da violencia; en definitiva, para preservar a paz social, para o cal conta vostede coa nosa incondicional e permanente colaboración e asistencia.

A nosa oposición será, en segundo lugar, construtiva, porque nos centraremos en defender as ideas e os proxectos contidos no noso programa electoral, que mereceron o apoio de 750.000 galegos, motivo dabondo para a súa consideración nesta Cámara, e confío que, en moitos casos, para a súa aprobación.

E a nosa oposición será, finalmente, unha oposición responsable: faremos un control permanente, serio e rigoroso de todas as accións que emprenda o novo Goberno.

No debate de investidura celebrado hai catro anos dixeran ante esta Cámara que nunca son suficientes as chamadas que se fagan, con cordialidade, a favor do diálogo e da colaboración posible; consecuentemente, eu tamén acepto a súa invitación ao diálogo.

Realmente, vostede só lle ofreceu ao grupo maioritario da Cámara un pacto de índole política para reformar o Estatuto. Como vostede recoñeceu, o noso voto é, nesta materia, decisivo. O Estatuto require, no seu artigo 56, unha maioría de dous terzos dos membros desta Cámara para aprobar a reforma. Pois ben, nós aceptamos a súa oferta de diálogo e de consenso e propoñémoslle ampliala para a subscripción de cinco grandes acordos institucionais nos grandes temas nos que o supremo interese de Galicia debe de estar por riba das lexítimas diferenzas partidarias. Propoñémoslle un pacto polo autogoberno, un pacto polas infraestruturas, un pacto polo financiamento autonómico, un acordo sobre o pacto local e un pacto sobre as reformas institucionais do Estado das autonomías.

En primeiro lugar, digo un pacto polo autogoberno. Como manifestamos na pasada lexislatura, mesmo por escrito, con ocasión da miña visita institucional ao que acababa de ser elixido presidente do Goberno da nación, señor Rodríguez Zapatero, e como reiteramos no noso manifesto electoral, o Partido Popular está a favor de que na presente lexislatura se proceda á reforma do vixente Estatuto de autonomía.

Hai que recordar que contamos cun estatuto magnífico, que foi ben aplicado, e que do total de 155 transferencias asumidas por Galicia –só por detrás de Cataluña–, os gobernos que eu presidín asinaron case a metade, 70, entre as que se contan as da sanidade, que algún criticou, pero probablemente lle faltan os datos para poder falar deste asunto. Por exemplo, é interesante saber que se fixeron 10.200 operacións máis no último ano que en igual período de 2004, e 64.000 consultas neste 2005 máis que en igual período do ano anterior, e así, sucesivamente.

É certo que se poden facer melloras, pero, desde logo, teño que dicir que o incremento do ámbito competencial mencionado fai que o orzamento da Xunta que nós recibimos apenas chegara aos 1.700 millóns de euros e o equivalente no ano 2005 supera os 9.000 millóns de euros que deixamos á súa disposición.

Pois ben, señor Pérez Touriño, se a reforma ten como límites os establecidos pola Constitución, saiba que contará coa nosa leal colaboración para levala a bo termo. Se, pola contra, os límites constitucionais se esvaen para dar cabida a

quen máis que reformar o Estatuto pretende reabrir o debate constituínte pola porta traseira –e algo escoitamos esta mesma mañá–, saiba que non contará con nós. Ao que non estamos dispostos é a servir de coartada da frustración dunha reforma que esta plantexada só para satisfacer as demandas soberanistas dunha minoría social e política que foi a que máis baixou en votos.

Teño que dicir que a súa posición, ata o de agora, non a vemos coherente, porque un día se falou da reforma estatutaria como en Andalucía ou en Estremadura e ao día seguinte a referencia foi Cataluña, cando é evidente que o que pretenden os señores Chaves ou Ibarra non é o mesmo que o que persegue o seu compañeiro Maragall, que aínda non foi capaz de lograr un acordo, por certo, con outras forzas. Témoslle oído propoñer unha comisión parlamentaria e dicir pouco despois que, con carácter previo ao inicio dos traballos parlamentarios, a reforma se someterá ao ditame do Consello Consultivo, órgano que foi creado por nós e que ten a obriga de informar sobre o proxecto unha vez que estea rematado, pero non antes.

En todo caso, cando escoito falar de Galicia como unha comunidade de carácter nacional no marco dun Estado plurinacional, dígolle que iso non é o que di a Constitución, que fala dunha única nación española, patria común e indivisible de todos os españois.

O Partido Popular de Galicia quere contribuír a que vostede clarifique a súa posición. Ofrézolle para iso, señor Pérez Touriño, un pacto polo autogoberno que contemple unha reforma consensuada do Estatuto dentro da Constitución.

Para xustificar o seu pacto cos nacionalistas, ten vostede argumentado que 866.000 galegos apoiaron o “cambio”. Pois ben, utilizando o seu mesmo argumento cuantitativo, é evidente que os 1.312.000 galegos e galegas que votaron ao PP de Galicia e ao PS de Galicia apoian o actual Estado das Autonomías e a súa reforma, pero non a súa substitución por abstractos modelos confederais. Calquera estudo demoscópico dos que temos lido nos últimos tempos confirma que a inmensa maioría dos galegos –máis do 70%– apoia o actual modelo autonómico, séntese tan español como galego e tan galego como español. A vostede correspóndelle agora a responsabilidade de facer posible que esa gran maioría, ese pre-

cioso consenso social, se manteña cara ao futuro. Contará para iso –insisto– co noso pleno e leal apoio.

Como é natural, o pacto polo autogoberno que lle ofrecemos para a reforma do Estatuto é extensible á asunción de novos traspasos para a ampliación do ámbito competencial de Galicia. Cando recibín unha carta do ministro Sevilla, mandeille unha longa lista destas peticións, que foi contestada polo señor Méndez Romeu en termos sumamente negativos. Pero o certo é que o acordo programático subscrito por vostedes co BNG é moi pouco ambicioso, apenas menciona cinco transferencias pendentes, cando nós estabamos reclamando o traspaso de trinta e tres.

Entre os esquecementos salientan, ademais, algunhas materias xa próximas ao traspaso, como as competencias de emprego e formación do Instituto Social da Mariña ou o Parque Nacional das Illas Atlánticas; ou outras de tanta transcendencia para Galicia como a xestión dos portos e aeroportos. Teño curiosidade por ver, agora que se pide o cambio da Inspección de Traballo, como aquela persoa –o señor Méndez Romeu– que recentemente negou a posibilidade de traspasarlle a Galicia a Inspección de Traballo, na súa condición de secretario de Estado para a Cooperación Territorial, agora vai reivindicala a Madrid. Isto parece un pouco incongruente.

O Partido Popular de Galicia quere ofrecerlle, en segundo lugar, un pacto polas infraestruturas; unha materia na que, novamente, o seu discurso resultou decepcionante. Nós cremos que Galicia ten que continuar reivindicando o Plan Galicia –que aquí foi naturalmente inxuriado–, aprobado polo Consello de Ministros reunido o 24 de xaneiro de 2003 precisamente no Concello socialista da Coruña. En primeiro lugar, porque é de xustiza. En segundo lugar, porque o efecto multiplicador dos investimentos previstos e programados de aquí ao ano 2010 –máis de 14.000 millóns de euros– permitiría acelerar a nosa converxencia económica, da que tanto se falou aquí, e que o desemprego en Galicia se situase na súa taxa natural, ou o que é o mesmo, que non houberse paro. E, en terceiro lugar, polo mantemento da coherencia e da dignidade desta Cámara e das Cortes Xerais. Lémbro-lles, señorías, que o Plan Galicia, cos seus prazos, foi apoiado por unanimidade no Congreso dos Deputados e no Senado o 22 de xuño de 2004, e ratificado polo Parlamento de Galicia na Resolución do 28 de xullo de 2004 da Comisión

de Seguimento do mencionado plan; iso si, coa abstención do seu grupo, señor Touriño.

Eu comprendo, aínda que non comparto, que, despois de que algúns encheran a boca falando de “modelos de desenvolvemento baseados no cemento”, non poidan ir moi lonxe na reivindicación dos investimentos estatais que garantirían o pleno emprego en Galicia e a nosa definitiva converxencia económica. Pero o que non esperabamos é que non só omitisen mencionar o Plan Galicia senón que asinasen a súa defunción.

En primeiro lugar, señor candidato, afirmou que sería un obxectivo razoable plantexarse que no 2010 estivese rematado o corredor do Atlántico do tren de alta velocidade. O Plan Galicia prevía que estivese rematado no ano 2007. En segundo lugar, a autovía do Cantábrico debería estar lista no ano 2007-2008 e vostede pospona ata o 2010. E, en terceiro lugar, o que é máis grave, o AVE coa Meseta, que garantiría a conexión das sete cidades galegas con Madrid en menos de tres horas e que estaría operativo de acordo co Plan Galicia no 2007, queda agora sen data e referénciase ao Plan estratéxico de infraestruturas e transportes (o famoso PEIT), que ten como horizonte temporal o ano 2020. O PEIT non contén nin un só prazo nin un só compromiso de investimento en Galicia. Vostedes van demandar do Estado un 8% dunha incerteza; pero, ademais, ¿como defendemos o 8% por encima da media do que nos puidera tocar por calquera criterio?

Non falo xa da débeda histórica, que vostede tivo acerto en non mencionar e que me pregunto se é no tempo do rei Don García ou no dos suevos onde hai que situala. E non é que o digamos nós, pois hai apenas unha semana o prestixioso servizo de estudos da banca Morgan Stanley, especializada en investimentos, presentou un informe no que se pon en dúbida a sostibilidade do PEIT, criticábase o seu esquema financeiro, considérase moi improbable que a iniciativa privada poida asumir o 20% dos investimentos do devandito PEIT e criticábase o sorprendente longo prazo previsto para a súa execución.

Quero nesta cuestión, novamente, ser especialmente claro. Ao longo do último ano e medio, temos contemplado con decepción e perplexidade a falla de compromiso do actual Goberno da nación co Plan Galicia; aquel que o señor Rodríguez Zapatero se comprometeu a mellorar e do que o

señor Pérez Touriño se proclamou garante. Algúns puideron pensar que a cancelación de investimentos xa comprometidos tiña unha motivación electoralista para danar o Goberno que eu me honrei en presidir; outros interpretárono como unha nova proba da falla permanente de compromiso dos gobernos socialistas con Galicia. Pero o que é intolerable é que, estando defendendo o Plan Galicia, se diga no seu discurso que se “utilizou a Xunta como ariete fronte ao Goberno da nación”. Non, o ariete estaba do outro lado, derrubando unha ilusión de Galicia (*Aplausos.*), como é natural. E estaba asegurada a miña leal colaboración nas cuestións de Estado, polo que mesmo o ministro, o señor Sevilla, me felicitou por escrito con ocasión da posta en marcha da Conferencia de Presidentes –que, por certo, fun eu quen a propuxo no seu momento–. Espero de vostede, e polo tanto do seu Goberno e das dúas forzas que o apoian, que defendan coa máxima énfase a materialización do Plan Galicia.

Estamos preparando un acordo polas infraestruturas que Galicia necesita; un acordo que contemple a continuidade e a mellora do desenvolvemento do vixente Plan de infraestruturas de Galicia 2001-2010, debatido neste Parlamento. Ben é verdade que houbo un tempo no que algúns dos que aquí estamos representados lle chamaron “navalladas” no corazón de Galicia á primeira autopista que se fixo. Por certo, de contar con 99 km de autoestrada pasamos a ter 639 km de autovías; de non ter nin un só quilómetro de vías de alta capacidade, pasamos a ter unha rede autonómica de 431 km, e así sucesivamente.

En terceiro lugar, queremos ofrecerlle un pacto polo financiamento autonómico –cuestión capital para Galicia– que vaia máis aló da concertación dunha posición común sobre o financiamento sanitario que vostede nos ofreceu.

No momento presente, ademais da xa mencionada eventual falla de financiamento europeo, a suficiencia da Facenda galega pode verse comprometida de non frearse os intentos que se están a facer desde algunha comunidade autónoma presidida por un correlixionario seu, señor Pérez Touriño, de rachar unilateralmente coa capacidade do Estado para cumprir o seu deber constitucional de garantir a solidariedade interpersoal e interterritorial.

É evidente que nós temos dereito a mellorar a nosa autonomía financeira, pero de modo multilateral, non por deri-

vacións bilaterais de cada autonomía co Goberno, o cal xogará sempre en contra de nós. E teño que dicir que espero que na Conferencia de Presidentes poida vostede defender o financiamento sanitario co éxito que todos lle desexamos, posición que nós cremos que xira en torno á defensa de tres principios.

Primeiro, o de multilateralidade, porque o financiamento autonómico debe ser resolto, como digo, por acordos multilaterais e consensuados entre todas as comunidades autónomas e a Administración Xeral do Estado –se non, pasarémo-lo mal–.

Segundo, garantir a autonomía e a suficiencia financeira das comunidades; a ampliación da capacidade normativa das comunidades sobre os tributos propios, por suposto, merecerá ser apoiada.

Terceiro, a solidariedade, porque a variable poboacional ten que ser tida en conta con todas as súas consecuencias: o envellecemento, por unha parte, e a dispersión da poboación no territorio, o cal é, un ou outro, especialmente importante no financiamento sanitario.

En cuarto lugar, ofrecémoslle un acordo para o impulso do pacto local en Galicia. Compartimos con vostedes a necesidade de recoñecerlles aos concellos moitas das competencias que están a exercer na actualidade, de mellorar o seu marco financeiro, e consideramos que iso debe facerse mediante o diálogo coa Federación Galega de Municipios e Provincias. Pero vexo no acordo programático unha frase que, aínda usando o dicionario, non podo entender; fálase dunha nova organización administrativa baseada en comarcas –xa as temos–, rexións –¿que quere dicir iso?, ¿que rexións se van facer dentro de Galicia?, ¿son as veguerías catalás ou é substituír as provincias por outra cousa que teña garantía constitucional?– e áreas metropolitanas –xa temos en marcha a primeira–. E tamén a elaboración dun Plan único de obras e servizos para coordinar as deputacións provinciais, que igualmente –como xa se veu nos intentos do tripartito para suprimir a autonomía das deputacións provinciais garantida pola Constitución– está condenado ao fracaso. En todo caso, na actualidade o Partido Popular de Galicia goberna en 218 dos 315 concellos de Galicia, polo que á Fegamp –presidida moi ben, por certo, por un alcalde do noso partido, que goberna ademais en tres das catro deputa-

cións provinciais– é evidente que lle podemos ser de utilidade.

Temos creado un órgano paritario, a Comisión Galega de Cooperación Local: usémola. E a Fegamp dispón xa dun documento para a materialización do pacto local en Galicia que supón para o seu financiamento o compromiso da Xunta de incorporar aos orzamentos da Comunidade Autónoma 4 millóns de euros no 2006. Espero que se poida continuar e mesmo aumentar. En todo caso, ofrecémoslles un acordo que, tomando o mencionado documento como base mínima de negociación, permita a resolución dos urxentes problemas dos concellos e o achegamento da Administración á cidadanía; un pacto que, como é lóxico, tamén debería contemplar a continuidade no impulso ás áreas metropolitanas: as da Coruña, Ferrol, Pontevedra e Vigo deberían ser unha realidade canto antes.

Respecto das rexións, esperamos que vostedes as expliquen, dado o absoluto baleiro que a respecto do seu alcance, competencias e funcións hai no seu programa de goberno.

Finalmente, en quinto lugar, quero ofrecerlle un gran pacto para a reforma do Estado das Autonomías co fin de que Galicia teña unha posición solidamente apoiada polo seu Parlamento. É ben sabido que fun o primeiro que impulsou e demandou converter o Senado nunha verdadeira Cámara de representación territorial –xa o dixen no noventa–, a institucionalización dunha Conferencia de Presidentes como punto de encontro para a debate e o análise da marcha das autonomías e a participación das comunidades autónomas nas institucións da Unión Europea ou na planificación económica do Estado –xa empezamos a facelo en materia de pesca–.

O certo é que o Partido Popular apoiará a reforma constitucional do Senado así como o avance nas outras propostas de reforma institucional que mencionei, pero teño a impresión de que cos seus aliados nacionalistas vai haber diferenzas irreconciliables nesta materia.

Ofrézolle o apoio do grupo máis numeroso desta Cámara, e teña por certo que nós cremos que un Senado reformado pode contribuír a mellorar a participación das comunidades autónomas na formulación das leis e das grandes políticas do Estado que lles afectan, pero a reforma da Cámara

alta non pode ser un pretexto para modificar a esencial igualdade entre todas as comunidades autónomas. Coa reforma do Senado non se pode perseguir a súa conversión na “Dieta” dun Estado confederal, como teñen manifestado en ocasións os seus novos compañeiros de viaxe e pretenden abertamente os nacionalistas vascos e cataláns. Trátase, ao contrario, igual que sucede coa reforma do Estatuto, de mellorar o Estado autonómico afondando nas posibilidades que ofrece a actual Constitución.

Señorías, se hai unha tese sociolóxico-política que pode dar como certa, tras cincuenta anos de intensa vida adicada á política activa e á reflexión xurídico-pública, é a tese do reformismo. As sociedades que máis avanza e progresan son aquelas que saben conservar o mellor do feito no pasado e, sobre esa base, emprender a ilusionante tarefa de superar os novos retos do futuro.

Vostedes escenificaron a sinatura do seu Acordo programático no magnífico edificio do Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago, deseñado polo admirado arquitecto portugués Álvaro Siza, pero non comezado ataque eu cheguei ao Goberno, que nós mantivemos, financiamos e, efectivamente, fixemos del o que dicía o señor candidato: “un símbolo da modernidade, da cultura, da liberdade, da apertura, da esperanza e do futuro”. Pois ben, tamén outras infraestruturas culturais están en marcha e son esenciais para o futuro de Galicia, son as que lle van dar á súa cultura o prestixio que necesita. É necesario mantelas e conservalas.

En todo caso, sería bo que vostedes evitasen o vello conto dos tres sobres que o presidente cesante dunha gran compañía lle entrega a quen o vén substituír co consello de que os abra consecutivamente cada vez que se lle presente un problema grave na empresa: o primeiro, aberto tras a primeira crise, contén unha nota que di: “bótalle a culpa ao teu antecesor”; o segundo, aberto en medio da segunda gran crise, propón reorganizar a empresa; o terceiro suxire simplemente preparar tres novos sobres idénticos para darllos ao novo xestor. (*Aplausos.*)

Dá a impresión de que vostedes abriron o primeiro sobre e están a seguir o seu consello mesmo antes de empezar a gobernar. Só así se poden entender algunhas das afirmacións recollidas no limiar do seu acordo programático, concretamente as que aluden á etapa de goberno que agora remata

como un tempo de regresión económica e social, restrición das liberdades democráticas e perda dos nosos sinais de identidade. Iso non se pode dicir en serio de ningunha maneira, pero é realmente unha demostración de que pode haber incompatibilidade de certas prácticas de goberno cunha democracia moderna.

A realidade é que vostede non presentou un verdadeiro programa, fixo nalgúns temas anunciar a continuidade dos que nós estamos xa facer, moitas veces con obxectivos menos ambiciosos, ata o punto de que presentou como novidades cousas que xa están feitas. Noutros asuntos, algúns de enorme relevancia, o que fixo foi sinxelamente non mencionalos. Finalmente, como fixeron os] oradores que me precederon no uso da palabra, hoxe dedicouse a descualificar o noso labor.

Teño que dicir que, aínda que vostede presentou como primeira necesidade do país a educación, coincide totalmente co noso punto de vista. Prometeu primeiro que aumentaría o 20% o presuposto dese departamento no primeiro ano; despois dixo na lexislatura, o cal, por certo, é menos que o aumento que lle estabamos dando nós. É como a proposta do señor Zapatero respecto do aumento orzamentario para I+D+I, que quedou en nada.

Eu comprendo que lle queiran dar continuidade ás nosas políticas educativas, que presentan un balance máis que aceptable: as nosas tres universidades son exemplares; segundo recentes estudos, Galicia é a terceira comunidade autónoma de España cos mellores resultados educativos, a sexta en gasto medio por alumno; dedicamos a terceira parte do orzamento da Xunta a educación, e ocupa o segundo lugar en canto a menor número de alumnos por aula.

O mesmo podemos dicir da sanidade, sobre a que se presentou un programa xenérico, asumible por calquera. Non asume compromisos específicos, nin sequera respecto das listas de espera, que é verdade que as hai, pero que están mellorando constantemente; e mesmo chega a anunciar a extensión a toda a poboación da atención primaria, cando na actualidade toda a poboación galega xa ten acceso á atención primaria as vinte e catro horas do día. (*Aplausos.*)

A verdade é que farían ben en seguir unha política continuista nun terreo no que o meu Goberno conseguiu impor-

tantes logros. En 1990, o Insalud gastaba en Galicia 58.760 pesetas por habitante. Hoxe, tras aquí criticar as transferencias da sanidade a Galicia, o Sergas inviste 170.993 pesetas por habitante. Creáronse 150 novos centros de saúde, e pasouse de 18 hospitais a 32 –entre eles, o Clínico de Santiago, que é un dos mellores de España–, por citar só os datos máis salientables.

É como as políticas de igualdade. A Lei galega para a igualdade de mulleres e homes, que, por certo, os socialistas votaron en contra, xa di que se deixará de subvencionar, bonificar ou prestar calquera tipo de axuda pública ás empresas nas que se acredite discriminación salarial, acoso moral ou calquera outro tipo de trato desigual por razón de sexo. Por certo, eu onte estiven en Vilamarín, un concello próximo a Ourense, como saben, exemplarmente gobernado por un gran alcalde do noso partido, onde a proporción de mulleres e homes é de 7 a 4. Non é paridade; onde as hai, hainas; onde queren, queren, e onde non, non.

O mesmo poderíamos dicir sobre a agricultura, onde apenas fan un mal resumo do xa aprobado Plan galego de desenvolvemento rural, a Galicia de 2020; sobre un magnífico plan relativo á Policía Autonómica onde vostedes só teñen que retomar o proxecto de lei enviado ao Parlamento o pasado 2 de marzo; sobre os obxectivos no ámbito de I+D, da sociedade da información, que coinciden cos plans xa aprobados pola actual consellería; ou sobre a incorporación das novas tecnoloxías da Administración, na que esta Comunidade está á vangarda de España.

Houbo clamorosas omisións, mesmo sendo comprensivo coa imposibilidade de abordalo todo en tan pouco tempo. Salienta, obviamente, a ausencia de propostas en materia forestal e, especialmente, no que atinxe á loita contra os incendios nos montes, a pesar da importancia do sector forestal en Galicia e da que vostedes mesmos lle deron cando eran oposición. Por certo, falaba da falla de postos de traballo, pero unha fábrica de papel tisú que se ía facer na ría de Pontevedra estase facendo xa en Navarra, e o primeiro que falou de celulosas en Galicia foi Castelao, cunha visión de futuro. Esta é unha cuestión na que o meu Goberno pode sentirse razoablemente satisfeito dos resultados acadados.

Ata 1990, a media anual do monte queimado superaba as 6.000 hectáreas/ano, hoxe apenas acadada as 25.000; unha

redución de máis do 75%, pese a que padecemos algún dos anos de maior seca, como é este no que se comezaron a facer estatísticas. Hoxe en Galicia parece imposible que se produza unha desgraza como a que acaba de ocorrer en Castela-A Mancha, con once mortos, e que, por certo, moito lamentamos.

Tamén omitiu vostede calquera explicación da enigmática proposta, incluída no seu acordo programático, de elaborar un novo plan de residuos que contemple a planta de Sogama como unha incineradora nun prazo de oito anos. Ben farían vostedes en falar con moitos dos alcaldes dos seus propios partidos, que ben saben que o noso Goberno clausurou 157 vertedoiros –o 89% do total–, que coñecen a utilidade de Sogama e do vixente Plan integral para o tratamento dos residuos urbanos, que valoriza enerxeticamente o 80% dos residuos de Galicia.

Anímoos a que sigan mellorando o medio ambiente, como fixemos nós ao incrementar as 1.200 hectáreas de espazos naturais protexidos; 1.200 hectáreas que nós atopamos e que agora son 338.000 hectáreas, entre as que se conta o primeiro parque nacional en Galicia, que é o das Illas Atlánticas.

Tamén foron clamorosos, señor candidato, os seus silencios en materia de pesca. Non falou en ningún momento da política marítima, na que esperamos que lle sexan de utilidade os dous libros, verde e branco, preparados polo noso Goberno. Non mencionou a política pesqueira común nin o novo Fondo Europeo de Pesca, que está en discusión; non falou dos portos de Galicia; non mencionou nada sobre o salvamento marítimo, o que tomo como un recoñecemento de que o servizo de gardacostas creado por nós foi en verdade unha boa decisión para evitar outra catástrofe coma a do *Prestige*.

Tamén esqueceu, señor Touriño, mencionar nada relacionado co mundo do deporte, pese aos importantes e recentes éxitos dos deportistas galegos en competicións internacionais.

Finalmente, en terceiro lugar, creo que fan vostedes críticas inxustas en determinadas áreas, que só se poden explicar como un intento de agachar as diferenzas que os membros da súa coalición manteñen nesas materias.

Por exemplo, falouse de emprego, e non se pode plantexar a creación de emprego en Galicia como a resolución dunha catástrofe colectiva; non é certo que Galicia non sexa capaz de reter os seus mozos, e ben o sei eu, que son fillo de emigrantes. Por certo, aquí, nesta Cámara, está no noso grupo o presidente do Consello da Emigración, que nós si puxemos nas nosas listas. A realidade é que desde 1990 Galicia está a bater os seus récords de saldo migratorio positivo. Segundo o Instituto Nacional de Estatística, Galicia acolle cada día 92 novos habitantes, 33.700 anuais. O INE acaba de certificar que, entre 1992 e 2003, chegaron a Galicia 15.538 mozos máis dos que saíron da nosa Comunidade, máis dos que saíron da nosa Comunidade. (*Aplausos.*) E iso é, entre outros motivos, polo éxito das nosas políticas activas de emprego. Desde que o meu goberno asumiu en 1998 as competencias de xestión das políticas activas de emprego, a taxa de paro reduciuse desde o 18,2% ata o 10,9% no primeiro trimestre de 2005. Unha redución do desemprego paralela a un incremento da poboación activa de máis de catro puntos, que aínda ten máis mérito.

O que vostede non dixo é cal é o seu modelo económico para crear emprego, só fixo declaracións de boas intencións e nin unha soa referencia a unha política agrícola, pesqueira ou industrial. Non nos dixo cal vai ser a política económica, e temo que é porque non a teñen.

Pódese dicir o mesmo da súa declaración de que vostedes lles ofrecerán dereitos e non caridade aos nosos emigrantes. Non só subestima a intelixencia dos nosos paisanos –estaban moitos deles aquí o outro día, na entrega das medallas de Galicia– con declaracións dese teor, senón que ignora o feito de que para todas as axudas que estes recibiron se realizaron convocatorias públicas –non só de diñeiro público senón do que nos deu a sociedade galega, e foi xenerosa coa fundación correspondente–, publicadas nos diarios oficiais e abertas para todos os interesados –ningunha foi dada doutro xeito–.

Despois de comprobar como fixeron vostedes campaña electoral en Bos Aires, creo que non teñen nin a máis mínima lexitimidade para criticarnos. E aproveito para lembrarlle que, en cumprimento das leis orzamentarias e financeiras españolas e galegas, o Parlamento de Galicia recibe puntualmente información sobre todas as subvencións, avais, etc., tanto da Administración xeral como dos organismos

autónomos e das sociedades públicas; mesmo fomos felicitados pola Comisión Europea polo uso dado aos fondos europeos. (*Aplausos.*) Señor Touriño, de falla de transparencia nada.

En fin, vostedes acusaron o noso Goberno de amosar un insaciable afán de controlar a sociedade. Con prensa libre, con grupos paralelos como Burla Negra ou Nunca Máis, ¿quen pode falar de manipulación da xente do noso país? Se a houbo, foi noutra dirección. Non deixa de ser curioso que, como exemplo de apertura á sociedade, unha das súas primeiras medidas sexa a de modificar as leis de caixas de aforros –evidentemente, para incrementar o seu control político–, ou que, xa que están dispostos a aprobar unha lei para que o nomeamento do director xeral da Compañía da Radio e Televisión de Galicia se faga por consenso, non nos propoñan xa un pacto para a elección do director xeral por ese sistema; así, de paso, eludirían un dos problemas que máis dificultou, segundo teño entendido, o seu pacto de Goberno.

Señora presidenta, señorías, creo sinceramente que deixamos unha Galicia moito mellor que a que recibimos, porque moito os galegos temos feito xuntos nos últimos deza-seis anos. Creo sinceramente que deixo a Presidencia da Xunta podendo dicir, como dixera o gran Cánovas del Castillo nun dos seus memorables discursos parlamentarios –lerei en castelán, que foi como el o dixo–: “*Discutí siempre con profundo respeto hacia los poderes constituidos, fueran los que fuesen, y jamás apelé ni a la estéril excitación de las pasiones ni a la provocación de las sediciones. No creé embarazos malévolos con mi conducta, ni seguí un instante siquiera una política pesimista. Yo he buscado en verdad el éxito, y he buscado el éxito porque en él estaba para mí el bien de la patria; le he buscado por medios seguros, aunque a veces lentos, porque sabía que este había de lograrse en bien de todos, y hasta en beneficio de los que eran a la sazón mis propios adversarios políticos.*”

Evidentemente –e conclúo–, o meu grupo non vai apoiar a súa investidura, señor Pérez Touriño, que estará asegurada por outros votos; son demasiadas as incertezas e os baleiros que presenta o seu programa de goberno, algúns deles en temas tan importantes como a propia definición de Galicia e a súa imbricación en España, que é unha cousa moi seria.

Confío, señor Pérez Touriño, en que o seu Goberno non incorra no erro de querer comezar de cero, porque Galicia demanda avances, non retrocesos; novas iniciativas, non desmontar o moito que se ten feito nesta terra.

Nós –reitérollo máis unha vez– estamos dispostos, como deixou escrito Xoán Rodríguez Cabrero, *a cumprir como galegos ben nados co sacro deber de laborar polo bo nome da pequena patria*. Saiba que para iso poderá sempre contar coa leal colaboración do Partido Popular de Galicia.

Moitas grazas pola súa atención. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor candidato á Presidencia da Xunta de Galicia para responder aos señores portavoces.

O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño): Señora presidenta, señorías, quero que as miñas primeiras palabras vaian dirixidas a agradecerlle o apoio, o pleno apoio, ao Grupo Parlamentario Socialista. Paralelamente, xunto con iso, polo que significan de compromiso coa esperanza, coa responsabilidade de futuro que se abre para esta Cámara parlamentaria, quero incidir na manifestación que acaba de facer o Grupo Parlamentario Socialista de diálogo e de transparencia como elementos substantivos e substanciais da nova forma que queremos de facer política; e no seu compromiso, que asumo plenamente, de revitalizar o Parlamento, de converter o Parlamento no centro da vida política do país. Reitero o compromiso que antesdonte, na intervención inicial, establecí diante da Cámara, a partir do acordo de Goberno, para, agora si, pór en marcha, compartir dialogadamente, unha modificación do Regulamento da Cámara que permita un funcionamento desta Cámara máis áxil, máis vivo, máis dinámico, máis próximo á cidadanía. E reitero o meu compromiso, que anunciei nese discurso de investidura, na primeira parte, de comparecer e someterme ao control da Cámara en todos os plenos deste Parlamento.

Quero, en segundo lugar, referirme, seguindo a orde de intervención, ao voto –que agradezo– que anunciou, en nome do BNG, o seu presidente, Anxo Quintana. O meu agradecemento polo seu apoio. O 19 de xuño –e permítanme algunha reflexión ao fio da súa intervención, que quero comentar– Galicia votou con moita claridade. Dixo: Póñan-

se de acordo, cumbran co mandato das urnas. E, efectivamente, os dous grupos, as dúas formacións políticas, Partido Socialista e BNG, BNG e Partido Socialista, temos falado, temos dialogado, temos encontrado espazos amplos de coincidencia e acordo, temos contrastado os programas, e, finalmente, fomos quen de poder rubricar, sinalar, subliñar, un acordo de goberno, un acordo de progreso, con transparencia, e asumilo diante de toda a cidadanía.

En nome das dúas formacións políticas, o pasado mércores, diante da Cámara, sometín á consideración desta os eixes básicos e fundamentais –necesariamente sintetizados, pero fundamentais– dese acordo de goberno ao que temos chegado; un acordo de progreso que significará un compromiso coa modernización política do país, coa renovación democrática, co impulso ao autogoberno de Galicia. E teño que amosar a satisfacción de ver que ese acordo responde con exactitude –atreveríame a dicir–, con moita claridade, á vontade dos cidadáns tal e como foi expresada nas urnas. Creo que a satisfacción que podemos compartir ambos os dous grupos, expresada diante desta Cámara, é xustamente porque fomos capaces de recoller e de sintetizar os compromisos programáticos que ao longo da campaña electoral ambas as dúas formacións políticas tiñamos establecidos para dar a luz un instrumento positivo que sustente a acción dun Goberno que será estable e solidario: o Goberno da Xunta de Galicia.

Sen dúbida, nesta Cámara está reflectida a pluralidade da sociedade galega e o acordo ao que chegamos. O que conforma hoxe a maioría parlamentaria e política despois do resultado das urnas expresa algo extraordinariamente positivo –permítanme que o diga así ao fio da intervención do señor Quintana–, expresa xustamente a riqueza da pluralidade e da variedade que tamén no seo das forzas progresistas define a sociedade galega.

Unha sociedade que quixo que o cambio non fora protagonizado por un ou por outro partido senón que ponderou, matizou, libre e soberanamente co seu voto o como e o que, e que estableceu con claridade que ese cambio fose sustentado, apoiado e nucleado en torno á contribución de dúas formacións políticas. O cambio, polo tanto, significa o esforzo de diálogo e de atopar elementos comúns que fixemos, a unión nun obxectivo común de renovación do país, de modernización política do país, de impulso do autogoberno,

de fortalecemento, e significa tamén que acolle a pluralidade de sensibilidades, de matices, que incorporan sen dúbida ambas as dúas formacións políticas. E o resultado é extraordinariamente positivo porque, por primeira vez na historia de Galicia, como resultado desa capacidade de interpretar fielmente o voto dos cidadáns, se pode producir a alternancia democrática que ata agora non se puidera producir na sociedade galega; amosando, en definitiva, o relativismo político san que é propio da democracia: que se está no Goberno e a continuación, por decisión dos cidadáns, corresponde estar na oposición. En definitiva, depende do voto e da vontade inequívoca dos cidadáns, e creo que, nese sentido, sen dúbida, o pobo galego, unha vez máis, acaba de exercer un exercicio de madurez, de intelixencia e de aposta inequívoca por abrir unha nova etapa na historia da nosa comunidade. Iso é así e é aquí onde nos atopamos no día de hoxe.

Por certo, como pasa na maioría dos países democráticos do ámbito europeo. Como pasa, ou ten pasado, en Italia, Alemaña, Francia, Bélxica, etc. En gran medida, en boa parte, na maioría dos países democráticos, a coalición é unha fórmula usual, normal, e que forma parte da cultura democrática. Neste país non o vivimos durante dezaseis anos. Vivimos un réxime democrático de partido con maioría absoluta. Os cidadáns decidiron cambio. O noso compromiso inequívoco é con esa vontade cidadá, e a intervención –que agradezo extraordinariamente– do portavoz nacionalista debuxa exactamente un compromiso nesa dirección, nesa orientación, tal e como quedou sustentado e recollido no programa que presentaba na sesión do mércores en nome das dúas formacións políticas.

Únenos un galeguismo cívico, solidario, e o ánimo de diálogo e de integración. A maioría parlamentaria –comprometío o portavoz nacionalista, comprometío o portavoz socialista, comprometino no discurso de investidura– quere facer desta lexislatura unha lexislatura de unión, de diálogo e de integración, de transparencia en toda a actuación e, xunto con iso, de diálogo, de suma de esforzos, de unión do país, para poder afrontar as grandes tarefas pendentes nesta nova etapa.

Únenos unha visión da Galicia de hoxe, da Galicia que queremos proxectar. Únenos a vontade de normalizar democraticamente este país. Únenos a determinación de pasar á acción. Únenos saber que é a hora da proposta e da iniciati-

va. E asumimos plenamente –como acaba de acreditarse–, con plena responsabilidade, buscando todo aquilo que vaia no ben e na defensa dos intereses xerais da cidadanía, na defensa dos intereses xerais do país.

Hai posicións de partido, ás cales non hai por que renunciar –é máis, agradezo a intervención do voceiro nacionalista, que non renuncia a elas–, porque son lexítimas, porque son democráticas, porque non deben de ser escondidas, e porque tampouco interfieren no acordo e impulso da acción unida, da acción de goberno, no acordo programático ao que temos chegado. É lóxico que, desde a visión dunha forza nacionalista, se reitere a concepción dunha débeda do Estado con Galicia e se exprese nominalmente e conceptualmente de determinada maneira. Para poder gobernar xuntos e transformar este país non necesitamos todas as forzas políticas da Cámara, aínda as que están no Goberno, compartir a mesma forma, a mesma ideoloxía; temos que compartir o criterio básico ao que queremos chegar, e o criterio e o obxectivo básico ao que queremos chegar é plenamente compartido e é vital para este país. Estou seguro de que niso concordamos toda a Cámara: en recuperar o déficit histórico que este país ten acumulado, por unha ou outra razón, en materia de infraestruturas, de equipamentos, de educación, de sanidade, de emprego. Iso é o que queremos, e o compromiso, as políticas e o programa de goberno que plantei no nome da maioría parlamentaria, e que hoxe reitero, van xustamente nesa dirección. É máis, anunciei e comprometéi que, de maneira inmediata, as primeiras actuacións do presidente da Xunta de Galicia –se hoxe obteño, como espero, a confianza da maioría da Cámara– serán precisamente para iniciar co Goberno de España a tarefa do diálogo, firme, esixente e crítico; da negociación necesaria, desde a activa cooperación e desde a lealdade institucional, para iniciar o camiño da recuperación dese déficit e dese atraso histórico acumulado. Por certo, aínda que non quero facer hoxe un debate de mirar atrás, porque non é o que lle corresponde a esta Cámara e, desde logo, non é o que me corresponde a min, ninguén pode esquecer que cando falamos de déficit histórico ou de débeda acumulada, como di o voceiro nacionalista, estamos falando tamén da corresponsabilidade de quen gobernou Galicia durante dezaseis anos con ese déficit e con esa situación.
(Aplausos.)

Agradezo de forma especialmente intensa a manifestación de vontade do grupo nacionalista, do voceiro nacionalista, en relación coa necesidade de entender e de compartir

que temos que impulsar esa extraordinaria reforma do Estatuto de autonomía que alumee ese novo estatuto que necesitamos, buscando –e repito as súas palabras– un gran acordo nacional galego.

Sei ben, e queda establecido na Cámara –logo referireime á exposición do voceiro popular, do señor Fraga–, que temos que construír, como quedou reflectido en todas as intervencións; e que o temos que facer, necesariamente, desde a vontade de integración, de acordo, que esixirá de intelixencia, de respecto e de lealdade entre todas as formacións políticas. Por iso, máis alá da definición e da posición de partido que lexitimamente ten e defende o grupo nacionalista, o importante e o que quero subliñar é o pleno respecto a esa posición e á súa manifestación de vontade da capacidade para chegar a un acordo, e a determinación de que o imos facer e o queremos facer desde a unión –a unidade nacional– e o acordo entre todas as formacións políticas, como este país necesita.

Permítanme –reiterando o agradecemento polo ton, pola dispoñibilidade e apoio, e por todo o que acaba de anunciar o voceiro señor Quintana en nome do seu grupo– que me refira máis extensamente a quen hoxe, despois do 19 de xuño, lle corresponde ocupar o papel de oposición nesta Cámara.

Quero empezar por agradecer o ton, a felicitación, os seus mellores desexos –que os agradezo de verdade– para a tarefa que nos espera por diante, e a que me espera a min persoalmente; e agradecer esa oferta de exercer unha oposición leal, construtiva, en beneficio do país. Agradézoo en todo o que vale e teño plena confianza en que así será. Espero, pola miña parte, estar á altura das circunstancias e ser tamén leal e cooperativo permanentemente coa laboura da oposición. O diálogo é cousa de dous; esta Cámara, que queremos revitalizar, ten que ser un espazo de debate, pero un espazo de encontro, e o meu compromiso vai xustamente nesa dirección. Non quero facer unha intervención, polo tanto, especialmente polémica. Comprendo que ao final expresara vostede o seu voto negativo, probablemente non puidera ser doutra forma. Non creo que estea ligado tanto ao discurso de investidura, como a que, en definitiva, é o seu papel e corresponde desde a oposición a emisión dese voto negativo. Polo tanto, entendo que sería imposible doutra maneira e douno por suposto.

A min seríame fácil, señor Fraga, devolverlle a gran maioría das súas críticas polo sinxelo procedemento de poñelo diante do espello da súa propia actuación como Goberno; e xa non digamos que creo que sería moito máis fácil se empezara no recordatorio das moitas cousas que fixo e dalgunhas das que non fixo o seu partido cando tiña a responsabilidade do Goberno de España. Pero non vou recorrer a iso, quéroo dicir con claridade no inicio da miña réplica. Son consciente de que este é o debate de investidura do próximo presidente da Xunta e non é o debate sobre a xestión do Goberno anterior. É máis, anúnciollles que ao longo da lexislatura non caerei nunca na tentación de eludir as miñas responsabilidades facendo oposición da oposición. Non vou devolver a mesma moeda; defenderei as miñas posicións, as posicións do Goberno, rebaterei, cando me parezan erróneas, as súas, pero non vou facer xirar a estratexia do Goberno sobre o intento de combater ou destruír politicamente a oposición. Non é o meu estilo, non é o meu talante, non é bo para o país. Creo que é bo que a oposición faga esa tarefa, e espero que ese sexa o camiño que entre todos poidamos iniciar.

Na súa intervención vinlle unha especial preocupación –amosouna no inicio– sobre o que era a forza máis votada, a natureza da coalición, a capacidade da coalición de sostemento, de entenderse, sobre unha tarefa que me esperaba ardua e difícil... De aí só saco de positivo que estea vostede preocupado, porque a tarefa é ardua e difícil sempre, a tarefa de gobernar ten un alto grao de responsabilidade, pero permítame que lle faga algunhas reflexións ao fio do que vostede acaba de dicir, porque creo que é importante que queden claras, ou, polo menos, pola miña parte entendo que é a miña obrigaón transmitilas con claridade.

O contido das eleccións estaba perfectamente claro para todo o mundo despois do 19 de xuño; eu creo que está perfectamente claro para todo o mundo. Tratábase de elixir entre continuidade e cambio. Vostede mesmo deixouno moi claro cando anunciou a súa candidatura. Lémbrome das súas palabras, señor Fraga: “Preséntome –dixo daquela– para evitar o cambio en Galicia”. Moi lexitimamente –era a súa tarefa– asumiu o seu compromiso. Pois ben, mensaxe recibida e mensaxe respondida pola cidadanía deste país. (*Aplausos.*) Foron 870.000 galegos, o 53%, os que dixeron nas urnas que queren un goberno novo e un goberno distinto; 110.000 galegos menos, o 45%, dixo que prefería seguir co Goberno

anterior. Este, e non outro, é o resultado político das eleccións, e xustamente por iso, por ese resultado, hoxe estamos aquí, porque ninguén en Galicia entendería que fixeramos outra cousa con este resultado electoral, señorías.

A votación que vai concluír este debate responderá exactamente a esa vontade maioritaria dos galegos e das galegas, e non só en termos de suma aritmética senón en termos políticos. As eleccións do 19 de xuño dixeron dúas cousas probablemente coa mesma intensidade: a primeira, que o proxecto do cambio ten o apoio da maioría da poboación deste país; a continuación, que Galicia é un país plural, que Galicia é un país complexo, que non se pode seguir gobernando, como ata agora, ignorando, minorizando e incluso desprezando os que, non estando no Goberno, teñen un apoio popular relevante, un apoio popular importante. Diríalle máis: a lexitimidade dos gobernos en democracia dana as maiorías electorais e as maiorías parlamentarias –sabémolo ben–. Por iso non tería ningún sentido que, cambiada a maioría electoral en Galicia, cambiada a maioría parlamentaria nesta Cámara, o único que non cambiase fose o Goberno de Galicia; esa pretensión, señor Fraga, queda fóra de toda lóxica. Por iso creo que é importante, no inicio desta lexislatura, no inicio dos primeiros debates, e en particular no debate da investidura, que quede ben reflectido e ben posicionado cales creo que deben ser as análises. Por certo, en todo caso, cando se fala de coalicións –permita que llo diga sen acritude, pero que llo diga–, quizais sería bo que os dirixentes do Partido Popular se preguntaran por que practicamente en toda España, en Galicia inclusive, están obrigados a sacar maiorías absolutas e por que teñen unha incapacidade plena e total para poder acordar nada substancial e substantivo co resto das formacións políticas. Vostedes deberían preguntarse iso. (*Aplausos.*)

Diríalle algo máis neste sentido, e tamén cun sorriso na boca –se mo permite– e con bo ton e bo talante, porque o vexo preocupado –foi como empezou a súa intervención– pola unidade e pola estabilidade da coalición e do Goberno que saía desta investidura. Eu diríalle que non sufra por nós, señor Fraga. Se mo permite, aconséllolle que se preocupe por manter a unidade dos 37 deputados que están sentados detrás de vostede (*Aplausos.*), que nós nos ocuparemos de manter a estabilidade do Goberno. Dese xeito, a verdade, se vostede se ocupa do seu e nós nos ocupamos do noso, estou seguro de que ambos –e díggollo xa máis en serio– prestare-

mos un gran servizo a este país; creo que isto é o que se necesita, que cada un se responsabilice da tarefa que lle corresponde como mandato dos cidadáns.

Hai unha segunda cuestión á que quixera referirme –non seguindo exactamente o fio da súa intervención–: cando se veu na obriga de facer unha especie de balance e repaso da xestión do Goberno –que xa foi avaliado nas urnas e que, polo tanto, sinceramente, non vexo que teña especial interese, pero respecto que vostede se vira na obrigación, supoño que moral ou nostálgica, de lembrarnos o que fixo ou que deixou de facer o anterior Goberno da Xunta de Galicia–, vostede lamentou e criticou –comprendo que lle doera– algunha das críticas, escasísimas, que fixen eu antonte no debate de investidura. Fixen realmente tan só unha reflexión crítica de fondo moi conscientemente no debate de investidura –creo recordar que non fixen máis–. A crítica primeira foi respecto das prácticas políticas do Goberno do período anterior e respondía e responde a unha realidade que honestamente creo que perciben todos os galegos e todas as galegas, señor Fraga; responde a algo de fondo, a unha concepción do exercicio democrático do poder. Recoñezo –xa llo dixen o mércores– que nese terreo é probablemente no que a distancia entre vostedes e nós sexa máis grande: o que a vostedes lles pode parecer natural a nós pode parecer extraordinariamente rexeitable, profundamente rexeitable. Espero, polo tanto –iso dixen o outro día e quéroo reiterar hoxe–, que sexa xustamente no terreo da renovación democrática, do respecto á cidadanía, da calidade democrática, da rexeneración democrática deste país, da recuperación dos mellores valores cívicos e democráticos, onde espero que se note canto antes o cambio ao que estamos comprometidos desde esta maioría.

E diran eles: “¿de que está a falar?” Pois estou a falar, señor Fraga, de cousas moi sinxelas. Estou a falar dunha Radio e Televisión de Galicia que foi, ata agora, incapaz, desde o control político do Executivo deste país, de poder exercer a súa tarefa fundamental nunha sociedade democrática; incapaz de exercer, desde a independencia, desde o pluralismo, a capacidade de ser instrumento e baluarte de valores como o da liberdade e o da pluralidade, que están amparados e recoñecidos na Constitución.

E dirán: Ben, ¿iso é unha crítica? Non, é unha crítica é algo máis: é unha crítica e un compromiso firme. Anuncia-

mos que no prazo dun ano, é dicir, no inicio da lexislatura, poñeremos en marcha unha lei que garantirá plenamente o consenso, a concertación e a independencia en relación co nomeamento do director xeral do ente, e que, polo tanto, nos comprometemos desde xa a garantir a plena independencia da radio e da televisión públicas. En definitiva, o presidente da Xunta de Galicia renunciará a exercer a súa potestade de nomeamento como ata o de agora; ese é o compromiso que asumimos a partir da nova lei.

Polo tanto, claro que hai unha diferenza, e hai unha diferenza cando acordamos unha lei de publicidade institucional, para evitar esa mala práctica e esa tentación, na que tantas veces caeron vostedes, de recorrer a confundir o partido co Goberno e o Goberno co partido, e, en definitiva, a utilizar a publicidade institucional como un mecanismo de acción e propaganda política partidaria. É necesario devolver claridade, transparencia e limpeza máxima á acción do Executivo e aos poderes políticos do Executivo. E non é menos certo, cando falamos diso, a necesidade dunha lei de subvencións que garanta transparencia, equidade e eficiencia. Estou falando de cuestións básicas, porque é, en definitiva, devolverlle protagonismo á sociedade civil.

O noso compromiso é coa transparencia, co respecto e coa autonomía da sociedade civil. Son valores democráticos, si, pero sobre todo estou seguro de que iso é mobilizar as mellores enerxías que ten Galicia. Cando se fala de recursos, a tendencia normal é pensar só nos recursos materiais e en se este Goberno terá capacidade para financiar ou non financiar boa parte do compromiso electoral que acaba de mencionar. Pero eu quero dicir diante desta Cámara que tan importante para nós como os recursos materiais é a inmensa capacidade de traballo, de entrega, de ilusión e de mobilización dunha cidadanía libre que recupere todo o seu papel e todo o seu protagonismo, e dun poder capaz de retirarse e de non exercer funcións de tutela, de subordinación, de regulación excesiva e de intromisión sobre o poder democrático da sociedade civil; iso é fundamental, señor Fraga. (*Aplausos.*)

Polo tanto, os cambios nos hábitos do exercicio do poder forman parte nuclear da modernización e do compromiso modernizador que asumimos desde a maioría parlamentaria e desde a maioría política que sustenta e sustentará a acción do Goberno. Diríamos resumidamente que vostedes nunca chegaron a entender que é bo –claro que é bo– ter un parti-

do de Goberno con capacidade de goberno, pero é nefasto ter un Goberno de partido; ese é un erro fundamental que co paso dos anos, e ao longo dos anos, terminou pesando como unha auténtica lousa democrática sobre a nosa propia sociedade civil.

Non quero entrar –dicía antes– a facer un debate agrenón que quería establecer unha reflexión de criterio e de principio contestando a súa proposta, a súa reflexión, a súa propia intervención. Teño datos –non é, probablemente, hoxe o día de enumerar e de cansar con datos da auditoría do Consello de Contas–, mil datos, que acreditan que vostedes teñen confundido o que son as relacións discrecionais, opacas e pouco transparentes á hora de relacionarse cos concellos deste país, mantendo unha relación de dependencia, unha relación de subordinación, unha relación que, moitas veces, na socioloxía política, se chama clientelar.

Voulle dar soamente unha información, señor Fraga, que estou seguro de que vostede debe coñecer –aínda que ás veces teño que recoñecer que teño dúbidas–. Mire, en pleno proceso final de achegamento ás eleccións, entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo, primeiro trimestre deste ano –por escoller unha data deste ano e facer a avaliación do que ocorreu nos seus tres primeiros meses–, os convenios firmados pola Consellería de Política Territorial cos concellos de Galicia teñen a seguinte composición –está extraída do DOG, da publicación que se fai a continuación dos acordos da Xunta de Galicia; é tal cal–: o 95% son firmados polos concellos gobernados polo Partido Popular e os restante 5% con dous concellos independentes, un dos cales tamén ten posicións moi próximas ás do Partido Popular. ¿Saben cantos convenios firmou a Consellería de Política Territorial nese trimestre deste ano co Partido Socialista? Cero. ¿Saben cantos firmou co BNG? Cero. Isto é o que hai que cambiar. Cando falamos de practicas democráticas e de non utilización discrecional dos fondos, é disto, exactamente disto, entre outras moitas cousas, do que estamos a falar; non é da mellor dispoñibilidade nin da mellor situación.

Sigo con algunha reflexión ao fio da súa intervención, señor Fraga. De pasada, dixo vostede algo que claro que é importante: “É que non falaram de Europa, dos fondos europeos e da situación financeira”. Sabe todo o país e sabe toda a Cámara que, durante un longo período, Galicia puido dispoñer dun moi importante volume de fondos de cohesión e

de fondos estruturais; é máis, sabemos que, en termos *per capita* –é dicir, por cada galego e por cada galega– somos a comunidade autónoma de España que recibiu, xustamente e loxicamente, o maior volume de fondos da Unión Europea.

Non quero facer historia, pero saben ben que isto empezou a coller pulo e forza naquel momento famoso, no que eran os fondos de cohesión, ... Por certo, e a posición que daquela mantiña o Goberno español conseguindo aqueles fondos e a posición –que está reflectida– que daquela tiña o seu partido, que daquela estaba na oposición, a través do señor Aznar... Os fondos de cohesión existen, conformáronse, grazas, xustamente, ao traballo político, á capacidade política e á decisión do conxunto da Unión Europea e á xestión dun presidente do Goberno de España, o que naquel momento está á fronte do Goberno de España, que era don Felipe González. Daquela –teño aquí as declaracións, pero vou pasar de lelas–, recordamos todos que Aznar o cualificaba de *pedigüeño*, dicía que isto non lle conviña a España, etc. Os fondos propiciaron on crecemento económico e xogaron un papel decisivo. Creo que é bo que toda a Cámara sexa consciente de que Europa permitiu que as comunidades autónomas de España, empezando por Galicia, tiveramos unha capacidade importante de recuperación, de crecemento, ao longo de todo este período. Poderíamos avaliar canto do noso PIB, canto do noso crecemento durante todo este período, foi motivo e consecuencia, xustamente, deses fondos.

Non vou entrar agora na reflexión –que xa fixo o portavoz do Grupo Parlamentario Socialista– sobre a conveniencia ou sobre a optimización da utilización deses fondos, onde vou é á situación actual, na que existe unha preocupación porque, efectivamente, o proceso de ampliación da Unión Europea, ou o crecemento simplemente, por efecto estatístico, das rexións obxectivo 1, pode facer que en Galicia teñamos que ter un grao importante de preocupación ou de dificultade respecto a como pode ser o futuro.

O que quero subliñar é o seguinte: no momento en que se discute a ampliación da Unión Europea a dez membros, cando a ampliación era inminente –materialízase no ano 2004–, o Goberno do señor Aznar –daquela Goberno de España– facía alarde de satisfacción por ter prosperado, porque, afortunadamente, iamos estar en condicións de non depender deses fondos. Non vou entrar na valoración que iso

poida merecer ou non, que seguro que podemos compartir máis ou menos e dependendo dos matices que se fagan, pero está claro que, daquela, Rodrigo Rato, a señora De Palacio e o señor Aznar mostraban a súa profunda satisfacción por chegar a unha situación na que xa non necesitaríamos fondos e, polo tanto, podíamos despegar porque crecemos extraordinariamente.

Pois ben, desde a preocupación máxima que temos que ter por conseguir a mellor posición para Galicia e para España en relación cos fondos, teño que dicir, en primeiro lugar, que o Goberno que preside José Luis Rodríguez Zapatero xa mellorou a posición de España e que a proposta actual da Comisión sobre os fondos de cohesión mellora a anterior, que contemplaba a supresión radical dos fondos de cohesión a partir de 2007. Na actualidade sabemos que se acepta a gradualidade na redución dos fondos e que contaremos con dous anos adicionais, como mínimo, de disposición de fondos. Este é o punto de partida no que estamos actualmente: fronte á desaparición abrupta, avanzamos na gradualidade, que se pactará, e nunha transición de ampliación de dous anos máis.

Mellorouse o saldo neto da achega de España en relación que nos deixara o Goberno anterior, e neste momento estamos comprometidos desde Galicia, e temos que seguir de maneira cotiá con todo o esforzo e con toda a capacidade a negociación porque se está a traballar para lograr as mellores condicións, que aínda foron consideradas como plenamente insuficientes por parte do presidente do Goberno de España en relación coa oferta europea.

Polo tanto, creo que este tema temos que velo con prudencia, temos que velo coa sensatez que dá a perspectiva. Tan só por iso saco a relucir as declaracións dos anteriores gobernos ou a valoración que se fixo no seu día da consecución dos fondos de cohesión. Creo que hai que velo con perspectiva, sabemos que temos diante de nós unha negociación complexa e difícil, que a nosa posición ten que ser aspirar –e quixera compartila, anunciábao onte, plenamente co conxunto da Cámara– a ter unha posición de defensa existente, buscando conseguir os mellores recursos e saír o mellor cara ao futuro nesta negociación. Pero sabemos perfectamente que o fundamental, xunto con iso, é asumir a responsabilidade de priorizar, de ter un proxecto económico e un proxecto de innovación que non nos leve a onde nos

levou, que a pesar de ter unha achega europea moi importante, singularmente relevante, seguimos estando aínda, en termos comparativos, no furgón de cola da innovación, no furgón da cohesión social, no furgón da creación de emprego, en case todos os indicadores de benestar e de avance da economía, comparativamente con gran parte das rexións e das comunidades españolas e da Unión Europea, a doce e a quince.

Referíase vostede a continuación –e non quero deixar de dicilo– á primeira proposta de pacto, que manteño e reitero hoxe, se pode ser máis amplamente. Ofrecín, en primeiro lugar, en nome da maioría parlamentaria, en nome do acordo de goberno, como grande obxectivo, como a principal preocupación que ten a cidadanía, a necesidade de crear un instrumento estable e permanente de diálogo social e, xunto con iso, de acadar un grande acordo nacional polo emprego e a competitividade da nosa economía. Claro que hai aquí propostas en materia de emprego. Decía vostede: É que non falou do emprego –e facía vostede unha crítica en relación con isto–; non teñen política de emprego. Temos política de emprego, e a primeira política de emprego é partir da necesidade que vostedes non souberon ver nos últimos sete anos, señor Fraga, nos que non convocou vostede os axentes sociais e os empresarios para discutir, para falar, para chegar a ese acordo imprescindible e necesario. A primeira cuestión que sabemos é que o emprego créano os empresarios, que o emprego incentívanos o Goberno e a Administración pública e que, polo tanto, empresarios, axentes sociais e Goberno temos que nos sentar desde o primeiro día. E reitero que a miña primeira chamada, no meu primeiro día no despacho da Xunta de Galicia á fronte da Presidencia, será para os empresarios e os axentes sociais deste país, para convocalos a ese grande acordo nacional polo emprego e pola competitividade da economía e para crear un marco estable de diálogo social, porque sen iso non seremos capaces de avanzar.

Vostede daba cifras, e non llas quero rebater, porque este non é o lugar nin o espazo, no debate de investidura, no que temos que mirar cara a adiante, pero todos sabemos da precariedade no emprego, do problema do paro, que creamos emprego a menor ritmo que España, que temos moita máis alta taxa de precariedade, que temos os salarios máis baixos e que temos, polo tanto, un serio problema estrutural na creación de emprego na nosa terra. E temos que abordalo como un problema nuclear, como un problema de fondo deste país,

e ese é o compromiso que asumo: compartir as políticas básicas nun marco estable de diálogo social con empresarios e con sindicatos. Esa é a formulación que reitero e que lle fago á Cámara, de abrirelle o camiño a ese grande acordo, a ese gran pacto que significa compartir as políticas de formación e as políticas de emprego, as políticas de promoción económica, as políticas de saúde laboral e de prevención de riscos, e que significa compartir, en última instancia, tamén, as políticas de cohesión social, de vivenda e de conciliación da vida familiar e laboral. Porque, se queremos lograr a emancipación da nosa xente nova, se queremos de verdade cambiar a situación para mellorar eses grandes déficits que hoxe existen, temos que crear instrumentos compartidos e aceptados socialmente como obxectivos nacionais en torno á vivenda, en torno á conciliación da vida familiar e en torno á promoción, á formación e ao emprego.

Diríallo doutra maneira, señor Fraga. Tivemos ata agora un modelo que demostrou as súas limitacións, por ser suave. É un modelo antigo, un modelo que non deu resultado, que deu de si todo o que podía dar. Galicia non pode seguir competindo cos países do leste, coa deslocalización industrial, cos países do sueste asiático, sobre a base do seu propio terreo, en termos de precariedade, de emprego de baixa calidade, en termos de salarios baixos, en termos de escasa produtividade. ¿Cal é o desafío que ten hoxe Galicia? Competir por riba, competir en innovación, en creación de valor, en engadir produto, en buscar diferenza, en introducir calidade. O desafío de Galicia como país é crear máis valor e completar os ciclos produtivos, o desafío de Galicia é apoiarse na innovación, na educación, todo iso que, por diversas razóns –e non vou entrar agora nun xuízo crítico xa feito pola cidadanía–, non fomos aínda capaces de facer en cantidades suficientes.

Eu o que quero, desde aquí, é espertar e chamar á vocación empresarial do conxunto dos axentes sociais e das forzas políticas para traballar xuntos nesa dirección, buscando o grao de unión e de concertación máximo posible, porque estou seguro do esforzo de máis e mellor educación, de máis e mellor formación, de mellorar a innovación tecnolóxica, de seducir e atraer investimento, de ser capaces de internacionalizar máis e mellor as nosas empresas, de equilibrar o territorio, de facer un bo traballo medioambiental, todos eles vectores básicos para crear emprego, para a traer e seducir investimento na nosa terra. Estou seguro de que podemos e

debemos lograr un amplo consenso, e non será mérito do Goberno. Non quero, baixo ningún concepto, que estes temas de gran pacto nacional sexan plantexados desde unha óptica partidaria, porque a cidadanía o que reclama é un esforzo intelixente e xeneroso para traballar xuntos na mesma dirección. Polo tanto, señor Fraga, si que hai obxectivo, si que hai instrumentos, si que hai programa e si que hai medidas. Trallemos –e volvo agradecer o seu bo ton– na dirección acertada, e o meu compromiso e o compromiso da maioría é escoitar e corrixir cando esa dirección non sexa acertada e cando desde a oposición se nos subliñe ou se nos indique, con bo criterio, onde pode estar o erro nese esforzo. Reitero, polo tanto, este gran tema crucial e horizontal, que debe mobilizar o país na dirección máis correcta.

Falou vostede –falaba tamén o presidente do Bloque Nacionalista–, desde outra perspectiva, da necesidade dese acordo, dese pacto, en materia estatutaria. Eu dixen que non ía facer hoxe unha intervención, como debe ser, especialmente crítica nin referenciada ao pasado. Alégrome moito, señor Fraga, de que vostedes, que durante toda a lexislatura anterior non quixeron oír falar en ningún momento da reforma estatutaria e puxeron o veto coa apisonadora da maioría absoluta para impedir que avanzáramos en nada nese sentido, reformulen a posición, dígollo de verdade. Agradezo extraordinariamente ese xiro de posición, ese cambio, e que vostedes recoñezan, que se sumen e participen –retiro a palabra sumarse–, que tomen a decisión libremente –parece-me magnífico– de incorporarse a esa tarefa de abordar a reforma do Estatuto.

Mire, eu creo que todos temos que estar de acordo nisto, imos facer o Estatuto de Galicia en Galicia, desde Galicia e para Galicia. O peor erro que poderíamos cometer é condicionar o noso Estatuto en función do que estean facendo outros. A única vía que nos interesa é a vía galega, a que entre todos, desde o compromiso, a responsabilidade e a lealdade coa cidadanía da nosa terra, atopemos aquí e discutamos aquí mesmo.

Galicia ten a súa propia realidade económica, a súa propia estrutura social, o seu propio mapa de forzas políticas, as súas propias necesidades, por iso me escoitarían dicir –e hoxe reitéro na solemnidade deste acto–, cando me preguntan pola vía catalana, pola vía valenciana, pola vía *equis*, que a vía é a nosa, a que decidamos democraticamente entre

os que representamos a soberanía da cidadanía galega. Se teño algo que dicir de en que somos iguais, penso que no único en que somos iguais a calquera outro, chámese como se chame ese outro, será nos dereitos como cidadáns. En realidade, iguais en dereitos, a iso ten que responder o noso Estatuto de autonomía.

Eu pediríalle, señor Fraga, que non traia aquí fantasmas que habitan noutros castelos e que non poña as vendas antes de que se produzan as feridas. Ímonos poñer, señor Fraga, a traballar lealmente, e estou seguro de que conseguiremos, entre todos, un grande Estatuto de autonomía para Galicia.

Vostede preferiu anticipar –respéctoo– todo o que non vai aceptar, a poñer as preocupacións previas. Ben é unha forma de empezar a traballar, empezar a traballar polos nons. Eu dubido que ese sexa o mellor camiño, pero está no seu dereito. Dito isto, esperamos a achega en positivo e as propostas en positivo onde se teñen que producir.

Eu falei en nome da maioría, no discurso de antesdonte, e reitéroo hoxe porque creo que é importante sintetizar ben as ideas neste momento crucial do inicio, primeiro, da necesidade da reforma. Todos os grupos asumimos –por fin– a necesidade da reforma. Logo de máis de vinte anos de Estado das Autonomías, de descentralización política, de estar en Europa, precisamente a consolidación –que comparto plenamente– do Estado das Autonomías, o seu éxito, son elementos e vectores positivos que nos dan a base, os peares, para poder, a partir de aquí, plantexarnos a reforma e ir a un novo Estatuto.

Por iso creo que temos que partir dunha experiencia positiva. Quixera transmitir unha imaxe máis alá desta Cámara: que a cidadanía se debe sentir participativa, tranquila, diante desta tarefa que imos asumir. Galicia e as súas forzas democráticas teñen a madurez necesaria, tivemos o percorrido histórico que necesitamos, e sabemos que estaremos á altura das circunstancias para conseguilo.

Hoxe hai tamén un escenario –que creo que é positivo, non negativo–, un marco, que é o marco dun Goberno en España que entende que o Estado das Autonomías, que entende que a pluralidade, a diversidade, non é un mal deste país senón unha riqueza intrínseca, que a diversidade forma parte do propio proxecto nacional e da propia cohesión de

España, e que entende –e podemos entendelo sen rachar as vestiduras– os que afirman que o Estado é un Estado plurinacional, porque o importante é entender que o poder político hoxe está repartido entre a Unión Europea, España, os concellos, a autonomía. O poder político está repartido, as competencias están distribuídas, pero hai unha cousa que temos clara todos os democrátas e todos os que estamos nesta Cámara: que a soberanía ten en democracia un único titular, que é precisamente a cidadanía.

Sabemos ben tamén que estamos diante dun déficit profundo do Estado autonómico, que a este Estado autonómico noso lle falta algo moi fundamental, que son espazos multilaterais, espazos para o cogoberno e para a responsabilidade compartida precisamente no cogoberno das comunidades autónomas. Sabemos que ao Estado autonómico hoxe lle sobra bilateralismo e dinámicas de agravio comparativo, e a reforma que queremos emprender é precisamente unha reforma nesa dirección, para o encontro multilateral, para o encontro cooperativo, para o encontro solidario entre todos.

Temos que definir o ser, claro que temos que definir o ser entre todos, pero preocúpame xustamente igual –e quero reiterar hoxe– o estar: como nos vai aos galegos e ás galegas no proxecto común e compartido que é España; como estamos e como queremos deixar de estar nesta España da segunda velocidade; e como aspiramos, a través do Estatuto e da mellor capacidade e utilización do autogoberno, a incorporarnos plenamente ás rexións máis avanzadas de Europa e ás comunidades máis avanzadas de España. Iso é no fondo o que creo que temos que construír –estou seguro– entre todos.

Non quero estenderme excesivamente, pero a partir de aí o camiño está ofertado, e agradezo tamén o compromiso que asume o Grupo Popular da Cámara, ademais da maioría parlamentaria, que compartimos plenamente o obxectivo. Trátase de iniciar nos seis primeiros meses, en traballo parlamentario, en ponencia parlamentaria, o traballo para lograr ir definindo, ir enchendo de contidos, a reforma estatutaria. Polo tanto, ímola facer por acordo, ímola facer dende o consenso, cun esforzo que temos que ser capaces de realizar.

Dixo vostede: Anunciaba vostede que lle ía pedir un informe ao Consello Consultivo –e engadía a *coletilla* de que vostede o creara-. Ben, esa tentación patrimonial, en fin,

deixémola estar. Claro, eu anunciei –está na miña vontade e está no acordo que firmamos e que é coñecido por todo o mundo porque está aí publicado– que solicitaréi, desde a prerrogativa da Presidencia, o informe previo ao Consello Consultivo, co ánimo de achegar elementos. Creo que o traballo en ponencia parlamentaria debe ser aberto, que escolte, que recolla, que teña informes, que non sexa un traballo pechado, que faga participar ao mellor que ten esta sociedade –aos mellores xuristas, aos mellores analistas–, e nese senso considero que o informe do Consello Consultivo é tamén un vector positivo; pero, en síntese, onde radica o traballo, onde temos que ser capaces de avanzar, será na correspondente ponencia parlamentaria. Os límites están moi claros: ten que ser desde o diálogo e a concertación e desde o respecto ao marco constitucional que nos ampara e que nos protexe. A partir de aí, creo que estamos todos emprazados a facer o mellor esforzo, e espero que así sexa. Tteño a convicción –como dixen antes– de que así será.

Falaba vostede de financiamento autonómico e de financiamento sanitario. Claro que hai que falar de financiamento autonómico e de financiamento sanitario, tamén ao fio do impulso do autogoberno, porque o autogoberno, sen abordar os problemas e os temas relativos ao financiamento, non ten o sentido pleno que ten que ter.

Respecto do financiamento, eu diríalle, e diríalle á Cámara claramente, que sabemos que o sistema actual de financiamento ten limitacións importantes: ten limitacións importantes desde o punto de vista da autonomía financeira, ten limitacións importantes desde o punto de vista da suficiencia e ten limitacións importantes desde o punto de vista da suficiencia dinámica. Polo tanto, estamos convocados todos en España, nun momento determinado, a ser capaces de trazar un camiño para abordar multilateralmente o problema do financiamento autonómico. Non vou entrar agora polo miúdo nos criterios a ese respecto, tan só vou afirmar que o financiamento, en todo caso, ten que avanzar e garantir o maior grao posible de autonomía e de capacidade financeira, de responsabilidade fiscal da propia Comunidade, porque o autogoberno require de autonomía financeira, require de corresponsabilidade fiscal; ten que avanzar para garantir a suficiencia financeira, e todo iso ten que ter un equilibrio final, que é o equilibrio da garantía da plena igualdade de todos os cidadáns onde vivan para poder acceder aos recursos básicos esenciais. Non pode haber elementos de asime-

tría, elementos de discriminación e elementos de diferenciación entre unhas e outras comunidades autónomas. Hoxe sabemos que herdamos da Constitución unha situación de asimetría en relación coas comunidades forais. Haberá que plantexarse un longo período para tratar de ir facendo elementos de aproximación, porque o que non é plantexable é precisamente eliminar o que está conseguido na Constitución, o que está cristalizado na Constitución. Hai que avanzar na resolución dese problema complexo e hai que eliminar todos os elementos de agravio ou de dinámica bilateral que puideran existir.

Ofrecín –e diso faláron tamén e falou vostede en particular– un pacto polo territorio. Permítanme que dedique os minutos practicamente finais a unha breve reflexión sobre ese segundo pilar, xunto co pacto educativo, xunto co pacto polo emprego –respondendo á súa propia dinámica de intervención–, que é un necesario acordo polo territorio. Miren, eu creo que todos compartimos que o territorio é un primeiro chanzo do país onde se expresa a cohesión social, a cohesión territorial; en definitiva, un territorio intelixente, capaz de atraer investimentos, competitivo, un territorio ben ordenado, é un vector estratéxico e fundamental como país. Por iso falo, e quero reiterar –porque con iso conclúo referíndome ao medio ambiente, ás infraestruturas, etc.–, que este país necesita, e temos que conseguir, un gran pacto polo territorio. Porque temos moi serios problemas como país co noso territorio, co desequilibrio territorial, coa desertización de gran parte do país, coa desorde noutra parte del. A ocupación incontrolada e a presión sobre o litoral, a dispersión edificatoria en áreas de influencia urbana cada vez máis extensas, a proliferación de periferias suburbanas extraordinariamente descualificadas, a ocupación de terreos que son potencialmente produtivos, a destrución da paisaxe agraria e dos valores patrimoniais do noso medio rural están realmente reclamando que sexamos capaces de desenvolver ese gran acordo territorial, porque todo isto ocorre –cústame dicilo, pero creo sinceramente que é así–, en boa medida, coa pasividade da Administración, cunhas certas doses de conformismo social en ocasións e cuns elevados graos de conivencia política. A ordenación do territorio, o coidado do territorio e o pacto polo territorio son un valor estratéxico fundamental do país, e temos, polo tanto, que afrontar esa delicada tarefa. Iso require poñer como principio a sostibilidade do sistema de asentamentos que hoxe temos, a preservación dos recursos naturais e do medio ambiente, a explo-

tación racional dos recursos do territorio. En definitiva, temos que ser capaces de pactar e orientar a acción política e social conxunta nesa dirección.

Dicía vostede que non entendía o da rexionalización de Galicia. Galicia, a súa poboación, a súa dinámica, cambiou ao longo dos últimos trinta, corenta, cincuenta anos. A Galicia de hoxe parécese moi pouco poboacionalmente, territorialmente, no hábitat, nos asentamentos, á Galicia de hai anos. Temos que reconecer e ler o territorio como está actualmente. Hoxe sabemos que hai dúas grandes áreas metropolitanas, no sur e no norte, no norte e no sur: A Coruña-Ferrol no norte, e no sur o espazo que vai desde Vigo a Pontevedra, pasando por Vilagarcía. Non é o momento de precisalas, é simplemente o momento, pola miña parte, de poñer a idea enriba da mesa.

Hai grandes áreas urbanas en torno ás tres cidades de Santiago, Ourense e Lugo, e hai espazos supracomarcais. O que necesitamos é definir áreas funcionais. ¿Para que, señorías? Pois para poder facer políticas de medio ambiente, políticas de dotación de transporte, de infraestruturas e de mobilidade, para ordenar urbanisticamente os espazos, para crear solo industrial. En definitiva, non temos os instrumentos que hoxe necesitamos para poder reequilibrar o territorio, para poder de verdade equilibrar Galicia e para poder, en definitiva, asentar o crecemento sobre bases máis harmónicas.

Por iso creo que é moi importante –queroo reiterar– a necesidade de avanzar nese gran pacto polo territorio. Un gran pacto polo territorio –non o quero deixar de mencionar– ten que ver tamén coa potenciación desa eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, fundamental como espazo económico, como un espazo económico para a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, para xerar unha rede de infraestruturas que sexan competitivas; en definitiva, tamén para promocionar a nosa cultura e a industria audiovisual. Temos que darlle un novo pulo a ese esforzo previo –no que vostede traballou intensamente– da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal na lectura que hoxe hai que ter.

E quero concluír cunha referencia final ao que son as infraestruturas en concreto. Eu dicíalle onte, e reitérolo hoxe, señor Fraga, que non vai atopar en min, en ningún momento, unha posición de xogar a utilizar as infraestrutu-

ras contra nada nin contra ninguén. Este país ten un déficit herdado e acumulado moi importante en equipamentos e, en particular, nas infraestruturas produtivas. No discurso de onte –quéroo reiterar hoxe– o compromiso quedou claro, e quero reiteralo porque me dá a impresión de que non foi ben entendido por vostede, señor Fraga. En primeiro lugar, compromiso cos prazos na medida en que se plantexa que este Goberno ten a máxima prioridade para traballar, para cumprir e facer que se cumpran os prazos recén acordados entre todas as formacións políticas no Congreso dos Deputados en Madrid, que sitúan no horizonte do 2009 ou 2010 as grandes infraestruturas de comunicación básicas do país e, en concreto, a conexión do tren de alta velocidade coas sete grandes cidades de Galicia. Polo tanto, ningún temor, só a responsabilidade e a gran tarefa que temos que compartir de traballar unidos. E paréceme ben esa idea de acordar un esforzo conxunto nesta materia para traballar unidos, para que se poida facer realidade nese horizonte, nese tempo, esa demanda infraestrutural.

Cando falei do ano 2010, que deu lugar a unha mala interpretación, corrixo a mala interpretación, non o que dixen, porque creo que está ben dito. O corredor atlántico, tal e como estaba definido anteriormente no horizonte do 2007 –un prazo co que hai que traballar e comprométome a traballar tamén para cumprilo, vaia por diante–, non tiña a previsión de conectividade nese prazo coa fronteira con Portugal e, en definitiva, a conexión con Porto. Polo tanto, cando falamos do Eixo Atlántico desde Ferrol ata Porto é cando introducimos o sentido de verdade do corredor atlántico no prazo do ano 2010. Polo tanto, prazos, horizontes e compromisos coas infraestruturas. Imos traballar para que por primeira vez en moitos anos Galicia teña un financiamento e compromisos de investimento por enriba da súa poboación, como mínimo, do 8%. Polo tanto, hai un compromiso claro e nidio para facer que Galicia vaia recuperando ese desfasamento investidor, ese déficit acumulado, e trataremos de conseguir –ese é o noso compromiso como programa de Goberno– que o investimento supere amplamente o peso da poboación.

Por último, falando de infraestruturas, eu creo que non ten ningún sentido debater sobre o pasado, pero non me importaría se fose preciso, se vostedes teñen ese pracer de volver mirar a vista atrás. Neste presuposto en curso, neste presuposto aprobado polo primeiro Goberno socialista, des-

pois de oito anos seguidos do Partido Popular, señor Fraga, do seu partido en Madrid, será pouco ou moito, gustará máis a uns ou gustará máis a outros, pero hai dúas ou tres cuestións ás que nunca puideron vostedes dicir que non nin rebater. É a primeira vez que os presupostos por habitante galego superan amplamente a media española ao cento por cento. Durante moitos anos, durante todos os anos que gobernou o Partido Popular en España, Galicia estivo por debaixo da media de investimento por habitante, moi lonxe, moi lonxe, señorías, moi lonxe. (*Aplausos.*) É verdade, e hai algunha verdade que hai que dicir. Tan lonxe que incluso o ano do *Prestige*, o ano do esforzo do chamado Plan Galicia, incluso ese ano, estabamos sete puntos por debaixo da media española; estabamos en segunda división, señor Fraga. Por primeira vez, con este Goberno socialista presidido polo señor Rodríguez Zapatero, estamos once puntos por riba da media por habitante; pareceralle pouco, pero é a primeira vez na historia.

Segundo. O maior volume de recursos presupostarios que nunca na historia da comunidade tivo o presuposto do Estado en Galicia foi xustamente con este Goberno, e tampouco vostedes o poderán negar. Será pouco ou será moito, pero son os mellores presupostos da historia da nosa comunidade.

Dito iso... (*Murmurios.*) Cálmense, porque creo que fun bastante comedido e non entrei no terreo da réplica sobre o pasado, pero son dous datos que son certos, e é conveniente que queden acreditados; a partir de aí podemos discutir e falar.

Eu dígolles que teño e comparto a maior preocupación, o maior compromiso, que poida ter calquera deputado desta Cámara –e pñoime á súa altura, señor Fraga–, exactamente a maior preocupación posible, por conseguir que este país teña canto antes as infraestruturas, os elementos de equipamentos e servizos que necesitamos para avanzar de verdade e realmente na converxencia con España e con Europa. E non vai desmaiar o novo Goberno, non imos desmaiar, na negociación, na esixencia, no diálogo e no traballo continuo desde o primeiro minuto para que iso sexa así. E espero contar –estou seguro de que contarei– co apoio da leal oposición precisamente nesa dirección, o que eu lles agradezo de antemán.

Conclúo esta rolda de réplica, dadas as horas que son, para facerlles unha reflexión, un comentario simplemente,

aproveitando unha frase dese magnífico escritor galego e bo amigo que é Manolo Rivas, que dicía que non hai peor pecado que o de ir en contra da esperanza, e díxo precisamente falando de Galicia, falando da nosa terra. O cambio político, señorías, abriu un tempo de esperanza nesta terra.

Señor Fraga, señores do Partido Popular realicen vostedes con toda enerxía a tarefa que os cidadáns lles encomendaron, pero non cometan o erro de ir contra a esperanza da inmensa maioría dos galegos e das galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Suspéndese a sesión ata as dezasete horas.

Suspéndese a sesión ás tres da tarde e reiníciase ás cinco e dous minutos.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

Reiníciase a sesión.

Réplica dos grupos parlamentarios.

Ten a palabra o presidente do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, don Anxo Quintana González.

O señor QUINTANA GONZÁLEZ: Grazas, señora presidenta.

Señorías, teño que comezar esta intervención agradecéndolle ao candidato as súas palabras da mañá. Creo sinceramente que escenificamos, durante toda a sesión de investidura, con transparencia e con claridade, o contido do acordo programático que nos levará a ter un Goberno conxunto. Fixémolo, ademais, con normalidade, a normalidade de recoñecer que somos dúas forzas políticas diferentes, dous proxectos políticos diferentes, pero, sobre todo, coa responsabilidade de sermos capaces de, a través do diálogo, chegar a puntos en común, de encontro, e ofertarlle á cidadanía un Goberno conxunto.

Non vai haber, polo tanto, un Goberno do Partido Socialista apoiado polo BNG nin un Goberno do BNG apoiado polo Partido Socialista; vai haber un Goberno conxunto, cun presidente, o presidente que elixiremos hoxe nesta sesión de

investidura. E eu penso que iso é o que quería a xente, eu penso que iso foi o que a xente votou maioritariamente o pasado día 19. Ímolo facer, ademais, cun programa no que non hai nada que non afirmásemos na campaña electoral nin nada que contradiga o que uns e outros dixemos na campaña electoral. Eu creo que iso tamén foi o que votaron os cidadáns: que houbera ese programa conxunto e que tiveramos a responsabilidade de facelo, de presentarllo aquí á Cámara, e, en función dese programa, iniciar un Goberno diferente.

Vostede, señor Fraga, na súa intervención, demostrou unha vez máis, que odia os matices. Para vostede, en política, e creo que na vida, non hai matices. Nós somos exactamente o contrario. A nós gústanos outra cultura política, a cultura dos matices, da diferenza, na que nos poidamos recoñecer e, ao mesmo tempo, chegar a puntos de encontro. Esa é a nova cultura política que nós tamén queremos impregnar en Galiza. É certo, e ademais é bo que o recoñezamos diante da cidadanía galega e desta Cámara que o representa, que o Partido Socialista e o BNG somos dúas forzas políticas diferentes, e mesmo é certo que podemos ter diferentes interpretacións sobre temas que son importantes para Galiza; pero o importante, moito máis que esas diferenzas, é que sexamos capaces de ter a responsabilidade de trasladarlle á sociedade que, por enriba desas diferencias de interpretación, somos capaces de pormos de acordo para marcar as solucións a eses problemas, porque iso é o que lle importa á cidadanía.

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos preocupación a respecto do que poidan significar os acordos da Unión Europea en temas importantes coma o da pesca, e parécenos que Galiza non foi tratada adecuadamente nese aspecto. O Partido Socialista pode entender que o acordo non é tan malo, e podemos entender que así o entenda. Agora, desde logo, desde o noso punto de vista, o máis importante non é iso, o máis importante é que tanto uns coma outros estamos dispostos a traballar para que ese acordo se mellore, porque estou completamente seguro de que, igual ca nós, o Partido Socialista pensará que, cantos máis barcos galegos haxa faenando en Marrocos, moito mellor, e imos ter un Goberno para traballar para niso.

Eu creo que son manifestamente mellorables os orzamentos xerais do Estado, pero é unha verdade irrefutable que estes orzamentos do Estado, os que temos hoxe, son mellores que os que facía o señor Aznar. Non hai ningunha

dúbida a ese respecto, é unha verdade irrefutable. Outra cousa é que aspiremos a máis, e que, polo tanto, desde esa aspiración e desde as diferenzas que poidamos ter a respecto diso, sexamos capaces de marcar un programa conxunto que establece que, por primeira vez, o Goberno galego vai empezar a negociar co Estado o pagamento desa débeda que o Estado ten con Galiza. Iso é o autenticamente importante, e iso é o que os cidadáns galegos reclamaban, o que nós lles estamos dando.

A cidadanía galega é unha cidadanía madura, unha cidadanía que non se alporiza por ver que dúas forzas políticas teñen diferenzas, e á que non lle entra preocupación por iso. O que queren ver é que, por enriba desas diferenzas, son capaces de porse de acordo a prol do país. A cidadanía galega é unha cidadanía madura e, polo tanto, non lle asustan das diferenzas se se lles explican e se as entende. As únicas diferenzas que á cidadanía galega lle preocupan, e que non aceptan, son aquelas que non se lle explican e que, polo tanto, non as pode entender.

A cidadanía galega non pode entender algunhas cousas e alporízase por algunhas delas. Por exemplo, alporízase polas diferenzas que vostedes poden ter no Consello da Xunta e polo espectáculo que deron aínda onte no último Consello. Por esas diferenzas, a cidadanía galega si que se alporiza e non pode aceptalas. Esas son as diferenzas que hai que excluír da política galega; e son precisamente as que nós queremos superar cun Goberno conxunto, con base nun programa conxunto que imos cumprir porque o temos expresado como un contrato coa cidadanía, e a cidadanía poderá empregalo para avaliar o noso labor día a día.

Vostede, señor Fraga, ofertou hoxe pactos, ben deles. Súmome á manifestación de xúbilo do candidato por esa disposición ao diálogo, é o mellor que nos pode pasar; pero téñolle que dicir que, escoitando despois como explicaba eses pactos, a min algún, máis que á pacto, sooume a ameaza ou a trampa. Porque –¡claro!– vostede vénnos aquí e proponnos un pacto para o Estatuto, pero, automaticamente, dinos: “Ou se fai o Estatuto como digo eu ou non hai Estatuto, porque como teño 37 deputados, non hai nada que facer”. !Pois bendito pacto, señor Fraga; bendito pacto!

Mire, nós queremos un estatuto de nación, vostedes non. Pero nós queremos falar con vostedes sobre o Estatuto, por-

que pensamos que desde a nosa postura temos que chegar a puntos de encontro. A diferenza non está en que nós queiramos un Estatuto de nación e vostedes non, con iso contaba todo o mundo; a diferenza está en que nós queremos dialogar e vostedes non queren dialogar con nós. Esa é a diferenza, e é unha diferenza que terán que explicarlle á cidadanía galega porque non a vai entender, porque eu creo que temos que chegar a puntos de encontro. Eu creo firmemente na nosa postura, creo que lle fai falta a Galiza un Estatuto de nación, pero sei que terá que ser un Estatuto de todos e que teremos que falar para chegar a puntos de encontro. ¿Que pacto ofrece vostede se xa nos di de antemán que é como vostede di ou, se non, non hai Estatuto?

Miren, eu téñolles que dicir por que queremos un Estatuto de nación. Querémolo porque pensamos que é o mellor mecanismo para que os cidadáns galegos teñan máis benestar. Queremos un Estatuto para a nación, pero, sobre todo, queremos un Estatuto para os cidadáns da nación.

Fíxese vostede, podemos buscar calquera exemplo que servise para simplificar isto. Galiza ten un asentamento poboacional moi diferente ao do resto do Estado. Temos 35.000 núcleos de poboación e teremos que organizar un sistema de seguridade, por exemplo, diferente ao do resto do Estado, porque o asentamento da poboación é diferente. Para iso fainos falta unha policía galega, na que poderían traballar perfectamente todos os números, xente galega que hoxe traballa na Policía Nacional ou na Garda Civil, pero unha policía integral, unha policía galega.

¿E vostede dime que para facer iso así é necesario modificar a Constitución? Eu creo que hai mecanismos para facelo sen iso, pero, se houbera que facelo, ¿que pasa? Se para ter unha policía propia Galiza, que lle fai falta, fora necesario cambiar algo da Constitución, ¿que pasa? ¿E que imos romper con iso *la unidad* de España? Pensemos un pouco máis no que a Galiza realmente lle fai falta e menos nesa unidade de España coa que vostede ten unha auténtica obsesión.

Señor Fraga, queira vostede ou non, pónanse como se pónan, o Estado camiña inexorablemente cara a un Estado asimétrico. Euskadi e Cataluña teñen os seus procesos de reforma estatutaria en marcha e vanos acabar por concluír antes ou despois. A nós quédanos unha opción: ou quedar cos brazos cruzados vendo como os outros marchan, ou

sumarnos a ese tren, e eu digo que temos que sumarnos a ese tren.

Vostedes pódennos dicir agora aquí que Galiza non pode ser cualificada como unha nación. Ben, moi ben. E eu preguntolles: Se pasado mañá Euskadi e Cataluña aproban os seus estatutos que os cualifican como nacións, ¿nós ímoslles dicir aos cidadáns galegos que a partir dese momento Galiza vai ter unha catalogación diferente e inferior a Euskadi e Cataluña? Pénseno vostedes, porque eu creo que moitos dos seus votantes tampouco estarían dispostos a aceptar iso. Pénseno cando din que non queren un Estatuto de nación, porque incluso diso, da denominación, tamén teremos que falar.

Imos falar de verdade. O pacto de verdade é partir do convencemento de que os outros algo de razón poden ter. Falemos de verdade, e falemos, sobre todo, para converter Galiza en protagonista, porque iso é o que fai falta. De ser espectadores xa nos chegou o tempo.

¡Claro! Outro pacto, o do financiamento. É que vostede o que nos propón aquí como pacto é que, respecto do financiamento, quedemos sentados, e o que nos dean de Madrid ben estará. Para iso non fai falta ningún pacto, que o arranxen en Madrid e nolo digan. Nós pensamos que temos que deixar de ser espectadores, porque, como comprenderá, non podemos entender nin aceptar que vostede, despois de dezaseis anos de presidente da Xunta, o único que teña que dicir sobre o financiamento é que lle parece moi mal o que están preparando en Cataluña. ¡Algo teremos que dicir nós! ¡Fagamos a nosa propia proposta! Fagámola valer, porque Galiza precisa unha proposta propia, non nos vale nin a de Euskadi nin a de Cataluña nin a doutra parte, temos que facer unha proposta propia. E esa é a que temos que negociar e pactar aquí.

Vostede, cando fala do pacto para o Senado, dinos que o Senado hai que reformalo para que todos sexamos iguais. Pois non, señor Fraga. Permítame que lle poña un exemplo, sempre recorro ao mesmo, e é porque teño uns grandes amigos alí e é o primeiro que se me vén á cabeza. Eu estou convencido, intimamente convencido, profundamente convencido, de que os cidadáns galegos, como individuos e como persoas, somos exactamente iguais que os cidadáns de Murcia, e non permitiría, desde logo, nin coa miña pasividade nin coa miña actitude, que nalgún momento os cidadáns

galegos tiveramos, como dereitos individuais das persoas, máis do que poden ter os cidadáns en Murcia. Pero, señor Fraga, en termos autonómicos, nacionais ou de dereitos colectivos, Murcia non é o mesmo que Galiza; e vostede o que pretende é equipararnos por abaixo. Iso é exactamente o que non se pode facer, e iso é o que vostede propón.

Por último, e para acabar cos pactos, pactos polas infraestruturas. ¡Oxalá! Eu propuxen hoxe aquí un pacto social para que Galiza teña unha postura de país diante dun tema tan importante coma ese. A min deume a impresión de que vostede non propuña un pacto, vostede propuña outra vez unha guerra de propaganda, e niso, desde logo, con nós non conte, nin para a guerra nin para a propaganda, entre outras cousas porque vostede xa experimentou ese camiño e os resultados foron cero, señor Fraga, e a xente o que quere son resultados. Por iso o que temos que ter é unha postura de país, sermos capaces de decidila.

Os gobernos están para unir a xente, non para dividila. Este Goberno que imos formar estará para unir a cidadanía galega, e cando teñamos a toda a cidadanía galega detrás, seremos invencibles, en Madrid, en Europa e no mundo, e niso teñen que colaborar vostedes. Esquezan a propaganda, porque lle vou dicir unha cousa, señor Fraga, a min non me van tourear como o tourearon a vostede, nin Aznar, nin os de agora; pode estar seguro diso, totalmente seguro.

E, para rematar, señorías...

A señora PRESIDENTA: Perdoe un momento, señor Quintana.

Rógolles encarecidamente aos deputados e deputadas que garden o silencio necesario para que o señor Quintana poida facer a súa intervención. E pídlollo moi especialmente aos deputados e deputadas que teñen experiencia nesta Cámara, algúns dos cales aínda teñen responsabilidades políticas superiores.

Moitas grazas a todos.

Señor Quintana, pode seguir.

O señor QUINTANA GONZÁLEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Remato xa porque, de todo o que escoitamos, ademais disto, penso que o podemos resumir rápido. Segundo o Partido Popular, en Galiza non hai emigración. Sería bo que llo puidera dicir así, directamente, como nolo dixeron a nós, algunha nai desas que teñen os seus fillos en Canarias.

¿Listas de espera? En absoluto, *peccata minuta*, algún desaxuste que outro, pero nada máis. ¿Agricultura? De marabilla e disparada, mellor ca nunca tamén. ¿A igualdade? unha trapallada feminista, iso non lle interesa á xente. Hai desigualdade porque *el mundo nos hizo así*, nada máis, e non temos nada que facer a ese respecto.

Ben, de acordo, sigan vostedes así, pero despois non se lamente diante dos medios de comunicación dicindo que o seu partido ten que mellorar a súa relación coa sociedade e buscar máis conexión coa sociedade, porque o que se ve é que vostedes non é que teñan mala relación coa sociedade, é que non coñecen a sociedade, non coñecen os seus problemas, están á marxe de todos eles. Como di agora a xente nova, dá a impresión de que perderon contacto coa nave nodriza, e eu ánimoos a que volvan á terra, porque a sociedade é outra e si que ten eses problemas. Ten eses problemas, e agora vai ter un goberno decidido a enfrontalos de cara, con responsabilidade, con carácter construtivo, colocando sempre a xente por diante de calquera outra cousa. Un goberno próximo, que non está disposto nunca a dicir que ten toda a verdade –porque en algo terán tamén verdade os demais–, un goberno disposto a converter Galiza nunha nación próspera e punteira no Estado español, en Europa e no mundo, ese é o Goberno do presidente que imos investir hoxe.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, don Ismael Rego González.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, interveño de novo en representación do Grupo Parlamento dos Socialistas de Galicia, esta vez para mostrar a nosa satisfacción por como se está a producir o debate en torno ao programa de goberno presentado polo candidato

don Emilio Pérez Touriño. Parécenos que o desenvolvemento desta sesión, o contraste de pareceres que se está producindo e as contribucións que se están a facer, poñen ben ás claras a ilusión que os cidadáns depositaron nas pasadas eleccións e que depositarán, sen dúbida, cara ao futuro de compromiso co cambio nesta terra.

O debate avanza para o diálogo, e isto, señor candidato, ten que ser un motivo de satisfacción para vostede, porque foi a principal guía da súa intervención na sesión de investidura. Xa nesta Cámara é posible, por fin, que dialoguemos todos, e algúns incluso con maior contudencia da esperada, o cal hai que valoralo de xeito moi positivo. Ata o de agora foi imposible que nos puxeramos de acordo en case nada, porque a apisoadora da maioría absoluta pasaba por riba de todo. A partir de hoxe parece que vai ser afortunadamente posible que poidamos dialogar sobre todas e cada unha das cuestións que lle afectan á sociedade galega, e teñen que entender vostedes que iso a un socialista coma min, convencido de que a tolerancia, a democracia, o diálogo e o consenso son imprescindibles para poder resolver mellor os problemas dos cidadáns, ten que enchelo de satisfacción.

Polo tanto, señorías, penso que hoxe debemos felicitar-nos todos, e especialmente o candidato que hoxe imos investir como presidente, porque se fai en torno ao seu discurso de investidura, en torno tamén á súa traxectoria política neste Parlamento, que defendeu de forma teimuda e contundente a necesidade de dialogar sobre os distintos temas nesta terra, e especialmente neste Parlamento. Con pouco éxito, por certo, ata que os cidadáns decidiron que tiñamos que dialogar, que tiñamos que entendernos, e puxeron a cada un no seu sitio. Aos que non querían dialogar, na oposición, para que dialoguen desde onde agora queren facelo. Os cidadáns non se equivocaron, señorías, acertaron plenamente nesta decisión.

Señor candidato, ten vostede –diría eu– inicialmente unha certa fortuna, porque se falou das infraestruturas, falouse moitísimo das infraestruturas neste Parlamento no debate de investidura do presidente do Goberno de Galicia. Agora ben, vostedes decatáranse de que se falou de case todas as infraestruturas, menos das que son de competencia da Xunta de Galicia. Había un famoso programa na televisión, xa hai moitos anos, que era parecido a algúns dos que aínda se manteñan na televisión de Galicia, no que saía unha

señora ou señorita que dicía: ¿Por que será? Pois por algo ten que ser. E por algo ten que ser que ao señor Fraga Iribarne lle preocupe máis que chegue o tren de alta velocidade que o número de sinistros que hai, por exemplo, na autovía do Barbanza; que lle preocupe máis que haxa boas autovías entre as grandes cidades –que son competencia do Estado e que a nós nos preocupan tamén– que, por exemplo, se faga o desdoblamento da vía rápida do Salnés; ou que se conecte o norte de Lugo con Ferrol; ou que se mellore a accesibilidade interior nas provincias de Lugo e Ourense; ou, señorías, que se faga a famosa autovía entre Santiago de Compostela e Noia, por exemplo, cuestións que levan pendentes dezaseis anos, señores.

Isto non formou parte das preocupacións en materia de infraestruturas, formaron parte outras que, sen dúbida, teñen que formar parte tamén da nosa preocupación, pero permítanme vostedes que lles diga que parece bastante estraño que no debate de investidura do presidente da Xunta de Galicia non se fale das infraestruturas do noso país. Por exemplo, que non se fale da situación da nosa política hidráulica, a nosa política de augas, a nosa política de saneamento e abastecemento, e que non se fale, sobre todo, señorías, dos estudos que saen un día tras outro e que din que o 50% da poboación de Galicia ten en estado deficiente os servizos de saneamento e tratamento de vertidos residuais. Que non se fale disto nunha sesión de investidura do presidente, que estas cuestións non se aborden; que non se fale de como temos en precariedade absoluta o 45% da poboación en materia de abastecemento de augas; que non se fale, no país no que máis chove de España –señor Barreiro, vostede ri e a min faime moita graza que vostede ría deste tema–, de que aínda hai concellos que teñen neste momento baixo sombras de dúbida moi serias o abastecemento de auga para este mesmo verán, dezaseis anos despois de que levan vostedes gobernando.

Sobre todas estas cuestións e todas estas preocupacións en materia de infraestruturas dá a sensación de que deberíamos de poñer algún elemento de preocupación, pero non foi así. Afortunadamente, púxoo o candidato no discurso de investidura e poñerá, sen dúbida, o Goberno na acción futura que levará a cabo. Polo tanto, señorías, poden estar tranquilos os cidadáns, porque todas estas cuestións van ser, sen dúbida, abordadas.

Temos que falar, señor presidente da Xunta en funcións, das políticas de igualdade. Aquí vostede non ofreceu ningún

pacto, e eu diríalle que tamén é bo que falemos dese tema, e demostrou vostede, coa súa intervención está mañá, que é necesario un grande acordo neste Parlamento en torno a iso. Seguramente que no Concello de Vilamarín vostedes teñen máis mulleres que homes na corporación porque non teñen suficientes homes para poñer. Segundo o seu discurso será por iso, non será por outra cousa. E recórdolle, señor presidente da Xunta de Galicia, que o Goberno da nosa Comunidade é o segundo de España que ten menos mulleres no seu Executivo (*Aplausos*). Non será, señor presidente da Xunta de Galicia en funcións, porque en Galicia non haxa mulleres que lle vailan a vostede para incluílas no seu Executivo coa mesma capacidade que a dos homes. Recórdolle a vostede, señor presidente da Xunta de Galicia en funcións, e vin que o aplaudían algunhas compañeiras súas de escano, que non podo entender que non haxa no seu grupo parlamentario mulleres que sexan capaces de estar na Mesa do Parlamento, para que vostedes puideran levar tamén a democracia paritaria á Mesa que dirixe este Parlamento, señor presidente da Xunta de Galicia. Parece que aquí teremos que falar de políticas de igualdade, señor presidente, sen dúbida, porque os seus plantexamentos neste tema a min péreceme que non son acordos cos tempos que corren no noso país, e mesmo non son acordos co respecto que merecen as mulleres da nosa terra; tamén os homes, pero as mulleres, neste caso, méreceno e moito, señor presidente da Xunta de Galicia en funcións. Polo tanto, a nosa oferta de diálogo en todos os campos, tamén neste, é que debere-mos seguramente legislar tamén sobre esta materia, e o Grupo Parlamentario Socialista, de acordo co Goberno, non se preocupe vostede que traerá as súas correspondentes iniciativas sobre esta situación á institución parlamentaria, para que todo isto poida resolverse.

Respecto do Estatuto de autonomía, a verdade é que vostede estableceunos aquí certos medos. É verdade que hai vontade de contribuír e de dialogar sobre a reforma por primeira vez. Gustaríame recordar que o debate sobre o Estatuto de autonomía, señorías, se inicia na pasada lexislatura, sobre todo o da reforma do Estatuto, ao inicio desa lexislatura que acaba de rematar, e iníciase cunha proposta de Emilio Pérez Touriño que plantexa a necesidade de ir a un proceso de avaliación e optimización da nosa capacidade de autogoberno, chegando a incluír a reforma do Estatuto de autonomía. Daquela, señor presidente da Xunta de Galicia en funcións, vostede dixo, en contestación a esa proposta do daquela portavoz socialista, que a reforma do Estatuto era cousa de maio-

res, esa foi a súa resposta. Hoxe, afortunadamente, dá a sensación de que cambiou vostede de talante. É verdade que bloqueou a posibilidade de que se puidera constituír unha ponencia parlamentaria para abordar a reforma do Estatuto de autonomía durante toda a pasada lexislatura. Os socialistas galegos, xunto co outro grupo da oposición, impulsamos a posibilidade de crear esa ponencia en varias ocasións. O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ata tres, as mesmas que vostedes pisotearon a iniciativa coa súa maioría absoluta, como se fose unha auténtica apisoadora. Hoxe parece que vai ser posible facelo, pero non debe esquecer ninguén que vai ser posible facelo despois de que os cidadáns galegos decidiran que se puidera facer. Por certo, igual que pasou en España. En España tampouco era posible mover nada, non era posible que se movese nada no modelo territorial, ata que os españois decidiron, con claridade e con contundencia, que era posible mover todo, ata o Goberno e a maioría absoluta que o impedía. Movérono, e hoxe pode falarse do modelo territorial con absoluta tranquilidade e da España plural que todos merecemos construír coa maior eficacia e coa maior utilidade posible para resolver mellor os problemas que lle afectan á nosa cidadanía.

Esa, e non outra, é a vontade do Grupo Parlamentario dos Socialista cando fala da reforma do Estatuto de autonomía. Non falamos de ningunha outra vontade, nada máis que de dotarnos dun instrumento que nos permita resolver mellor os problemas dos cidadáns, todos os problemas dos cidadáns, que, desgrazadamente, aínda son moitos na nosa terra. A reforma do Estatuto non os vai resolver por si soa, sen dúbida, fai falta a actuación e a vontade inequívoca do Goberno para poder resolvelos, pero vai axudar tamén, sen dúbida, a poder facelo.

Señores deputados e señoras deputadas, o peor que lle pode pasar a un gobernante, señor Fraga Iribarne, é non ser consciente do que pasa no seu país, e vostede, nalgunhas afirmacións que fixo hoxe aquí pola mañá en materia de emprego e en materia de listas de espera, eu non lle quero supoñer mala vontade, e, sobre todo non lle quero supoñer que vostede estea aínda nesa campaña de propaganda, eu penso que, realmente, ou alguén o está enganando a vostede, ou vostede non acaba de ver o que está pasando ao seu redor.

Mire vostede, é un feito incontestable, recoñecido por todos e mesmo recollido nos estudos da propia Xunta de

Galicia, que cada ano, como mínimo, teñen que marchar de Galicia 15.000 mozos a traballar, e eu, señor presidente do Goberno en funcións, négome a pensar que o fagan porque queren marchar. Non é verdade, é inxusto para os mozos do noso país que vostede diga, aínda como presidente da Xunta de Galicia, esa afirmación. Non queren marchar, o mercado laboral galego non lles ofrece ningunha oportunidade e, sobre todo, non lles ofrece ningunha oportunidade acorde coa formación que recibiron, señor presidente da Xunta.

Polo tanto, fixeron vostedes un modelo económico que expulsou a miles de mozos da nosa terra, e non soamente os expulsou, é que os segue aínda expulsando, señor presidente da Xunta. Desde logo, teñen un modelo económico que está permitindo unha situación de mercado laboral que se acerca moito á escravitude. Dígolles por que, e vostedes sábeno. Vostedes seguramente teñen fillos e, se non teñen fillos, viven ao lado de xente que os ten. ¿Vostedes non escoitaron algunha vez que a oferta que se lles fai a moitos mozos que queren insertarse no mundo laboral son contratos de catro horas para que traballen oito ou dez? ¿Non lles sona isto a vostedes? ¿Sónalles ou non lles sona? ¿E non lles sona a vostedes que parte deses contratos que se lles ofrecen aos mozos de catro horas para que traballen dez, ou oito, son horas que están financiadas ou teñen axudas con fondos públicos que proceden da Administración autonómica? ¿Verdade que estas cousas saben que pasan? ¿Pero verdade que consideran intolerable que pasen? Pois é intolerable, considéreno ou non o consideren. É absolutamente intolerable, señor presidente da Xunta, e isto está a pasar no noso país cos nosos mozos; por iso marchan e non por outra razón, porque lle queren á súa terra tanto coma vostede e como os que estamos aquí, pero teñen que marchar porque non teñen ningunha outra expectativa de emprego neste país. Iso é o resultado e as consecuencias da súa política e da do señor Orza, que xa o vexo que rosma, porque estas cousas non gustan. (*Murmurios.*) Xa sei que non gustan, pero hai que dicilas, porque os cidadáns as saben, e eu o que quero é que quede claro que vostedes tamén as coñecen. E sobre todo porque teño verdadeira gana de que o próximo Goberno o resolva, ¿sabe vostede? O máis fácil para o Grupo Parlamentario Socialista sería esconder a cabeza, meter a cabeza debaixo da ala, e dicir: miren, esta realidade non existe e imos seguir como estabamos. Pois non, a sociedade galega sabe que iso está pasando, e o Goberno que se vai facer cargo dos destinos do país ten que sabelo tamén. ¿Para que?

Para poder abordalo. Porque non hai nada que se resolva se o Goberno primeiro non se fai cargo de que existen esas dificultades. Esa é a única maneira de resolvelas, tendo en conta primeiro que existen esas dificultades, señorías.

Polo tanto, señor presidente da Xunta de Galicia, eu xa advertín –e díxeno o con certa modestia– que ía falar das listas de espera, dun tipo de listas de espera que xa sei que non é compartido; pero miren vostedes, eu falei das listas de espera que sofren os cidadáns, que sofren todos os días os cidadáns, e, por certo, todos e cada un de vostedes o saben perfectamente. Saben perfectamente que as sofren os cidadáns. ¿Como as sofren? Os días que esperan, os días que esperan máis que no resto de España e as condicións que crean en moitas situacións familiares as longas esperas do Servizo Galego de Saúde.

Eu falei das listas de espera, eu ben sei que hai outras, as dos señor presidente da Xunta, as da televisión pública de Galicia, as da Radio Galega, as que pon a páxina web da consellería; xa sei que as hai, e a min gustaríame que esas listas de espera, as oficiais, foran as que disfrutaran os cidadáns, gustaríame que esa, cando menos, fora a realidade, pero o problema é que non o é. Hai listas de espera –díxenlle pola mañá– de anos, e vostedes sábeno mellor ca min; e algún de vostedes moito mellor aínda. E o señor presidente da Xunta debería de sabelo. Eu ben sei que despois de que vostede convocou as eleccións empezaron a convocar *peonadas* a esgalla en todos os quirófanos. Claro que bloquearon os quirófanos, claro que bloquearon os hospitais, claro que chamaron a todo o mundo, aos públicos e aos privados. Xa veremos, cando chegue o novo conselleiro de Sanidade, o que pode facer el cos recursos que vostedes deixen no que queda de ano; xa veremos o que se pode facer. Pero, en calquera caso, o que fixeron non resolveu o problema, porque ese tipo de operacións non resolven o problema, ese é un problema estrutural que teñen vostedes por unha negligente xestión á fronte dos servizos do Sergas. Polo tanto, unha cousa son as listas de espera que sofren os cidadáns e outra cousa son as listas de espera daqueles que pretenden esconder a súa ineficacia de xestión e traen cifras absolutamente enganosas para trasladarllas á cidadanía.

Mire, señor presidente da Xunta, vostede –remato xa, señora presidenta– puxo algunhas sombras de dúbida sobre a coalición de goberno. Incluíu aquí algunhas sobras de

dúbida, serias algunhas, por certo, sobre a coalición de goberno. Por certo, unha coalición de goberno que fixo un acordo de goberno absolutamente transparente, con luz e taquígrafos, que é coñecido por toda a cidadanía, e, polo tanto, maior transparencia é imposible, e explíqueino esta mañá con bastante claridade. Pero, mire vostede unha cousa: todos os cidadáns saben o resultado dese acordo de goberno, coñéceno todos; e a min sorprendeume moitísimo as sombras de dúbida que vostede pon sobre iso, señor presidente da Xunta de Galicia en funcións.

O pasado ano houbo unha situación certamente seria no noso país que o obrigou a vostede a chegar a un acordo co señor Baltar, e o señor Baltar dixo que ese acordo tiña consecuencias para Galicia e para o Goberno de Galicia, na economía e noutro tipo de actuacións en materia de infraestruturas; díxoo o señor Baltar. Cansámonos os grupos da oposición de pedirlle a vostede que viñera a este Parlamento a explicarnos cales eran as consecuencias dese acordo, porque se fixo, como vostede reconece e sabe perfectamente, sen ningunha luz e sen ningún taquígrafo. Pedímoslle a vostede que, como presidente da Xunta, viñera aquí e nolo explicara; pero non o logramos aínda hoxe. Mire vostede, é aí onde está a diferenza, en dous partidos que son capaces de chegar a un acordo, de establecelo con claridade, con luz e taquígrafos. E vexa vostede a situación na que estaba: con maioría absoluta nesta lexislatura, tivo que facer un acordo e non foi capaz de explicalo neste Parlamento. Ppor certo, a súa obrigación era darlles unha explicación a todos os galegos e a todas as galegas unha vez que hai un responsable político do seu partido que di que ese acordo ten consecuencias para o Goberno de Galicia, ou sexa, que ten consecuencias sobre a súa responsabilidade política como presidente. Vostede tería que telo explicado, pero non o fixo. Outros si o fixeron, e estableceron luz e taquígrafos. Polo tanto, moita ilusión, moita esperanza e moito futuro para o novo Goberno.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o portavoz do Grupo Popular, don Manuel Fraga Iribarne.

O señor FRAGA IRIBARNE: Moitas grazas, señora presidenta.

Señoría, eu teño a impresión de que me equivoquei de debate por que pensei que estabamos debatendo sobre o dis-

curso do señor candidato e estamos discutindo a moción de censura contra o anterior presidente. (*Aplausos.*) Pero, en definitiva, falaba o señor Quintana de matices, e teño que dicir que hai unha canción mariñeira que me gusta moito: “Vexo Vigo, vexo Cangas, tamén vexo Redondela...” ¿verdade? Ese é o problema. (*Risos.*) Segue: “Vexo a Ponte de Sampaio, camiño da miña terra”.

Nun momento en que os países quedaron pequenos, que teñen que facer a Unión Europea, fracasada nos países onde non hai maioría clara –os países quedaron pequenos ao lado dunha China con 1.300 millóns de habitantes ou dunha India con 1.100 millóns–, romper as nacións é unha barbaridade, e chamar nacións, como chamar rexións, ao que non son nacións nin rexións, é xogar coas palabras; e non teño máis que dicir sobre isto porque, evidentemente, eu non quixen nunca evitar o cambio. O cambio estíbese facendo en Galicia, agora veremos se, en vez de cambio, hai ruptura.

En canto ás observacións do meu paisano, teño que dicirlle que os datos que citou da balanza demográfica de Galicia son absolutamente exactos, pero é algo que non se lles pode prohibir aos galegos. Se os galegos xa non queren embarcar e hai que traer ecuatorianos, non é por que non haxa postos de traballo na pesca, é porque é moi duro o traballo do mar, esa é a historia. E, se un quere ir a Fuerteventura, ten perfecto dereito a facelo, pero a balanza entre os nosos emigrantes hispanoamericanos retornados e os que veñen doutros países, neste momento é absolutamente clara e sen dúbida de ningunha clase.

En fin, eu teño que dicir, volvendo ao discurso do señor Touriño, que sobre a preocupación pola coalición de goberno xa falei, pero as indefinicións que observamos en canto chegamos a un asunto delicado é evidente que aí están e vense na imprecisión de discursos planos como os que escoitamos. Por certo, señor Quintana, cando fala de matices hai que falar de que había un matiz, que era o señor Beiras, con quen, porque me deu a man aquí, algúns se enfadaron. E el, que chegara a igualar practicamente a forza do Bloque e a do Partido Socialista, neste momento está nas tebras de fóra. (*Aplausos.*)

Despois disto, teño que dicir que se falou de partidismo no gasto público –que é absolutamente falso– que fixo o Goberno que temos nestes anos. Pregúntelle ao alcalde de Santiago.

Falou vostede de convenios: son obras (na estrada de Nadela-Sarria, na estrada de Santiago-Brión); obras que afectan a un 57% de concellos do PP, que é unha proporción moi inferior á que temos no conxunto dos concellos en toda Galicia.

En canto á educación privada, en todos os países do mundo se reconece esta competencia, pero o de controlar as caixas de aforros non se fai en todas as partes, ocorre precisamente en sitios onde hai un nacionalismo moi desenvolto que quere converter en nacións o que non o son.

Ben, en canto aos medios de comunicación, nós estamos encantados de que se plantexe o problema da independencia. ¿Sabem como escollín eu ao actual director xeral, que é un magnífico administrador e un magnífico director de radio e televisión? Por unha tese de doutoramento. Vin que en Santiago había unha tese de doutoramento sobre os medios de comunicación en Galicia –eran cinco tomos así–, vin que era o que máis sabía diso en Galicia, e fíxoo perfectamente; agora pactarémolo –dentro dun ano supoño, porque ata ese momento non se falou dese asunto–.

Volvo repetir que, en relación cos fondos comunitarios en Galicia, no ano 2001 o señor Barnier, comisario europeo de Política Rexional –e teño aquí un recorte de *La Voz de Galicia*, que non é sospeitosa–, dixo con toda claridade que a considera unha rexión modélica na xestión de fondos europeos, e así é.

Do mesmo modo que, cando se falaba esta mañá da euro-rexión Norte de Portugal-Galicia, teño que dicir que é o exemplo dunha eurorrexión ben feita, e na cal creo que tiven algunha parte, e que, como é natural, permitiu que todos os fondos europeos que viñan de ambos os lados se gastasen sensatamente e, naturalmente, con acordos mutuos.

As políticas de concertación e precariedade no traballo, evidentemente, son complexas en todas as partes, pero é unha lexislación socialistas que neste momento o Goberno de Madrid está considerando e que xa plantexou o señor Solbes. É evidente que coas normas actuais de despido é moi difícil evitar que haxa moitos contratos precarios. Pero, repito, esa lexislación fixoa o seu partido no seu Goberno anterior.

En todo caso, o 5 de outubro do 2004 aprobamos por unanimidade neste Parlamento galego a posta en marcha do

Plan polo emprego estable e de calidade xa presentado aos axentes sociais o primeiro de abril deste ano. Entre os anos 1998 e 2004 os contratos indefinidos medraron en Galicia preto dun 43%, asináronse 421.043 contratos indefinidos; os contratos indefinidos incrementáronse un 10% máis que os contratos temporais.

Territorio e medio ambiente. Nós estamos encantados de que estean a favor das áreas metropolitanas, que están recollidas de directrices de ordenación do territorio que son as máis cumpridas e as máis perfectas que hai en España, pero aparecen agora estas misteriosas “rexións”, das que non se sabe cales son os seus límites territoriais, as súas competencias etc.,. Haberá que volver empezar para saber como se conxugan cos concellos, que si están recoñecidos con autonomía pola Constitución; coas provincias, ás cales hai un novo ataque, como xa fixo o tripartito; e mesmo coas comarcas, que xa estaban organizadas utilizando unha facultade que nos deu, e da que fixemos uso por primeira vez, o Estatuto galego. Estatuto galego, por certo, do cal se ten falado varias veces aquí polos diversos intervenientes, do cal se falou porque, efectivamente, despois da aprobación do Estatuto catalán e do Estatuto vasco, houbo un intento do Goberno da UCD de entón, de acordo co Partido Socialista, para restrinxir as demais. Foi a famosa “aldraxe”.

Pois ben, os dous representantes que tiña entón Alianza Popular –un dos cales era eu– retirámonos da comisión, e despois, cando se aprobou a LOHAPA para facer por outro lado unha restricción das autonomías, opuxémosnos. Nós non queremos desfacer España, esa gran nación, famosa no mundo enteiro, creadora dunha lingua que é unha lingua franca universal, na que se escribiu *O Quixote*, pero non estamos dispostos, desde logo, a partila en cachos, e si a defender a autonomía, perfectamente compatible coa unidade.

En todo caso, se os presupostos do Estado son os mellores da historia, ¿por que o señor Quintana persoalmente presentou e votou un veto aos presupostos do Senado por ser contrarios, segundo eles, aos intereses de Galicia? Eu teño que dicir que eu, cando digo que o Estatuto ten que ser conforme á Constitución, non digo que sexa como eu digo, digo que sexa como é segundo a Constitución. Isto non o digo eu, dío o presidente do Partido Socialista, o señor Chaves; dío o señor Guerra, que hoxe está á miña dereita, porque é máis

conservador ca min (*Aplausos.*), e ao que eu respecto –respecteino sempre porque é un home culto e di sempre o que pensa–. Pero teño que dicir que, efectivamente, hai cousas coas cales non se pode bromear.

A soberanía, segundo a Constitución, reside no conxunto do pobo español; non se pode xogar cos termos. E dise, como fan os cativos ás veces: se esta rapaza trae unha pluma no cabelo, pois que todas poñan unha pluma. Non, non é iso. As situacións económicas, os problemas concretos do financiamento de Cataluña, do País Vasco e de Galicia son completamente diferentes, e por iso nós pedimos non o mesmo nivel para todos senón unha cousa acordada por todos, que é completamente diferente; e isto tamén está na Constitución.

Señor presidente, eu non teño máis que dicir. Nós mantemos que o récord dos últimos anos foi bo. Cremos que o sistema das coalicións, que algúns ponderan como mellor, non o é. Que é mellor un sistema coma o británico ou o americano, no cal un partido gaña as eleccións e o outro pasa á oposición, o cal permite facer maiorías e desfacelas igualmente. Que neste momento entramos nun período de incerteza, sen experimentación ningunha, no cal volvo, señor presidente, a desexarlle todo o mellor e moita sorte. Nós, no que poidamos, axudáremolo, pero dentro dos límites da Constitución que nos demos nestes vinte e cinco anos e con todas as súas institucións tal como están.

Moitas grazas pola súa atención. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Se o señor candidato quere facer uso do seu dereito de dúplica, ten a palabra.

O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño): Señora presidenta, señorías, quero, en efecto, dicir unhas últimas e breves palabras antes de que a presidenta da Cámara dea por pechado o debate e teña lugar a votación.

Quixera, inicialmente, referirme e recapitular a síntese do que considero máis substancial en relación con este debate de investidura e, en particular, coa proposta que fixen en nome da maioría parlamentaria. Porque en torno a iso creo que se pode garantir a solvencia, a estabilidade e, ben seguro, o rumbo, o norte da marcha do país, da comunidade que

queremos construír entre todos desde o diálogo, a unión e a transparencia que veño reclamando.

Plantexei no debate de investidura unha proposta clara de transformación, de renovación política e de modernización do país, e plantexei en torno a seis eixos básicos cargados de contido na exposición de desenvolvemento programático.

O primeiro, o reforzamento de Galicia como realidade política e institucional, como Comunidade Autónoma. O segundo, a necesidade de impulsar e fortalecer, á súa vez, a presenza de Galicia en España e en Europa, comprometida plenamente co proxecto da Unión Europea e co proxecto de convivencia común en España. En ambos os dous casos, probablemente a pedra nuclear de ambos os dous elementos pasa por esa necesaria reforma do Estatuto de autonomía.

Quero, moi brevemente, volver reafirmar os elementos básicos, porque non creo que deba quedar –e preocúpame fundamentalmente que quede– a máis mínima sombra de dúbida, de incerteza, de xeración de expectativa de incerteza, despois deste debate de investidura, sobre o que temos que facer. Porque temos moi claro, e teño moi claro, profundamente claro, o que hai que facer.

Tñaio claro –recordábo o portavoz parlamentario socialista–, señor Fraga, hai xa practicamente catro anos. Daquela, un 25 de xullo, propuxen a necesidade de avaliar a fondo, desde unha ponencia común e compartida en sede parlamentaria, ata onde fomos quen de chegar no desenvolvemento do Estatuto de autonomía. Daquela, mediante iniciativa na Cámara –ás que sucederon outras, tamén do propio BNG– plantexei a necesidade de crear unha ponencia parlamentaria que abriera o camiño á reforma, á renovación, á revisión, do Estatuto de autonomía.

Daquela tamén –teño que reiteralo e recordalo, dada a énfase que vostede mesmo pon nas súas palabras, lexítima, pero que merece unha reflexión– vostedes non estaban de acordo. Non sei aínda... No fondo, pasaron os catro anos da lexislatura e non acabei de entender cales eran as razóns, señor Fraga, polas que vostedes se opoñían a abrir un camiño que estaban abrindo outras comunidades autónomas e que abriron, de certo, outras comunidades autónomas: Andalucía, Valencia, Cataluña e o País Vasco. En España come-

zaba un proceso de reflexión, de análise, de apertura e de diálogo interno en cada comunidade autónoma para abrirelle o camiño á adaptación, á posta ao día, á mellora do Estatuto de autonomía. Díxeno pola mañá e reitéro: xa é historia, pero a historia débenos facer reflexionar, e espero a reflexión do Grupo Parlamentario Popular. Creo sinceramente en que agora teñen clara a necesidade de afondar na reforma.

Para min, as condicións –e para o acordo do Goberno que acabamos de subscribir– están moi claras. As condicións básicas, o marco de contorno, é claro e suficientemente nítido para non ter problemas de incerteza máis alá das lexítimas posicións que cada partido teña. O primeiro é, claramente, que iso ten que saír –e temos que facer o esforzo para que así sexa– por acordo entre as tres forzas políticas; non só porque estea así no propio Estatuto para a súa reforma, senón, fundamentalmente, xunto con iso, porque é de sentido común. Politicamente, non tería ningún sentido que intentáramos modificar as nosas regras de xogo por unha decisión unilateral dunha maioría sobre unha minoría, por moito que haxa maiorías e por moito que haxa minorías. Nun tema nuclear de país, temos que chegar necesariamente a un acordo.

Polo tanto, creo que a primeira mensaxe que debemos darlles aos cidadáns é que teñan a garantía de que queremos e imos reformar o Estatuto e que o imos facer por consenso, por acordo e por concertación. Entón, claro que si, teremos que dialogar, señores do Partido Popular, señor Fraga. E teremos que dialogar todas as forzas políticas.

Eu podo dicir –non o dixen ata o de agora, porque está publicado como tal, está en internet, está á disposición de toda a cidadanía galega– que o Partido Socialista de Galicia, no seu día, como partido –eu hoxe aquí non estou falando en nome do Partido Socialista, por iso non quería dicir isto... (Interrupcións.) Non, perdón, vouno dicir porque o podo dicir e teño todo o dereito a dicilo. Ademais, non pasa nada, é bo que o diga. Como Partido Socialista de Galicia nós temos aprobadas as bases da reforma dun Estatuto de autonomía nas que, como partido, expresamos como cremos que debe ser ese novo Estatuto de autonomía, e aí, con claridade, falamos de Galicia como nación. Polo tanto, non hai ningún problema de falta de expresión, de falta de claridade; falamos con claridade, sabemos o que queremos. Pero, dito iso, sei perfectamente, sabemos perfectamente, que o temos

que facer no marco da Constitución e por concertación; polo tanto, teremos que dialogar desde o criterio que cada partido pode ter do país, do que cre que é o país e de por onde debe camiñar polo país. Pero paréceme máis importante poñer por diante o método, as bases para chegar ao acordo, para que finalmente Galicia non quede atrás.

Creo que ningún parlamentario desta Cámara quere que, nese marco da concertación e da Constitución, Galicia quede por detrás de ninguén nesta terra que é España. Queremos estar na primeira liña en todos os terreos: no terreo identitario, no terreo do estar, no terreo da converxencia real, no terreo do benestar e no terreo da calidade de vida. E, polo tanto, por iso son profundamente optimista e non teño as dúbidas e a incerteza que vostedes transmiten, señor Fraga. Teño que dicirlle que teño unha profunda confianza e que son de natureza profundamente optimista, porque creo na democracia, creo no diálogo, e creo no sentido común, no amor á terra e no compromiso con este país de todos os deputados e deputadas desta Cámara.

Estou seguro de que atoparemos un camiño, cheo de esforzo, complexo, cheo de lealdades e de xenerosidades para ser quen de dar o mellor de nós e ter ese Estatuto nese marco e nese contexto. Un Estatuto que nos permita avanzar, un Estatuto que permita un longo percorrido, máis alá dunha xeración; un estatuto que contribúa a esa segunda modernización, a ese impulso modernizador, a ese impulso de progreso que este país necesita. Aí teremos que facer o esforzo, e ímolo facer, pero non teñamos que introducir de entrada –dicía eu antes– os nons, os aspectos negativos; busquemos aquilo que nos una, sabendo que todos os partidos políticos defenderemos a posición propia lexitimamente, pero o diálogo e a concertación significará renuncias e buscar puntos de encontro.

Por certo, cando falaba de escenarios, falaba de España e falaba de Europa e poñía unha énfase que o honra na defensa das súas posicións, señor Fraga. Non é menos certo que, se hai unha posición cerrada, se hai unha posición defensiva, se hai unha posición que non quero cualificar con máis dureza da estritamente necesaria na miña función hoxe aquí, neste debate de investidura, é xustamente a do Partido Popular de España, ao que vostede pertence, que está desde hai moito tempo encerrado en posicións que non permiten superar esa necesaria ecuación na que a diversidade forma parte

da cohesión de España e a cohesión nacional non pode existir senon recoñecendo a diferenza e a diversidade que hai neste país.

Necesitamos facer un esforzo no ámbito nacional, no ámbito español, para facer posible ese equilibrio, esa ecuación complementaria, entre diversidade e cohesión. Necesitamos saber que o bilateralismo, a dinámica de agravios comparativos, é o peor inimigo da unidade e da cohesión nacional; que España a temos que construír desde o recoñecemento da diversidade, da pluralidade e das distintas entidades que a compoñen. Nese esforzo estamos todos comprometidos, estou seguro de que tamén participarán del todos plenamente.

En terceiro lugar, falaba do afondamento da democracia, do necesario esforzo de modernidade política; de renovación e de rexeneración democrática; do desenvolvemento económico, intenso e rápido, para poder acurtar camiños e distancias. Porque marcharían ben ou non marcharían ben os últimos anos –non vou entrar nesa análise, porque xa non ten ningún sentido–, pero temos que ter conciencia dos retos, das diferenzas e das distancias que aínda temos coa Unión Europea e coas comunidades máis avanzadas de España. Polo tanto, necesitamos un novo modelo económico que, apoiándose no feito, permita avanzar no terreo da investigación, da innovación, do emprego de calidade, da protección medioambiental, do coidado do patrimonio e das riquezas, da creación do valor, de todo aquilo que nos permita camiñar rápida e intensamente creando emprego e achegándonos a Europa e ao mellor de España.

Citaba en quinto lugar, como eixo fundamental, a calidade e o fortalecemento dos servizos públicos, a extensión da igualdade social; unha sociedade cohesionada e integrada onde todo o país, cada cidadán, cada galego, cada galega, se poida sentir realmente incluído dentro dese proxecto común e compartido de país, de comunidade.

Por último, a defensa da lingua e da cultura, entendendo a cultura como a defensa e a creación permanente da liberdade, como o respecto á tolerancia e á pluralidade dunha sociedade; a cultura como o mellor dos valores e a mellor capacidade de xeración de país, de imaxe e de exportación tamén de valores e de riqueza.

Tratábo de sintetizar e queroo sintetizar finalmente, porque gobernar é, desde logo, discorrer polas curvas, polos meandros do camiño, pero gobernar é, xunto con iso, saber que cada curva que un toma vai na dirección acertada, na dirección do horizonte final. Gobernar é ter claro cal é o horizonte, cal é a liña do horizonte á que un quere achegarse. A liña do horizonte de Galicia, non temos dúbida desde a maioría parlamentaria –espero finalmente que cada vez esa maioría sexa capaz de gañar en presenza política e social e que poidamos coincidir máis–, é un espazo de modernización de Galicia, de impulso do autogoberno e de cohesión como país.

En todo o programa que presentei de investidura, en nome da maioría, hai unha tensión e un impulso modernizador, de modernización produtiva, de modernización tecnolóxica, de modernización educativa, de modernización en todos os terreos; hai un compromiso co impulso do autogoberno no sentido que antes acabo de expresar; e hai, tamén, a sensación, o compromiso e a necesidade de crear entre todos un país máis integrado, máis cohesionado socialmente e territorialmente. Esa é, en síntese, a idea, que se pode condensar na idea de que necesitamos unha Galicia máis forte, unha Galicia máis segura de si mesma, unha Galicia sen complexos.

Un país forte e unha Galicia forte non é se non, señorías, un país onde as institucións están plenamente asentadas, cada vez máis, e profundamente respectadas; é unha economía saudable en termos económicos e avanzada tecnoloxicamente; é unha cidadanía consciente, unha cidadanía forte, chea, realmente, de valores cívicos e democráticos; é unha sociedade, por último, integrada e cohesionada. Esas son, sen dúbida, ao noso entender, ao meu entender, as características que perfilan esa Galicia forte á que queremos chegar e á que nos queremos comprometer neste traballo conxunto, neste esforzo comprometido desde a maioría parlamentaria, desde o Goberno que aspiro a presidir, e tamén, finalmente –como digo–, coa vocación e o compromiso de ampliar, de escoitar e de debater e intentar incorporar o mellor da oposición nun traballo conxunto de toda a Cámara.

Quero rematar agradéncellos aos grupos parlamentarios o ton construtivo en que, en todo caso, se desenvolveu este primeiro gran debate político da lexislatura. O Grupo Popular anunciou o seu voto contrario á investidura, pero expresou tamén –e recoñézollo– a súa disposición a manter

unha actitude de diálogo para chegar a acordos en todo aquilo que vaia no interese xeral de Galicia. Nos dous casos, co seu voto negativo e coa súa disposición ao diálogo cumpren, non me cabe dúbida, coa súa obriga democrática.

É unha frase feita falar da leal oposición. A min, certamente, parécese máis necesaria que nunca –sobre todo despois dos anos que na oposición pasei– a lealdade á inversa, a que debe manter tamén o Goberno coa oposición, e a ela me comprometo en nome do Goberno. Calquera que sexa o ámbito e a intensidade das nosas discrepancias, poden contar, desde agora, coa lealdade do Goberno cara á oposición na tarefa compartida e común de facer país.

Quero agradecer o apoio dos dous grupos que anunciaron o seu voto favorable á investidura. Por suposto ao Grupo Socialista, ao que pertenzo, pero sen dúbida, e tamén de maneira moi especial, ao Bloque Nacionalista Galego. Podemos estar todos seguros, socialistas e nacionalistas, de que con este voto estamos respondendo a unha necesidade histórica do noso país e estamos interpretando fielmente a vontade dos centos de miles de galegos que o 19 de xuño acudiron ás urnas a votar os nosos respectivos partidos.

Quero –e permítanme esta referencia persoal e partidaria– expresar un agradecemento, no día de hoxe, moi especial e moi emocionado aos meus compañeiros de partido, que confiaron en min e foron capaces, co seu traballo político cotián, de gañar a confianza dos cidadáns. Sen o seu esforzo entusiasta eu, desde logo, hoxe non podería estar aquí. O 19 de xuño o Partido Socialista aumentou en once puntos e medio a súa porcentaxe de apoio electoral e obtivo 220.000 votos máis que hai catro anos. É, ante todo –iso é o que quero dicir hoxe aquí publicamente–, o resultado dun traballo colectivo, dun esforzo común de miles e miles cidadáns ao longo e ancho da xeografía do país, como efectivamente tamén o é de todos os militantes do BNG, dos seus simpatizantes e dos votantes que votaron esa opción política.

A nosa lexítima satisfacción impide calquera autocomplacencia, a única resposta honrada a este apoio cidadán é redobrar o noso traballo e redobrar o noso compromiso co país, con Galicia.

Señorías, neste momento no que Galicia se dispón a estreitar un novo Goberno, moitos cidadáns sentiranse satis-

feitos, porque isto responde exactamente ao que querían, outros sentiranse menos satisfeitos, porque preferirían, sen dúbida, outra situación, moitos estarán confiados no futuro e outros pode que sintan a lexítima inquedanza que sempre acompaña os momentos iniciais dunha nova etapa, pero estou seguro, plenamente seguro, de que todos eles, todos os galegos e todas as galegas de boa fe, calquera que sexan as súas preferencias políticas e calquera que fose o seu voto o 19, queren de corazón que esta nova experiencia saia ben e que os vindeiros anos sirvan para o progreso de Galicia. Ás veces, no ardor das batallas políticas entre os partidos, esquecemos que os cidadáns o que queren é que as cousas saian ben, que se alegran dos éxitos e que lamentan os fracasos, da mesma forma que todos queremos que gañe o noso equipo, á marxe da nosa opinión sobre o entrenador ou sobre a directiva. E así debe ser, porque os pobos máis admirables, os que fixeron as cousas máis importantes na historia, sempre foron os pobos que estiveron unidos, aqueles nos que, pasadas as eleccións, todos consideran o Goberno como o seu Goberno, e cada un dos membros da Cámara como un lexítimo representante do pobo, da cidadanía.

Por iso, ao comezar esta nova etapa, sabemos ben que non só temos o apoio dos nosos votantes —e así o quero recoñecer— senón tamén o ánimo e os bos desexos de toda a sociedade galega, o que fai aínda máis esixente o noso compromiso, o meu compromiso, de gobernar para todos e facelo cunha soa orientación, que será sempre servir ao interese xeral de Galicia.

Señorías, fronte a calquera ensoñación vangardista estou convencido de que a sociedade é a que lles sinala o camiño aos gobernos e non ao revés. Non teño ningunha tentación mesiánica, nin sequera un mesianismo democrático, a miña tarefa esencial será traducir os desexos da maioría social en decisións operativas de goberno, viables e coherentes entre si. Pode que aos nostálxicos da épica isto lles pareza prosaico, pero a min paréceme unha nobre e alta tarefa. Para levar a cabo esta tarefa é imprescindible estar disposto permanentemente a sumar, permanentemente a integrar e tamén manter os ollos e os oídos ben abertos, para non perder nunca o sinal que emite a cotío e constantemente a sociedade. Cando un gobernante empeza a crer que o importante é que os cidadáns o escoiten a el, e non exactamente ao revés, debe ir dando paso a outros, debe ir pensando en deixalo. Por iso

quero que este Goberno, pase o que pase, nunca deixe de escoitar a xente deste país, os mozos e os maiores, os empresarios e os traballadores, os profesores e os estudantes, os que teñen traballo e os que non o teñen, os da cidade, os do campo e os do mar.

Galicia pode dar un gran salto adiante nos vindeiros anos. Ao longo deste debate expliquei que isto non é tan só unha expresión de vontade, é que estou convencido de que se dan as circunstancias máis favorables para iso. Temos que avanzar moito e moi de présa, e para facelo sen perder o tempo faremos o que debemos facer sen deternos en certa clase de disquisicións, ás que tan afeccionados, ás veces, somos en España. Asistindo, por certo, a algúns debates da actualidade política no ámbito español recordaba estes días o que dicía no seu día Manuel Azaña: *“Nosotros debemos proceder como legisladores y como gobernantes y hallar la norma legislativa y el método de gobierno que nos permita resolver las antinomias existentes en la realidad de hoy, después vendrá la ciencia política y nos dirá como se llama lo que hayamos hecho”*.

Señorías, o autogoberno é moito máis que unha norma xurídica e unhas cantas competencias, importantes, sen dúbida. O autogoberno é ante todo a capacidade dun pobo de facerse plenamente responsable do seu propio destino, vivir cos outros, compartir un proxecto común, pero saber aceptar que o noso progreso depende, esencialmente, das nosas propias capacidades e dos nosos acertos.

Aos galegos quíxosenos, demasiadas veces e durante demasiado tempo, crear o complexo de dependencia, convencernos de que somos un pobo pasivo, que depende de axudas externas, un pobo sumiso, chegouse a dicir, pero iso sabemos que acabou para sempre, porque os galegos levan xa bastante tempo demostrando, en situacións ben difíciles, que posúen a maior das virtudes dos colectivos humanos: o orgullo cívico; iso é o que me fai confiar cegamente no futuro deste país.

Como presidente da Xunta —e remato— non podo garantir o acerto en todas e cada unha das miñas decisións, pero si o compromiso con Galicia e cos seus intereses en todos e cada un dos momentos da miña presidencia. En todo caso, como dicía Picasso, cando chegue a inspiración que nos encontre traballando.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Suspéndese a sesión ata as seis e media, hora na que se procederá á votación.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás seis e doce minutos da tarde e reiníciase ás seis e media.

A señora PRESIDENTA: Señorías, reiníciase a sesión.

Prégolles que ocupen os seus escanos.

Procedemos de seguida á votación para a elección do presidente da Xunta de Galicia.

Infórmoos de que a votación será pública por chamada. As súas señorías deberán pronunciarse, desde o seu escano, coas expresións “sí”, “non” ou “abstención”. O candidato resultará elixido se obtén os votos da maioría absoluta.

Señor secretario, proceda a sacar a sorte o apelido da deputada ou do deputado polo que vai comezar a votación. (*Murmurios.*)

Silencio, por favor.

O señor SECRETARIO (López Vidal): Señora presidenta, comeza a votación polo número un, que corresponde á señora deputada Acuña do Campo, M^a Carmen.

A señora PRESIDENTA: Comeza a votación.

O señor SECRETARIO (López Vidal):

Acuña do Campo, M^a Carmen: Si.
Adán Villamarín, M^a do Carme: Si.
Aymerich Cano, Carlos Ignacio: Si.
Baamonde Díaz, Agustín: Non.
Balseiro Orol, José Manuel: Non.
Barcón Sánchez, M^a del Mar: Si.
Bernardo Tahoces, Ángel: Non.
Blanco Álvarez, Fernando Xabier: Si.
Blanco Parga, Carlos Fernando: Si.

Bugallo Rodríguez, Ánxela: Si.
Burgo López, M^a Concepción: Si.
Cajide Hervés, M^a del Carmen: Si.
Calvo Pouso, Diego: Non.
Castelao Bragaña, José Manuel: Non.
Castiñeira Broz, Jaime: Non.
Castro García, Roberto: Non.
Cerdido Pintos, María Marta: Non.
Cerviño González, Francisco Julio: Si.
Cuiña Crespo, José: Non.
Da Silva Méndez, M^a Carmen: Si.
Fernández Leiceaga, Xoaquín María: Si.
Fervenza Costas, José: Non.
Gallego Calvar, M^a Carmen: Si.
Gallego Lomba, José Manuel: Si.
Gómez Alonso, Alejandro: Non.
González Méndez, María Amparo: Non.
Lage Tuñas, José Manuel: Si.
Lobeira Domínguez, Bieito: Si.
López Abella, María Susana: Non.
López Besteiro, Manuela: Non.
López-Chaves Castro, Ignacio Javier: Non.
López Rodríguez, Dámaso: Non.
Losada Álvarez, Abel Fermín: Si.
Mato Otero, Beatriz: Non.
Meijón Couselo, Guillermo Antonio: Si.
Méndez Romeu, José Luis: Si.
Negreira Souto, Carlos: Non.
Paz Antón, Xosé Ramón: Si.
Pérez Ares, César Augusto: Non.
Pérez Herráiz, Margarita: Si.
Pérez Touriño, Emilio: Si.
Pontón Mondelo, Ana Belén: Si.
Pose Mesura, Modesto: Si.
Quintana González, Anxo Manuel: Si.
Rego González, Ismael: Si.
Rodríguez Arias, Marta: Non.
Rodríguez Fernández, Maximino: Non.
Rodríguez Miranda, Antonio: Non.
Ruíz Rivas, Manuel Santos: Non.
Salgado Núñez, Carmen Janet: Non.
Santalices Vieira, Miguel Angel: Non.
Seara Sobrado, Laura Carmen: Si.
Sestayo Doce, Beatriz: Si.
Soneira Tajés, M^a Soledad: Si.
Sueiro Pastoriza, Alberto: Non.

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago: Si.
Toxo Ramallo, Luís María: Si.
Tomé Roca, José: Si.
Valladares Rodríguez, M^a Luisa: Non.
Varela Sánchez, Ricardo Jacinto: Si.
Vázquez Fernández, Manuel: Si.
Vega Buxán, María José: Si.
Miras Portugal, Aurelio Domingo: Non.
Rojo Noguera, Pilar Milagros: Non.
Palmou Lorenzo, Jesús Carlos: Non.
López Veiga, Enrique César: Non.
Orza Fernández, José Antonio: Non.
Barreiro Fernández, José Manuel: Non.
Núñez Feijoo, Alberto: Non.
Fraga Iribarne, Manuel: Non.
Baltar Blanco, José Manuel: Non.
López Vidal, Pablo Xabier: Si.
Pita Varela, Jaime Alberto: Non.
Paz Franco, M.^a Tereixa: Si.
Villarino Santiago, Dolores: Si.

A señora PRESIDENTA: Silencio, señorías.

O resultado da votación é o seguinte: votos a favor, 38; votos en contra, 37.

Polo tanto, obtida a maioría absoluta, proclamo elixido presidente da Xunta de Galicia o ilustrísimo señor don Emilio Pérez Touriño. *(Aplausos.)*

Señorías, por favor, non rematou a sesión.

Da elección darase conta de inmediato á Súa Maxestade El-Rei, conforme o disposto no artigo 18 da Lei reguladora da Xunta.

Levántase a sesión.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Levántase a sesión ás seis e trinta e oito minutos da tarde.



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Ronda de Outeiro, 1-3. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-255-1982. ISSN 1696-3490